

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 18**

**SESION ORDINARIA DO 27 DE NOVEMBRO DE 2006**

**ASISTENTES**

Excma. Sra. Alcaldesa  
Alonso Vázquez, Xulio  
Arias Moreira, José Carlos  
Bermúdez Pérez, Silvia  
Caballero Miguez, Gonzalo  
Calviño Rodríguez, Xullo  
Coello Bufill, Antonio  
Comesaña Abalde, Carlos  
Cotobad Tombo, Elías Carlos  
Couto Pérez, José Manuel  
Fernández Fernández, Amador  
Figuroa Vila, José Manuel  
Garrido González, Alicia

Graña Barcia, María Luisa  
Guerra Fernández, Javier Jorge  
Losada Álvarez, Abel  
López-Chaves Castro, Ignacio Javier  
Martíns Vilanova, Margarida Rosa  
Méndez Piñeiro, María Xosé  
Molares Pérez, Lucía Emilia  
Polo Lima, María Soledad  
Ruiz Cenicerros, Mauricio  
Sío Lourido, Belén  
Soto Ferreiro, Manoel  
Toba Girón, Xabier  
Vieitez Alonso, Henrique

**NON ASISTE:**

Iglesias Carrera, José Manuel

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e once minutos do día vinteseite de novembro do ano dous mil seis, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figuroa Vila, Garrido González, Graña Barcia, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Losada Álvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste o Sr. Iglesias Carrera, Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno, e mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

1.- (228).-ACTA ANTERIOR (SESIÓN 11.09.06).

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereiro, acórdase aprobar a acta coprespondente á sesión ordinaria do día 11 de setembro de 2006.

2.- (229).-TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE DON ABEL LOSADA ÁLVAREZ

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 6 de novembro de 2006, Rexistro Xeral de saída do día 11 do mesmo mes, o Presidente da Xunta Electoral Central, expide credencial expresiva de que se designou concelleiro do Concello de Vigo a D. Abel Losada Alvarez, por estar incluído na lista de candidatos presentada polo Partido Socialista de Galicia-PSOE ás eleccións locais do 25 de maio de 2003, en substitución por renuncia de dona María Xofefa Porteiro García.

*Ante o Alcalde-presidente e en presenza do Pleno da Corporación, o Sr. Losada Alvarez procede na forma ritual a xurar o seu cargo coa seguinte fórmula:*

SR. LOSADA ALVAREZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleira con lealdade al Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

A PRESIDENCIA: No nome de toda a Corporación quérolle dar a benvida como concelleiro. Pase a ocupar o seu posto, por favor.

3.- (230).-DAR CONTA DE ESCRITO DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE POLO QUE COMUNICA NOVOS REPRESENTANTES DO DEVANDITO GRUPO NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

ANTECEDENTES.- Dase conta do escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 24 de novembro de 2006, número 60123907, do voceiro adxunto do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, que comunica o seguinte:

Modificación dos nomeamentos dos representantes do Grupo municipal Socialista nas comisións informativas e especiais:

CI DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E DESENVOLVEMENTO LOCAL

Vocais: D<sup>a</sup> Belén Sío Lourido  
D. Gonzalo Caballero Míguez  
D<sup>a</sup> Alicia Garrido González

Suplente: D. Mauricio Ruiz Cenicerros

CI DE SERVIZOS XERAIS

Vocais: D<sup>a</sup> María Luisa Graña Barcia  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Alicia Garrido González

Suplente: D. Mauricio Ruiz Cenicerros

CI DE XESTIÓN MUNICIPAL

Vocais: D<sup>a</sup> María Luisa Graña Barcia  
D. Gonzalo Caballero Míguez  
D<sup>a</sup> Alicia Garrido González

Suplente: D. Xulio Calviño Rodríguez

CI DE ASUNTOS SOCIAIS

Vocais: D<sup>a</sup> Belén Sío Lourido  
D. Abel Losada Alvarez  
D. Xulio Calviño Rodríguez

Suplente: D<sup>a</sup> Alicia Garrido González

CI DE MEDIO AMBIENTE

Vocais: D. Xosé Carlos Airas Moreira  
D. Abel Losada Alvarez  
D. Mauricio Ruiz Cenicerros

Suplente: D<sup>a</sup> Belén Sío Lourido

CI MOBILIDADE E SEGURIDADE

Vocais: D. Xulio Calviño Rodríguez  
D<sup>a</sup> Belén Sío Lourido  
D. Mauricio Ruiz Cenicerros

Suplente: D. Abel Losada Alvarez

CI DE CONTROL DA CONTRATACIÓN

Vocais: D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Xosé Carlos Arias Moreira  
D<sup>a</sup> María Luisa Graña Barcia

Suplente: D<sup>a</sup> Belén Sío Lourido

COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

Vocal: D<sup>a</sup> María Luisa Graña Barcia

Suplente: D. Abel Losada Álvarez

COMISIÓN ESPECIAL DE BALAIÓDOS

Vocais: D. Xulio Calviño Rodríguez

D. Gonzalo Caballero Míguez

D<sup>a</sup> Alicia Garrido González

CONSELLO SOCIAL DA MULLER

Vocal: D<sup>a</sup> Belén Sío Lourido

Suplente: D<sup>a</sup> Alicia Garrido González.

*Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando enterado.*

INTERVENCIÓN DA SRA. GRAÑA BARCIA: Unha cuestión de orde. Comentáramos en Xunta de Voceiros que habería un único debate respecto ós distintos asuntos en materia de pesoal. Quero confirmar se efectivamente o imos realizar así ou con outro criterio.

A PRESIDENCIA: Entón pasamos a debater os puntos 4, 5, 6 e 7.

**DEBATE CONXUNTO DOS PUNTOS 4, 5, 6 E 7 DA ORDE DO DÍA**

SR. SOTO FERREIRO: A verdade é que eu nesta Corporación vin desaguisados de todo tipo, este é un máis e é lamentable que a acción do goberno teña decorrido por estes vieiros provocando un enfrontamento absolutamente innecesario, e digo isto porque co que traen hoxe, o Partido Galeguista vaise abster consonte á súa palabra para lle viabilizar un acordo cunha posición que lle ofrecimos no seu día ó goberno municipal e que non quixo aceptar.

Cando lle dixemos que estabamos dispostos a viabilizarlle a solución porque a peor das solucións en todo caso sería deixar unha parte do cadro de persoal cunhas retribucións novas e outra parte non, dicíamos que ese era un desaguisado que nós non queríamos de ningún modo votar e temos ese compromiso moral ó longo do tempo. Dixémoslle xa no Pleno inicial cando se votou este tema que nós non criamos na legalidade deste asunto, tampouco pretendíamos ter ningunha verdade absoluta e a nosa abstención primeira

quedaba supeditada ó que poidese decorrer co expediente, entre outras cousas porque estamos falando de normas do Estado, e para min e para o meu grupo quedaba aberta a posibilidade de que o Estado, a través do seu Subdelegado do Goberno intervisse se entendía que se conculcaba a lexislación do Estado.

Non foi así e entón, malia opinión que os meus asesores e máis eu seguimos tendo, como non pretendemos ter ningunha verdade absoluta, plegámonos a ese "deixar facer" que se observa noutras instancias. En todo caso o que non pode ser é que quede unha parte do cadro de persoal cunha retribución e outra con outra diferente, pero vostedes fixeron un "enroque" e foron quen de facelo peor, de traer ó derradeiro Pleno a peor das propostas, a única proposta que dixeramos os demais grupos que non votariamos.

Pedímolles por activa e por pasiva que nos deran calquera outra solución para lles aceptar a non obstaculización deste expediente e vostedes non o fixeron porque viven moi cómodos no enfrontamento e neste caso máis. Pensaron que, unha de dúas, ou diante da preocupación social evidentemente demostrada polos tres grupos que hoxe estamos na oposición nos podería levar tragar calquera tipo de acordo e ademais de calquera tipo de xeito, ou que realmente pasaríamos a seren os "malos da película" e vostedes, os do PP os bos.

Pois alá vostedes, eu nunca lles vou responder nin coa demagogia, nin coa falla de sensibilidade política para defender as ideas que honesta e lealmente coidamos que son as mellores e neste caso tamén para o tratamento dos temas retributivos do persoal.

Nin siquera me gusta esta solución tal e como vostedes a tratan pero, insisto, a peor das solucións sería a non solución. Polo tanto ímonos abster como lle dixen ó Sr. Guerra en canto me comunicou a nova solución que ían propoñer. Díxenllo inmediatamente sen falar cos demais e polo tanto sen saber o que ían facer e mesmo sen o saber hoxe, pero en todo caso sentín falar de xeito moi parecido ó que eu estou a dicir nas comisións informativas, é dicir, que todos estabamos dispostos a deixar seguir este expediente se realmente vostedes o viabilizaban, malia que vostedes non foron quen de facer unha política de persoal, xa non digo nin boa, nin mala, nin a que me gustaría a min, pero, señores do Partido Popular, cal é a súa política de persoal? En qué traballaron na organización do Concello de Vigo?

Independentemente do tratamento dos recursos humanos, tema absolutamente fundamental nos aspectos sociais, en qué traballaron vostedes para

reorganizar a Xerencia de Urbanismos onde hai catro licenzas e as dan con moito tempo de retraso, ou non traballar por unha equiparación á hora de que a recadación sexa eficaz, loitando contra o fraude fiscal e que paguemos todos e non que os que o fan teñan que pagar polos que non contribue. E un longo etcétera no que non me vou estender para non os aburrir co que penso neste sentido pero penso que vostedes non foron quen de ter unha política de persoal e entón fixeron ó final estes foguetes cara á galería que polo que vexo lles resultaron ben.

Alá vostedes pero lles garanto que se persisten con este tipo de actitudes os vigueses ímoslles dar a resposta que cumpra porque esta é unha política de persoal inaceptable para o grupo ó que eu represento.

SR. VIÉITEZ ALONSO: En primeiro lugar o que nos teriamos que preguntar a Corporación é que foi o que mudou en menos de dúas semanas porque fronte á única saída que había vostedes traenos aquí distintos temas que buscan a solución mediante fórmulas distintas, nin tan siquera o tratan con homoxeneidade. Fronte a única saída que había agora aparecen cinco fórmulas para tratar o mesmo tema.

Se tiveran a intención de chegar a un acordo, se fosen quen de escoitar e chegaren a acordos dende logo que non estaríamos aquí, pero o que máis importante, non só iso senón que posiblemente estaríamos un paso máis adiante do que hoxe traen vostedes. Fíxense que a única solución era a que nos traían no Pleno do 9 deste mes e agora hai cinco fórmulas distintas, algunhas delas discutímolas con vostede e eran as que había que poñer enriba da mesa se se quería perpetuar no tempo o acordo.

Insisto en que hai fórmulas alternativas e senón véxanse os expedientes e como se trata cada un deles de xeito totalmente distinto para lle dar solución a un mesmo tema. Por certo, algún deles vostedes aínda o seguen mantendo cando saben que precisamente por aí non é nin debe ser a saída. Pasa que efectivamente pensamos que o Partido Popular si ten política de persoal, pero de precarización e de destrucción de emprego, esa é a súa política e precisamente por culpa dela agora chegamos a estes termos. Lamentable.

Pódese enganar a moita xente algún tempo, pódese enganar moito tempo a algunha xente, pero o que non se pode é enganar a todo o mundo durante todo o tempo. Insistimos en que en menos de dúas semanas cairon as barreiras que había pero as fórmulas que vostedes traen aquí para estes e para outros expedientes deste mesmo Pleno foron as que discutimos con vostede. É mágoa

que non fosen quen de escoitar porque o que antes era imposible agora é posible e, por certo, para pagar gastos que se van perpetuar no tempo e podo poñer por caso o punto 9.

Polo tanto e nese sentido pensamos que nos deberiamos aferrar todo canto vostedes fixeron para chegaren a isto porque o puideron formular así dende un primeiro momento e se quixeran escoitar e chegar a acordos non estaríamos agora aquí, estaríamos máis adiante e posiblemente coa satisfacción de todo o mundo, pero vostedes volven insistir outravolta no mesmo.

Agardemos que tomen nota desta situación e no caso de que teñan que volver traer algún expediente deste tipo, busquen antes o consenso, o acordo e non busquen o enfrontamento ou a manipulación como fixeron neste caso.

SRA. GRAÑA BARCIA: Este momento esixe unha valoración da súa xestión política en materia de persoal. Seguimos crendo que a súa proposta de mellora das condicións económicas do persoal municipal puido ter sido unha mellor proposta, de maior rigor e dotada de maiores garantías xurídicas. Pero cando negociaron cos representantes sindicais o seu obxectivo non era o interese dos traballadores e por iso dificilmente pode defender os intereses xerais quen só está preocupado pola obtención de réditos electorais.

Pero malia de qué negociaron e de cómo o negociaron o noso grupo sempre apoiou os lexítimos intereses de mellora das condicións retributivas do persoal municipal; permitiu cos seus votos que a mellora salarial por vostedes prometida fose real e demostrouno en todas as ocasións: no orzamento de 2005 no que se consignou a partida inicial para proceder á adecuación de postos de traballo, no Pleno de decembro de 2005, de modificación de convenio e de produtividade, no Pleno de marzo de 2006 de aprobación definitiva de incremento de nocturnidade e festivos, no Pleno do 17 de outubro de 2006 que permitiu o pagamento da nocturnidade e da festividade.

O noso apoio ás melloras demandadas polo persoal municipal queda demostrado. Estes son os nosos feitos, agora vexamos os de seu.

En maio de 2005 asinan un acordo coa representación sindical. No devandito acordo, descoñecido por nós ata meses despois, comprométense a proceder á adecuación de postos de traballo en tres anos, é dicir, sen garantía de orzamento para os vindeiros anos, sen acordo nin compromiso, nin siquera intento del co resto dos grupos da oposición e sen fórmulas máxicas.

Comprométeronse irresponsablemente, sen garantías. Neste conto da leiteranin pensaron nos traballadores, nin fixeron o máis mínimo esforzo para garantir o cumprimento deses acordos. Salvaron a súa irresponsabilidade gracias á nosa responsabilidade, puideron cumprir os seus compromisos co cadro de persoal en 2005 gracias á nosa abstención no Pleno.

Chegamos ó 2006: neste ano deben cumprir a segunda parte do proceso de adecuación de postos de traballo. O seu compromiso comezou o 1 de xaneiro, hoxe é 27 de novembro e vexamos a súas actuacións cara a cumprir o seu compromiso.

Non presentaron un orzamento, continuaron sen negociar cos grupos da oposición, incluído o expediente que hoxe presentan; presentan e aproban en sesión plenaria do 29 de maio deste ano unha modificación orzamentaria de 18 millóns de euros na que se recollen diferentes débedas, pero curiosamente esqueceronse das súas obrigas para co persoal. Por último insistiron ata a votación no Pleno do pasado 8 de novembro, coa súa proposta de desaparición de postos de traballo tras lles avisar expresamente no Pleno anterior que non se aceptaría unha proposta destas características e sobre todo tras lles ofrecer os grupos da oposición o seu apoio para a procura dunha saída baixo calquera outra fórmula que non mediara pola destrucción de emprego.

A súa desvergoña acadou o extremo de votar en contra da emenda presentada polo Partido Galeguista e por este grupo que abría a posibilidade de buscar unha solución. Votaron en contra, desoiron a nosa proposta e hoxe presentan este expediente. Queda demostrado polo tanto que existían outras fórmulas e tamén que non negociaron ren porque esta tampouco a negociaron.

Estes feitos evidencian que se pasaron dous anos demostrando non só a súa incapacidade, senón a súa mala fe, adquirindo compromisos, presumindo de seren grandes negociadores e non aplicando nin a máis mínima salvagarda para facer efectivo o compromiso que adquirían, é dicir, nin os votos.

Así é como defenden os intereses do cadro de persoal, así é como vostedes fan a cotío as cousas.

Opuxémonos á amortización de postos de traballo, á desaparición de emprego e propuxímolles buscar outras fórmulas que permitiran o pagamento ós traballadores. A súa resposta foi non. Pero o tempo adoita poñer a cada quen no seu sitio e neste caso tamén foi así.

Hoxe presentan unha nova fórmula para pagar ós traballadores. Supostas prazas innecesarias que ian seren amortizadas xa van seren cubertas



interinamente, caso da Xerencia votado a semana pasada do que, por certo, Sra. Alcaldesa, alegrámonos; e fórmulas económicas que supostamente non eran factibles para lles pagar ós traballadores agora son utilizadas para pagar a un adxudicatario e está achegado no punto 9 da orde do día desta sesión. Todo isto aderezado co feito de que vostedes son os mesmos que tiveron paralizada unha oferta pública de emprego durante máis de dous anos.

Todo o que acaeceu non foi nin máis nin menos que un arranque de prepotencia, algo ó que xa nos teñen moi acostumados, unha demostración máis da súa falla de protección do emprego público e dende logo do seu pouco interese na defensa dos intereses dos empregados municipais malia a sinatura de acordos. Chegaron preferir que non cobraran antes que dar o brazo a torcer.

Desprezo e provocación. Sabían que xamais apoiariamos a destrucción de emprego, que existían outras fórmulas para evitaren que os traballadores non cobraran e seguiron adiante pechando todas as portas que os demais lles abriamos.

O noso compromiso foi e segue sendo cos traballadores municipais e por iso continuamos dando a nosa garantía de salvar este asunto, de nos abster nesta votación, de permitir que poidan cobrar o prometido e non cumprido polo goberno porque calquera outra opción só conlevaría a unha clara discriminación salarial. Agora ben, continuamos ofrecendo a posibilidade de estudar outras fórmulas.

Póñanse traballar en serio para buscar solucións definitivas e posibles que non pasen pola destrucción de emprego. Sra. Alcaldesa, esa é a súa obriga.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: O que propoñemos ó Pleno é a autorización ou incremento das partidas presupostarias de produtividade coa finalidade de dar efectivo cumprimento ó previsto nas vixentes instruccións do cadro de persoal deste Concello aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local en canto ó dereito do persoal municipal á percepción do complemento de produtividade ata finais do presente exercizo 2006. Convén non se esquecer.

Eu vou facer unha brevísimas intervención expresando a miña absoluta sorpresa por unha das tres intervencións, das máis demagóxicas, falsas e a destempo que escoite nos tres anos que levo nesta Corporación.

Cando vostedes tiñan que falar foi hai tres semanas e daquela calaron vergoñosamente, nin explicaron por qué, nin nos deixaron escoitar a todos

os seus argumentos. Sinxelamente non os tiñan. Vostedes saben que para o que se propoñía non existe ningunha outra solución e o que están facendo vostedes hoxe aquí é, con moita forza verbal, sen ningún tipo de argumento, tentar salvar a faciana, nin máis nin menos que iso e eu estou presentando hoxe algo aquí contra a miña vontade porque o que estamos propoñendo hoxe aquí non soluciona ningún dos problemas que temos.

Vostedes falan de que non consensuamos e esquécense de que o que temos que cumprir é un convenio, é tan sinxelo coma iso. Somos unha Corporación que asinou un convenio e o que este goberno pretende é cumprilo, o demais é todo fogos de artificio, falso.

Polo tanto eu lles teño que expresar o meu absoluto pesar porque están dando voltas para tentar afogar no pescozo dos traballadores a este goberno en política de persoal.

Non o van acadar porque eles xa saben de que estamos a falar.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Guerra, é vostede un demagogo barato como moito de a tres pesetas. Un demagogo sen a menor intención de solucionar problemas en xeral e sinxelamente de arrapañar e acadar algún voto ca outro a calquera prezo. Alá vostede, o seu partido, a Sra. Alcaldesa e a súa conciencia política pero vostede di aquí cousas tan pintorescas como "tiñan vostedes que ter falado hai tres semanas" (tradúzollo ó galego, se non lle importa), "non había outra solución". Tamén algo que me pon fóra de lugar, que non entendo: "traio algo contra a miña vontade", "isto non soluciona ningún dos problemas que temos". Entón, por qué o trae vostede? Algo que non soluciona ningún dos problemas e algo contra a súa vontade, entón, que é o que trae aquí?

A ver se me equivoquei porque se non soluciona ningún dos problemas dígame por qué, porque ó mellor voto en contra, explíqueme por favor. Ou si soluciona o problema que vostede non soubo solucionar doutro xeito que non fose a destrucción de emprego? Dende logo podería dicir se quixera falar con rigor do que calamos vergoñosamente. É que eu a vostede lle teño medo dialecticamente, Sr. Guerra, entón por iso eu me calei, entende?

Non lle vou dicir o que penso ou que deixaba pensar cada quen nós, unha actitude de responsabilidade, pero hoxe estamos falando, Sr. Guerra e podemos falar e debater cantas veces e quendas vostedes queiran, Sra. Alcaldesa, sobre isto e sobre o que queiran para lles dicir que nós non nos queremos confundir.

Cando vostede fai demagogia barata e di por exemplo: "É que o persoal merece unha mellor retribución", quen desta Corporación díxolle algo en contrario? Eu nunca o sentín en ningún debate das comisións informativas. O que pasa é que os que estamos aquí e os que non están temos obrigas que cumprir e as obrigas entre outras cousas para calquera demócrata pasan por consolidar ou axudar a que permaneza un estado de dereito e polo tanto para cumprir a lei, cousa que a vostede e ós da dereita que hai en Madrid lles importa pouco normalmente porque vostedes viven igual de cómodos. Non me van calar, xa verá que medo teño a falar, mire que medo teño a falar. Pode falar quen queira pero non me van calar os peperos enmascarados, dáme igual.

*Neste intre se producen berros por parte do público asistente no salón de Plenos, tendo que pedir silencio a Presidencia.*

Sr. Guerra, polo que vexo ultimamente en distintas políticas a vostedes seguramente lles dá igual se hai ou non democracia porque vostedes van vivir igual ou moi parecido. A algúns resúltanos consustancial un estado democrático e dentro dun estado democrático de dereito o cumprimento da lei é unha obriga porque son as regras do xogo que nos marcan a convivencia pacífica entre todos, gústennos ou non que a algúns supoño que a todos nós hai leis que non nos gustan, a min dende logo e así o dixen nalgunha ocasión, pero me gusten ou non teño que ir por ese camiño. Pero vostede non porque é un demagogo barato que non lle importa nada este tema, nin outros. Así que trae algo contra a súa vontade. Vostede si que é un demagogo. Non o traía, teña a coraxe política de non o traer se é contra a súa vontade, ou puxéronlle unha pistola ó peito para traer este tema ó Pleno?

Poña aquí ós seus socios a falar por vostede se non é quen de contestar porque ó parecer trae amigos para que falen dende aí fóra. Dáme igual, as operacións concertadas de ningún tipo me van calar mentres eu coide que teño honestas e leais razóns que expoñer e cando non, calo.

Así que isto non soluciona ningún dos problemas que temos? É o colmo da demagogia. Covarde político, por qué o trae entón? É vostede un covarde político.

Eu si votei e voto o que quero votar. Quero votar a favor dun acordo que permita unha solución de aumento salarial sen destrucción de postos de traballo, algo ó que vostedes colaboraron indirectamente non poñendo en marcha unha proposta para cubrir as vacantes que hai no cadro de persoal

dende que están aí sentados. Por qué non o fixeron? Non llo pedimos en todos os Plenos estes anos? Non o fixeron para non empregar eses cartos tendo un cadro de persoal municipal mellor e máis eficiente para outros gastos que vostedes quixeron consignar, por iso, ou hai outra razón? Por qué non sacaron as ofertas públicas de emprego antes? Poden dar unha explicación que non sexa a que eu lle acabo de dicir?

Non quixeron ter máis persoal, non quixeron crear emprego como está determinado por lei e polo Pleno da Corporación e escolleron iso para investir eses cartos facendo beirarrúas, obras que son moi interesantes, poñendo flores que tamén son moi bonitas por certo pero para nós menos importantes que a creación do emprego que se debe para ter un cadro de persoal ben organizado neste Concello, entre outras cousas para dar un bo, un mellor servizo ós cidadáns. Así estamos a ver que o de vostedes é o colmo do pintoresco.

O outro día na Xerencia de Urbanismo fíxenlles unha pregunta moi concreta. Vostedes levan cubrir un posto de traballo dun asesor xurídico cando vostedes daban de baixa a asesores xurídicos na súa proposta de destrución de emprego anterior. É o colmo do salto de mata, de non ter unha política de persoal, de estar funcionando sen ideas e sinxelamente cara á galería. Pois alá vostede se lle resulta positivo o iso, dende logo con nós nin agora, nin no futuro poderán contar para semellantes políticas barateiras e polo tanto o que significa un compromiso nesa dirección quede claro, por se lle serve de algo porque nós non queremos anatemizalos, nin a vostedes nin a ninguén. Dixemos moitas veces que temos vontade política de nos entender con todos pero iso obxectivamente en temas que merezan a pena para a cidade. En temas coma este que hoxe nos presentan nunca.

Dentro do colmo do dislate, nos puntos que buscaron solución traen outra volta no medio delas baixa de persoal nalgún sitio e xa lle anticipo que a iso lles imos votar en contra como fixemos anteriormente e vostedes atoparán outra vez unha solución onde hoxe non a atopan neste Pleno. Ou sexa, neste Pleno atopan solucións para varios dos lugares de traballo e non a atopan para Vigozoo? Imos ver canto tempo lles leva atopala outra vez e entón veremos quen fai demagogia e quen non. Se vostedes están presentando unha proposta trampa neste tema como fixeron no anterior ou non, mirarémolo a vostede ó mellor noutro Pleno moi cariacontecido dicindo que é contra a súa vontade, que realmente non quería pero... que se deixa. Por favor.

Por último remátolle esta parte da intervención para lle dicir que nós asumimos responsablemente, como lle dixen ó Comité de Persoal, a nosa leal intención de colaborar para solucionar este problema hoxe e mañá e que publicamente, sen que ninguén nolo pida, pronunciamos o compromiso público para que quede en acta de seguir axudando este ano e os que sexan a resolver este problema, que en todo caso só se pode resolver ben na nosa opinión cun novo orzamento. Asumimos a responsabilidade pública de, en canto sexa posible, non obstaculizaremos a solución real, auténtica dos problemas. Alá vostedes se escollen atallos errados polo camiño.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Na súa provocación non imos cair. Vostede ben sabe o que debatemos non en público, senón en privado porque facer política de escarnio a respecto do persoal non é a nosa práctica. Unha cuestión é o que falamos nas comisións informativas e mesmo cara a cara e outra cousa é a realidade, Sr. Concelleiro de Persoal, señores do PP e Sra. Alcaldesa.

Repito novamente que parte das fórmulas que hoxe traen aquí no seu momento discutíronse con vostede, pero non é que vostedes non poidan ou saiban; non queren. Unha de dúas, ou non se falan entre vostedes, ou non se entenden porque senón non hai outra explicación. Cómo as fórmulas que nós lles puxemos enriba da mesa non se aplican de xeito definitivo a este problema? É curioso que para facer fronte a pagamentos que se van soste no tempo, a gastos comprometidos de carácter plurianual, efectivamente a modificación de crédito 141 non está asinada por vostede, a modificación de crédito 74 non está modificada por vostede, entón ou é que non falan, ou é que non se entenden, pero o curioso é que para un mesmo obxectivo utilizan distintos medios e métodos.

A fórmula que traen vostedes hoxe a este Pleno, a modificación orzamentaria 141, por qué non se pode aplicar ó problema que estamos debatendo neste momento? Invítolles a que lean tanto a proposta asinada polo primeiro tenente de alcalde, como a resposta da directora de ingresos nese sentido. Igual que sirve esta modificación para facer pagamentos que se van soste no tempo ó longo de moitos anos, ou a modificación número 74 que aí si que non teñen reparo nin lles treme a man para aumentar os gastos de publicidade e propaganda, por qué non utilizan esas fórmulas precisamente para resolver este tema?

Posiblemente vostede non a coñeza, Sr. concelleiro de Persoal, porque efectivamente dá a impresión de que ou non se entenden entre vostedes, ou non falan, ou non se entera do que fai a outra parte do goberno, pero estas

mesmas fórmulas podíanas traer hoxe aquí sen ningún tipo de problema. Sobre isto foi sobre o que falamos.

Polo tanto, cando lles dicía antes que hai dúas semanas non só podíamos estar aquí, senón que un paso máis adiante e consolidar de xeito definitivo o que hoxe traen aquí, non o fan porque vostedes non queren e non por outra razón. Insistimos en que tardamos menos de dúas semanas precisamente para mirar este tema.

Polo tanto fronte á política de facer 27 contratados interinos, 77 contratos por acumulación de tarefas no que vai de ano, ou 3 persoas en prácticas que suman un total de case 100 persoas en precario, e non falemos das 27 prazas que vostedes querían eliminar, queda máis que evidente que hai outras fórmulas.

Esa era a colaboración que ía ter de nós, pero en absoluto a outra e vostede ben sabe que iso llo puxemos enriba da mesa e vostede coñéceo perfectamente.

Á parte as súas políticas son tremendamente contradictorias. Como ben se dixo anteriormente na Xerencia de Urbanismo da semana pasada, prazas que vostedes querían amortizar resulta que agora son valedeitas e necesarias e optaron pola fórmula menos mala e que nós dixemos que en todo caso compartiamos como era a interinaxe.

Pero en definitiva, se vostedes quixeran solventar este problema o día 9 deste mes estaría resolto sen ningún tipo de problemas e perpetuado no tempo. Se non o queren dean vostedes explicacións, non somos nós quen as temos que dar.

SRA. GRAÑA BARCIA: Despois do escoitar, Sr. Guerra, sinceramente só cabe pensar que perderon o tempo coa única intención de lle crear problemas á oposición, ese foi o seu único interese. Pero dende logo este grupo seguirá no mesmo lugar: votando en contra da destrucción de emprego, presénteno cantas veces o presenten, e absténdonos en fórmulas como a que hoxe traen. Continuamos e continuaremos ofrecéndolle a posibilidade de estudar novas fórmulas que hoxe queda demostrado que son posibles.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Ó Sr. Soto non lle vou contestar.

Sr. Viéitez, sobre a modificación orzamentaria 141 é verdade que vostede e máis eu falamos moitísimas veces; verdade que vostede me dixo que había outras solucións; é verdade que vostede nunca me dixo qué solución. Díxome varias veces que vostede tiña a solución, ata me deu un libro pero vostede

nunca presentou nin a min, nin ó Comité, nin a ninguén esa solución. Nin hoxe, nin xamais. Sr. Viéitez, é así, vostede nunca me deu nin unha soa solución.

No Pleno do día 9, como vostedes probablemente puideron ver, había un informe de Intervención moi exhaustivo. Nese informe o Sr. interventor aquí presente mencionaba que para poder consolidar compromisos de gasto fixos habería que cancelar compromisos de gastos pasados fixos. Iso viña explicitamente detallado no informe do interventor.

Entón para que non fagamos demagogia, para que non lle deamos voltas ós argumentos hai que dicir que na modificación orzamentaria 141 fálase de dous gastos a pagar con máis ingresos; pero eses ingresos, como o Sr. interventor explicaba naquel informe, non se poden considerar fixos e polo tanto eu non me podo comprometer cuns señores a facer un incremento nos seus salarios, que é un compromiso fixo, cun ingreso que non é fixo. Iso está así de claro e é así de sinxelo, se houbera algunha outra alternativa naquel informe do interventor non teríamos ningún problema en poder estudiala, pero non había ningunha outra, Sr. Viéitez, e vostede particularmente non ma expresou nunca porque sinceiramente non a hai, senón dende logo que a estudariamos con moitísimo interese. Non utilice un arguemento que non é certo para complicar algo que está bastante claro.

#### 4.- (231).-AUTORIZACIÓN DE IMPLEMENTACIÓN DA PARTIDA DE PRODUCTIVIDADE NO ORZAMENTO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 2055/407.

ANTECEDENTES.- Con data 13 de novembro de 2006, o director dos Servizos Centras, coa conformidade do Xerente Municipal de Urbanismo, informa o seguinte:

"O Pleno deste Concello de Vigo, en sesión realizada o 28 de febreiro de 2005, aprobou con carácter definitivo o Orzamento Xeral do Concello (incluíndo os dous seus Organismos Autónomos, entre eles o desta Xerencia Municipal de Urbanismo) para o exercizo 2005, que prorrogouse ó vixente exercizo 2006, en virtude do disposto polo artigo 169.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

No orzamento prorrogado deste Organismo Autónomo figura estado de gastos (capítulo I), entre outras, a partida 4320.1500000 cunha consignación de 3.000 euros.

Esta consignación orzamentaria xa foi insuficiente no exercizo 2005, no que se comprometeu crédito por importe de 49.341,85 euros, recoñecéndose obrigas por importe de 32.447,96 euros.

É necesario incrementar a cobertura orzamentaria existente para poder retribuir o especial rendimento, adicación e actividade extraordinaria desenvolta polo persoal propio da Xerencia neste exercizo 2006. Nalgúns casos, trátase de recoñecer funcións realizadas que superan as propias do posto polo que se lle retribúe.

A tal efecto, propónse o incremento do importe adicado a produtividade no orzamento vixente en 47.000 euros; existindo crédito dispoñible suficiente no montante global do capítulo I "Gastos de Persoal".

En consecuencia e de conformidade coa normativa vixente na materia (artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, Lei de Medidas para a Reforma da Función Pública; artigo 5 e seguintes do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, RD polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local; artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Lei Reguladora das Bases de Réxime Local), ..."

A seguir o funcionario asinante formula a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

Con data 14 do mesmo mes, o interventor xeral emite o seguinte informe:

"Remítese a esta Intervención proposta formulada polo Sr. Director dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo conformada polo Sr. Xerente, referente ao asunto referenciado e de conformidade co establecido no artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte

**INFORME:**

A indicada proposta ten por finalidade someter á consideración do Concello-Pleno proposta de incremento da contía global dotada no orzamento vixente do organismo autónomo para complemento de produtividade.

A competencia para a fixación e ampliación de dita contía global corresponde ao Pleno da Corporación, a teor do previsto no artigo 93.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 5 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local.

No que concerne á modificación orzamentaria precisa para posibilitar o incremento proposto, por pertencer as partidas que se ofrecen para recibir e ceder crédito orzamentario a dotacións correspondentes a gastos de persoal, corresponde á modalidade de transferencias de crédito, que a teor do disposto na Base 9ª das de Execución dos Orzamentos vixentes en relación cos artigos 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, o órgano competente para a súa autorización é a Alcaldía-Presidencia, debendo someterse o expediente á tramitación prevista na base e preceptos legais indicados.



Por outra banda, o artigo 5.3 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios de Administración Local, establece que: "en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a exercizos futuros".

En consecuencia con iso e dende un punto de vista económico-financeiro e aos efectos da modificación orzamentaria que se precisa para posibilitar o incremento solicitado, dado que non se consolida gasto, resulta inócuo en canto ás obrigacións económicas futuras que puidesen derivarse para o Concello polo incremento do complemento retributivo e a súa asignación individual no presente exercizo, o recurso financeiro a empregar na modificación que, como se deixa exposto consistirá, como se desprende da proposta sometida a informe, na transferencia de parte ou a totalidade do crédito dispoñible de partidas presupuestarias do capítulo I de gastos de persoal, que evidentemente non poderán estar afectadas a compromisos de gasto asumidos con anterioridade.

Así mesmo, e no concernente aos feitos ou circunstancias que motivan a solicitude ao Pleno corporativo do incremento da contía do complemento de produtividade obedece, segundo se desprende do contido da proposta que se informa: "é necesario incrementar a cobertura orzamentaria existente para retribuír o especial rendemento, dedicación e actividade extraordinaria desenvolvida polo persoal propio da Xerencia neste exercizo do 2006."; o que resulta congruente co exposto no apartado primeiro do artigo 5 do antes citado Real Decreto 861/1986 do 25 de abril, ao referirse ás circunstancias, feitos ou factores que retribue este incentivo ó rendemento.

Non entanto iso, nos expedientes que, no seu caso, se tramiten para o recoñecemento individual do complemento de produtividade deberá concretarse, por parte dos órganos ou responsables que propoñan a súa asignación, estas motivacións expostas de forma xenérica. En todo caso haberán de observarse as "Instrucións sobre Persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos para o exercizo 2005", que na súa Instrucción terceira realiza unha enumeración de supostos que determinan o devengo do complemento de produtividade, aínda que tal enumeración non constitúe unha lista pechada, de tal xeito que a Xunta de Goberno Local, en exercizo das competencias que lle atribúe o artigo 127.1.h) da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pode determinar outros parámetros ou criterios de asignación para establecer outros supostos que dean lugar ao devengo do complemento de produtividade. En definitiva, calquera produtividade que non teña a súa causa nas referidas Instrucións de persoal ou no Acordo Regulador vixente das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, aprobado en sesión plenaria do 28.12.98, deberá preceptivamente someterse á aprobación da Xunta de Goberno Local para fixar, no seu caso, as propostas obxectivas de asignación.

Para rematar, referirémonos á incidencia das limitacións establecidas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o actual ano do 2006 en canto ao crecemento das retribucións dos empregados públicos, respecto da proposta incluída no expediente que se informa.

O artigo 19 da Lei 30/2005 de 29 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o 2006, establece no seu apartado segundo que:

*Dous.- Con efectos do 1 de xaneiro do ano 2006, as retribucións do persoal ao servizo do sector público, incluídas, no seu caso, as diferidas, non poderán experimentar un incremento global superior ao 2 % con respecto ás do ano 2005, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo.*

E o mesmo precepto nos seus apartados catro, cinco e seis indica:

*Catro.- O disposto nos apartados anteriores debe entenderse sen prexuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados ao mesmo, sempre con estrito cumprimento do disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.*

*Cinco.- Os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecementos retributivos superiores aos que se establecen no presente artigo ou nas normas que o desenvolvan deberán experimentar a oportuna adecuación, devindo inaplicables en caso contrario as cláusulas que se opoñan ao mesmo.*

*Seis.- Este artigo ten carácter básico e se dicta ao abeiro dos artigos 149.1.13 e 156.1 da Constitución. As Leis de Orzamentos das Comunidades Autónomas e os Orzamentos das Corporacións locais correspondentes ao exercizo 2006 recollerán expresamente os criterios sinalados no presente artigo.*

Pola súa banda o artigo 5.2 do xa citado Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, determina que a apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo.

Por conseguinte do exposto despréndese que as xenéricas razóns que se esgrimen na proposta que se informa para solicitar a ampliación da contía global existente no orzamento do organismo para complemento de produtividade, na súa asignación individual deberán concretarse en criterios obxectivos que poñan de manifesto e xustifiquen o carácter excepcional e singular que debe presidir tal distribución nominativa, para a debida e necesaria observancia da normativa legal citada."

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 16 de novembro de 2006, acordou ptopoñer ó Pleno da Corporación a aprobación da proposta citada do director dos Servizos Centrais de Urbanismo.

(Está ausente o Sr. Iglesias Carrera)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves

Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e dezasete abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso, ACÓRDASE:

Ampliar a cantidade global destinada a produtividade no Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo en 47.000 euros.

5.- (232).-AUTORIZACIÓN DE IMPLEMENTACIÓN DA PARTIDA DE PRODUCTIVIDADE DO ORZAMENTO DO CONCELLO (MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS). EXPTE. 16801/220.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 20 de novembro de 2006, a xefa da Unidade de Persoal, coa conformidade da xefa da Área de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado de Persoal, informa do que segue:

"1.- En sesión de data 30 de xuño do 2005 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, xunto coas correspondentes Instrucións de Plantilla. Na instrucción terceira das mesmas se contempla e desenvolve o réxime do complemento de produtividade, establecendo os supostos que regulamentariamente dan lugar ao dereito á percepción do devandito complemento retributivo.

2.- En Instrucción do Servizo de data 14/11/2006 o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ordenou á Unidade de Persoal a realización dos trámites administrativos necesarios para o sometemento ao criterio do órgano competente da Excma. Corporación Municipal do incremento da partida presupostaria 121.0.150.00.00 produtividade, a fin de facer fronte ás propostas de productividades que se poidan realizar ata finais do presente exercizo.

3.- En informes de datas 16/11/2006 e 17/11/2006 o técnico de Organización e Métodos e a técnica de Recursos Humanos da Unidade de Persoal sinalan que a cantidade estimada en que sería necesario incrementar a partida de produtividade nunha contía máxima de 1.132.818,92 euros, con cargo a créditos sobrantes de persoal, como se detalla no cadro consignado nos mesmos.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. As vixentes Instrucións de Plantilla -aprobadas xunto coa Relación de Postos de Traballo (RPT)- constitúen normas xurídicas de carácter regulamentario, se ben de alcance limitado ao ámbito interno dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo. A instrucción terceira establece que con cargo ao complemento de produtividade retribuirase o

especial rendemento e a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa coa que o funcionario desempeña as súas funcións. Sen prexuízo de que a Xunta de Goberno Local estableza no exercizo das competencias reservadas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, outros parámetros de asignación, retribuiranse con cargo a este concepto, en todo caso:

- A actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia, autorizada pola Alcaldía.
- O especial rendemento derivado dun posto de traballo de categoría superior por ausencia do seu titular, con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes.
- A actividade extraordinaria derivada da toxicidade do persoal que traballa sen habitualidade no vertedeiro do Zondal.
- A dedicación extraordinaria de traballos en réxime de xornada partida.
- A toxicidade do persoal adscrito ao Servizo de Desinfección que manipule produtos tóxicos e perigosos.
- A utilización de maquinaria pesada contemplada para os oficiais conductores.
- A actividade extraordinaria derivada da conducción dun vehículo lixeiro municipal non sendo oficial conductor.
- A actividade extraordinaria pola realización de campañas de desinfección, desinsectación e desratización do Laboratorio Municipal.
- O persoal laboral antigamente adscrito ao Servizo de Limpeza e que prestou servizos no antigo vertedoiro do Zondal e na planta incineradora, con carácter transitorio.
- O especial rendemento e dedicación pola plena disponibilidad que se lle esixe ao persoal que presta servizos como conductor da Alcaldía.
- A dedicación extraordinaria do persoal adscrito ao Museo Municipal "Quiñones de León", para recompensar o especial rendemento e dedicación esixible ao persoal adscrito ao Pazo-Museo que colaboura co Departamento de Relacións Públicas nos preparativos de recepcións, casamentos e cerimoniais oficiais.
- Os programas de dispoñibilidade horaria que fose necesario acometer en atención a obxectivos de rendemento e optimización dalgún servizo, nas condicións que regulamentariamente aprobe a Xunta de Goberno Local.
- A dedicación extraordinaria do persoal adscrito á Conserxería Municipal.
- O especial rendemento e dedicación extraordinaria do oficial conductor que presta servizos na Xerencia Municipal de Urbanismo.

Asemade, se contemplan todas aquelas productividades que se outorguen en atención a criterios obxectivos de asignación determinados pola propia Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, o aboamento daqueles complementos de produtividade recollidos en Instrucións de Plantilla resulta obrigado sempre que concorran os supostos fácticos xeradores dos mesmos, xa que o acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/05/2005 aprobatorio das referenciadas Instrucións goza da executividade propia daqueles actos que non teñen sido recorridos en prazo, recollida nos artigos 56 e 94 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, onde se sinala que os actos da Administracións Públicas suxeitos ao Dereito Administrativo serán

executivos con arranxo ao disposto na propia Lei, presumíndose válidos e producindo efectos dende a data na que se dicten, agás que neles se dispoña outra cousa, ou ben a agás do previsto nos artigos 111 e 138 da referida Lei 30/1992, e naqueles casos nos que unha disposición estableza o contrario ou necesiten aprobación ou autorización superior.

II. Os devengos retributivos en concepto de produtividade forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle o artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, onde se sinala que o complemento de produtividade está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa co que o funcionario desenvolve o seu traballo. A súa contía global non poderá exceder dunha porcentaxe sobre os custos totais de persoal de cada programa e de cada órgano que se determinará na Lei de Presupostos, sendo en todo caso as cantidades que perciba cada funcionario por tal concepto de coñecemento público dos demais funcionarios do Departamento ou Organismo interesado, así como dos representantes sindicais.

Segundo os cálculos efectuados polos técnicos de Recursos Humanos e Organización e Métodos da Unidade de Persoal nos informes relacionados nos antecedentes, se estima que sería necesario incrementar a sinalada partida 121.0.150.00.00 produtividade nunha contía máxima de 1.132.818,92 euros, permitindo así facer fronte ás obrigas económicas que poidan xerarse ata finais do presente exercizo presupostario 2006.

III. O artigo 93.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, consigna expresamente que a contía global das retribucións complementarias será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado. No seu apartado 3, o mesmo artigo sinala que as Corporacións Locais reflectirán anualmente nos seus presupostos a contía das retribucións dos seus funcionarios nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública.

En Sentenza do Tribunal Supremo do 23 de xullo de 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Asemade, as propias Instrucións de Plantilla anteriormente descritas establecen expresamente (instrucción terceira, parágrafo segundo) que corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade.

Por último, o artigo 123.1.h) da referida Lei de Bases do Réxime Local -en canto que atribúe ao Pleno a competencia para a aprobación dos presupostos- reforza a competencia plenaria para autorizar o incremento da partida presupostaria 121.0.150.00.00-productividade en cantidade necesaria para facer fronte aos gastos que se poidan devengar ata finais do presente ano, sen prexuízo de que a operación económica da transferencia de crédito se materialice pola Alcaldía-Presidencia ex artigos 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e Base 9ª das Bases de Execución dos Presupostos Municipais para o presente exercizo económico 2006."

Polo anteriormente exposto, previo o preceptivo informe de fiscalización que emita a Intervención Xeral, así como o dictame da Comisión Informativa de Xestión Municipal, a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 20 de novembro o interventor xeral emite informe que di o que segue:

“Remítese a esta Intervención proposta formulada pola Xefa da Unidade de persoal e conformada pola Sra. Xefa da area de Réxime Interior e polo Concelleiro da Area de Xestión, referente ao asunto referenciado e de conformidade co establecido no artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte informe;

A indicada proposta ten por finalidade someter á consideración do Concello-Pleno proposta de incremento da contía global dotada no orzamento vixente do organismo autónomo para complemento de produtividade, por unha contía máxima de 1.132.818,92 euros.

A competencia para a fixación e ampliación de dita contía global corresponde ao Pleno da Corporación, a tenor do previsto no artigo 93.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 5 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local.

No que concerne á modificación orzamentaria precisa para posibilitar o incremento proposto, por pertencer as partidas que se ofrecen para recibir e ceder crédito orzamentario a dotacións correspondentes a gastos de persoal, corresponde á modalidade de transferencias de crédito, que a teor do disposto na Base 9ª das de Execución dos Orzamentos vixentes en relación cos artigos 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, o órgano competente para a súa autorización é a Alcaldía-Presidencia, debendo someterse o expediente á tramitación prevista na base e preceptos legais indicados.

Por outra banda, o artigo 5.3 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios de Administración Local, establece que: “en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a exercizos futuros”.

En consecuencia con iso e desde un punto de vista económico-financieiro e aos efectos da modificación orzamentaria que se precisa para posibilitar o incremento solicitado, dado que non se consolida gasto, resulta inocuo en canto ás obrigacións económicas futuras que puidesen derivarse para o Concello polo incremento do complemento retributivo e a súa asignación individual no presente exercizo, o recurso financeiro a empregar na modificación, que como se deixa exposto consistirá, como se desprende da proposta sometida a informe, na transferencia de parte ou a totalidade do

crédito dispoñible de partidas orzamentarias do capítulo I de gastos de persoal, que evidentemente non poderán estar afectadas a compromisos de gasto asumidos con anterioridade.

Así mesmo e no concernente aos feitos ou circunstancias que motivan a solicitude ao Pleno corporativo do incremento da contía do complemento de produtividade obedece, segundo se desprende da orde de servizo subscrita polo concelleiro da Area de Xestión Municipal e que consta no expediente: "...para atender as propostas de produtividade que poidan realizarse polos distintos servizos municipais ata o fin do exercizo...".

Tendo en conta o anterior, sinalaremos que nos expedientes que, no seu caso, se tramiten para o recoñecemento individual do complemento de produtividade observaranse as "Instruccións sobre Persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos para o exercizo 2005", que na súa Instrucción terceira realiza unha enumeración de supostos que determinan o devengo do complemento de produtividade, aínda que tal enumeración non constitúe unha lista pechada, de tal xeito que a Xunta de Goberno Local, en exercizo das competencias que lle atribúe o artigo 127.1.h) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pode determinar outros parámetros ou criterios de asignación para establecer outros supostos que dean lugar ao devengo do complemento de produtividade. En definitiva, calquera produtividade que non teña a súa causa nas referidas Instruccións de persoal ou no Acordo Regulador vixente das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, aprobado en sesión plenaria do 28.12.98, deberá preceptivamente someterse á aprobación da Xunta de Goberno Local para fixar, no seu caso, as propostas obxectivas de asignación.

Así mesmo, referirémonos á incidencia das limitacións establecidas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o actual ano do 2006 en canto ao crecemento das retribucións dos empregados públicos, respecto da proposta incluída no expediente que se informa.

O artigo 19 da Lei 30/2005 de 29 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o 2006, establece no seu apartado segundo que:

*Dous.- Con efectos do 1 de xaneiro do ano 2006, as retribucións do persoal ao servizo do sector público, incluídas, no seu caso, as diferidas, non poderán experimentar un incremento global superior ao 2% con respecto ás do ano 2005, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo.*

E o mesmo precepto nos seus apartados catro, cinco e seis indica:

*Catro.- O disposto nos apartados anteriores debe entenderse sen prexuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados ao mesmo, sempre con estrito cumprimento do disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.*

*Cinco.- Os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecementos retributivos superiores aos que se establecen no presente artigo ou nas normas que o desenvolvan deberán experimentar a oportuna adecuación, devindo inaplicables en caso contrario as cláusulas que se opoñan ao mesmo.*

*Seis.- Este artigo ten carácter básico e se dicta ao abeiro dos artigos 149.1.13 e 156.1 da Constitución. As Leis de Orzamentos das Comunidades Autónomas e os Orzamentos das Corporacións locais correspondentes ao exercizo 2006 recollerán expresamente os criterios sinalados no presente artigo.*

Pola súa banda o artigo 5.2 do xa citado Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, determina que a apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo.

Por conseguinte os criterios e parámetros que, no seu caso, estableza a Xunta de Goberno Local para a asignación individual do incremento da contía global do complemento de produtividade que neste momento se interesa, deberán ter un grao de obxectividade suficiente para poñer de manifesto e xustificar o carácter excepcional e singular que debe presidir tal distribución nominativa, para a debida e necesaria observancia da normativa legal citada."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 23 de novembro, dictamina favorablemente a proposta citada da xefa da Unidade de Persoal

(Está ausente o Sr. Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e dezasete abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso,  
ACÓRDASE:

Primeiro.- Autorizar o incremento da partida presupostaria 121.0.150.00.00 "productividade" nunha contía máxima de 1.132.818,92 euros, con cargo a créditos non consumidos de persoal, tal e como se detalla no cadro relacionado nos informes emitidos en datas 16/11/2006 polo técnico de Organización e Métodos e en data 17/11/2006 pola técnicos de Recursos Humanos e Organización e Métodos da Unidade de Persoal obrantes no presente expediente administrativo e que se transcribe ó final deste acordo, coa finalidade de dar efectivo cumprimento ao previsto nas vixentes



Instruccións de Plantilla deste Concello, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30.05.2005 (BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2005) en canto ao dereito do persoal municipal á percepción do complemento de produtividade ata finais do presente exercizo presupostario 2006.

Segundo.- Instar á Alcaldía-Presidencia a que proceda á materialización da correspondente transferencia de crédito pola contía máxima sinalada á partida 121.0.150.00.00 "productividade", con cargo a vacantes de persoal ao abeiro do disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e Base 9ª das Bases de Execución dos Presupostos Municipais para o presente exercizo económico 2006 (prorrogado).

rpt	codp	posto	servizo	partida_f	clavep	cant	TOTAL BASICAS 121.0120.0000	TOTAL COMPLEM. 121.0.121.0000	TOTAL S. SOCIAL 313.1.160.0000	TOTAL
1	225	TCO.ADMON XERAL XMU	242	121,6	242,01	1	14974,58	27740,19	10427,93	53142,70
							14974,58	27740,19	10427,93	53142,70
1	126	CABO POLICIA LOCAL	212	222,2	212,04	1	3120,82	4222,74	2614,18	9957,74
1	134	GARDA POLICIA LOCAL	212	222,2	212,11	1	7746,42	11966,93	6840,53	26553,88
1	134	GARDA POLICIA LOCAL	212	222,2	212,11	1	10055,07	11966,93	7839,44	29861,44
1	54	OFICIAL POLICIA LOCAL	212	222,2	212,02	1	14974,58	17706,34	0,00	32680,92
1	126	CABO POLICIA LOCAL	212	222,2	212,04	16	123942,72	41382,45	0,00	165325,17
							159839,61	87245,39	17294,15	264379,15
2	146	OFICIAL SERV. VARIOS	301	313,0	301,14	1	3783,48	2651,26	7818,54	14253,28
							3783,48	2651,26	7818,54	14253,28
2	146	OFICIAL SERV. VARIOS	313	412,1	313,06	1	3315,89	3756,05	2475,89	9547,83
							3315,89	3756,05	2475,89	9547,83
1	152	ALGUACIL-NOTIFICADOR	332	422,0	332,19	1	2934,63	3535,16	6909,38	13379,17
							2934,63	3535,16	6909,38	13379,17
1	46	TECNICO ADMON XERAL	400	432,0	400,03	1	14974,58	24391,95	8421,91	47788,44
1	105	ADMINISTRATIVO	405	432,0	405,02	1	13620,67	11292,76	7994,27	32907,70
1	105	ADMINISTRATIVO	400	432,0	400,05	1	2886,81	2823,19	1832,24	7542,24
1	105	ADMINISTRATIVO	410	432,0	410,06	1	2800,41	2823,19	1804,51	7428,11
1	105	ADMINISTRATIVO	420	432,0	420,06	1	2886,81	2823,19	1832,24	7542,24
							37169,28	44154,28	21885,17	103208,73
2	113	ENCARGADO	444	432,4	444,17	1	3120,84	5150,75	2612,99	10884,58
							3120,84	5150,75	2612,99	10884,58
1	101	TCO. AUX BIBLIOTECAS	334	451,1	334,02	1	3240,79	4007,73	2133,87	9382,39
							3240,79	4007,73	2133,87	9382,39
1	105	ADMINISTRATIVO	321	463,1	321,06	1	13275,10	11292,76	7328,94	31896,80
							13275,10	11292,76	7328,94	31896,80
1	26	XEFE SERV. SEC. XERAL EACTAS	110	121,0	110,06	1	5470,39	6935,08	10728,23	23133,70
1	152	ALGUACIL-NOTIFICADOR	201	121,0	201,05	1	8630,69	10605,47	6847,73	26083,89
							14101,08	17540,55	17575,96	49217,59
2	233	OFICIAL CONDUCTOR	445	121,2	445,08	1	1936,61	2651,26	6487,36	11075,23
							1936,61	2651,26	6487,36	11075,23
1	126	CABO POLICIA LOCAL	212	222,2	212,04	1	8900,74	12668,21	7678,16	29247,11
1	134	GARDA POLICIA LOCAL	212	222,2	212,11	1	7746,42	11966,93	6840,53	26553,88

rpt	codp	postgo	servizo	partida_f	clavep	cant	TOTAL BASICAS 121.0120.0000	TOTAL COMPLEM. 121.0.121.0000	TOTAL S. SOCIAL 313.1.160.0000	TOTAL
1	99	SARXENTO POLICIA LOC	212	222.2	21215	4	152028,78	26440,62	0,00	178469,40
1	134	GARDA POLICIA LOCAL	212	222.2	212,04	19	147181,98	94738,20	0,00	241920,18
							315857,92	145813,96	14518,69	476190,57
2	234	OFICIAL XARDINEIRO	446	432.6	44606	1	9593,34	10605,33	7109,57	27308,24
							9593,34	10605,33	7109,57	27308,24
2	159	OPERARIO LIMPEZA INSTALACIONES	252	442.0	25211	1	3499,80	2335,28	6443,07	12278,15
							3499,80	2335,28	6443,07	12278,15
1	105	ADMINISTRATIVO	330	451.0	33008	1	2368,41	2823,14	6477,08	11668,63
							2368,41	2823,14	6477,08	11668,63
1	105	ADMINISTRATIVO	140	611.0	14010	1	2368,41	2823,14	6477,08	11668,63
1	105	ADMINISTRATIVO	510	611.0	51004	1	2368,41	2823,14	6477,08	11668,63
1	105	ADMINISTRATIVO	540	611.0	54003	1	2368,41	2823,14	6477,08	11668,63
							7105,23	8469,42	19431,24	35005,89
					TOTALES		596116,59	379772,51	156929,83	1132818,93

6.- (233).-AUTORIZACIÓN DE IMPLEMENTACIÓN NA PARTIDA DE PRODUCTIVIDADE NO ORZAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS (MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO).

ANTECEDENTES.- Con data 15 de novembro de 2006, o director accidental da Escola municipal de Artes e Oficios e mailo secretario da Xunta Rectora, informan do que segue:

“O Presidente do Organismo Autónomo Escola Municipal de Artes e Oficios, con data 15 de novembro dictou orde de servizo para a instrucción da proposta ó órgano municipal competente co obxecto de incrementar a partida 4221.1500000 (productividade), ata un máximo de 50.000 €, xa que a cantidade existente na partida é insuficiente para retribuir a actividade extraordinaria, o especial rendimento, a iniciativa e o interese con que determinado persoal da Escola desenvolve as funcións inherentes ao posto de traballo que desenvolve.

O Complemento de Productividade está destinado a retribuir o especial rendimento, a actividade extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que as persoas adscritas ao sector público desempeñan o seu posto de traballo, correspondendo ó responsable da xestión de cada programa de gasto propoñer a contía individual (art. 23.3 LRFP), presupostos ós que o art. 21.1e) da Lei 31/1990, de 27 de decembro, engade a dedicación extraordinaria.

Da normativa transcrita dedúcese que a productividade está directamente vinculada á actividade realizada durante o período polo que eventualmente haxa de se recoñecer dito incremento, de tal sorte que a súa asignación e percibo por un período determinado non condiciona o mantemento desta retribución para o futuro de non se manter os presupostos legais, é dicir, o especial rendimento, a actividade ou dedicación extraordinaria e o

interese ou iniciativa co que o persoal afectado desempeña o seu posto de traballo.

Polo que ás Administracións Locais se refire o art. 93.2 da LBRL, de aplicación á totalidade dos entes locais, advirte que a contía global das retribucións complementarias será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado. Por outra banda o apartado 3 do mesmo artigo remite ó art. 24.2 da LRFP, precepto básico que establece a necesidade de que a contía do Complemento de Productividade se reflicte para cada exercizo no Orzamento de cada Administración Local, documento que, como sabemos, debe ser aprobado polo Pleno Municipal. Finalmente, os apartados 5 e 6 do art. 5 do RD 861/1996, complementando a normativa básica citada, reiteran que corresponde ao Pleno de cada Corporación a través do Orzamento determinar a cantidade global destinada á asignación do Complemento de Productividade.

No vixente orzamento para o ano 2006 prorrogado do ano 2005, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión do 28 de febreiro de 2005, e tendo en conta as previsións de gastos computables ata o 31 de decembro de 2006, considérase que a través dunha modificación orzamentaria, autorizada polo órgano competente, poderíase incrementar o saldo da partida de produtividade tal e como propón o Presidente da Escola Municipal de Artes e Oficios nun importe máximo de 50.000 € cos créditos sobrantes, reducindo a partida 4221.1300100 (Outras remuneracións) en 15.000 € e a partida 4221.1600000 (Seguridade Social) en 35.000 €.

Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL)
- Lei 3/1982, de agosto, de Reforma da Función Pública (LRFP)
- RD 861/1986, de 25 de abril, polo que se aproba o Réxime Retributivo dos Funcionarios da Administracións Locais (RD 861/1986), modificado por RD 168/96, do 2 de febreiro.
- RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título sexto da Lei 39/1988 (RD 500/1990)
- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLFL)

En conclusión, de conformidade cos fundamentos xurídicos expostos a materialización da implementación da partida de produtividade debe operarse mediante un previo acordo do Pleno da Corporación no que, no seu caso e mediante maioría simple, se autorice, na contía global que se indica no escrito do Presidente do Organismo Autónomo da Escola Municipal de Artes e Oficios, o incremento do crédito existente ó obxecto de que con posterioridade se instrúa o correspondente expediente de modificación de crédito."

Polo anteriormente exposto os asinantes do informe emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O interventor xeral, con data 15 de novembro, informa o que segue:

"Remítese a esta Intervención proposta formulada polo Sr. Director da Escola Municipal de Artes e Oficios, en relación ao asunto referenciado e de conformidade co establecido no artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5

-----  
S.Ordinaria 27.11.06

de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte

INFORME:

A indicada proposta ten por finalidade someter á consideración do Concello-Pleno proposta de incremento da contía global dotada no orzamento vixente do organismo autónomo para complemento de produtividade.

A competencia para a fixación e ampliación de dita contía global corresponde ao Pleno da Corporación, a teor do previsto no artigo 93.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 5 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local.

No que concerne á modificación orzamentaria precisa para posibilitar o incremento proposto, por pertencer as partidas que se ofrecen para recibir e ceder crédito orzamentario a dotacións correspondentes a gastos de persoal, corresponde á modalidade de transferencias de crédito, que a teor do disposto na Base 9ª das de Execución dos Orzamentos vixentes en relación cos artigos 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, o órgano competente para a súa autorización é a Alcaldía-Presidencia, debendo someterse o expediente á tramitación prevista na base e preceptos legais indicados.

Por outra banda, o artigo 5.3 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios de Administración Local, establece que: "en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a exercizos futuros".

En consecuencia con iso e dende un punto de vista económico-financeiro e aos efectos da modificación orzamentaria que se precisa para posibilitar o incremento solicitado, dado que non se consolida gasto, resulta inócua en canto ás obrigacións económicas futuras que puidesen derivarse para o Concello polo incremento do complemento retributivo e a súa asignación individual no presente exercizo, o recurso financeiro a empregar na modificación que, como se deixa exposto consistirá, como se desprende da proposta sometida a informe, na transferencia de parte ou a totalidade do crédito dispoñible de partidas presupuestarias do capítulo I de gastos de persoal, que evidentemente non poderán estar afectadas a compromisos de gasto asumidos con anterioridade.

Así mesmo, e no concernente aos feitos ou circunstancias que motivan a solicitude ao Pleno corporativo do incremento da contía do complemento de produtividade obedece, segundo se desprende do contido da proposta que se informa: "é necesario incrementar a cobertura orzamentaria existente para retribuír o especial rendemento, dedicación e actividade extraordinaria desenvolvida polo persoal propio da Escola de Artes e Oficios neste exercizo do 2006."; o que resulta congruente co exposto no apartado primeiro do artigo 5 do antes citado Real Decreto 861/1986 do 25 de abril, ao referirse ás circunstancias, feitos ou factores que retribue este incentivo ó rendemento.

Non entanto iso, nos expedientes que, no seu caso, se tramiten para o recoñecemento individual do complemento de produtividade deberá concretarse, por parte dos órganos ou responsables que propoñan a súa asignación, estas motivacións expostas de forma xenérica. En todo caso haberán de observarse as "Instrucións sobre Persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos para o exercizo 2005", que na súa Instrución terceira realiza unha enumeración de supostos que determinan o devengo do complemento de produtividade, aínda que tal enumeración non constitúe unha lista pechada, de tal xeito que a Xunta de Goberno Local, en exercizo das competencias que lle atribúe o artigo 127.1.h) da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pode determinar outros parámetros ou criterios de asignación para establecer outros supostos que dean lugar ao devengo do complemento de produtividade. En definitiva, calquera produtividade que non teña a súa causa nas referidas Instrucións de persoal ou no Acordo Regulador vixente das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, aprobado en sesión plenaria do 28.12.98, deberá preceptivamente someterse á aprobación da Xunta de Goberno Local para fixar, no seu caso, as propostas obxectivas de asignación.

Para rematar, referirémonos á incidencia das limitacións establecidas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o actual ano do 2006 en canto ao crecemento das retribucións dos empregados públicos, respecto da proposta incluída no expediente que se informa.

O artigo 19 da Lei 30/2005 de 29 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o 2006, establece no seu apartado segundo que:

*Dous.- Con efectos do 1 de xaneiro do ano 2006, as retribucións do persoal ao servizo do sector público, incluídas, no seu caso, as diferidas, non poderán experimentar un incremento global superior ao 2 % con respecto ás do ano 2005, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo.*

E o mesmo precepto nos seus apartados catro, cinco e seis indica:

*Catro.- O disposto nos apartados anteriores debe entenderse sen prexuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados ao mesmo, sempre con estrito cumprimento do disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.*

*Cinco.- Os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecementos retributivos superiores aos que se establecen no presente artigo ou nas normas que o desenvolvan deberán experimentar a oportuna adecuación, devindo inaplicables en caso contrario as cláusulas que se opoñan ao mesmo.*

*Seis.- Este artigo ten carácter básico e se dicta ao abeiro dos artigos 149.1.13 e 156.1 da Constitución. As Leis de Orzamentos das Comunidades Autónomas e os Orzamentos das Corporacións locais correspondentes ao exercizo 2006 recollerán expresamente os criterios sinalados no presente artigo.*

Pola súa banda o artigo 5.2 do xa citado Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, determina que a apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo.

Por conseguinte do exposto despréndese que as xenéricas razóns que se esgrimen na proposta que se informa para solicitar a ampliación da contía global existente no orzamento do organismo para complemento de produtividade, na súa asignación individual deberán concretarse en criterios obxectivos que poñan de manifesto e xustifiquen o carácter excepcional e singular que debe presidir tal distribución nominativa, para a debida e necesaria observancia da normativa legal citada."

A Xunta rectora da Escola Municipal de Artes e Oficios, en sesión do 17 de novembro, aprobou a proposta do director accidental e máis do secretario da Xunta Rectora da Escola Municipal de Artes e Oficios

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 23 de novembro, dictamina favorablemente a citada proposta.

(Está ausente o Sr. Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e dezasete abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso,  
ACÓRDASE:

Primeiro.- Autorizar a implementación de créditos da partida 4221.1500000 (productividade) por unha contía de 50.000 €

Segundo.- Instar ao órgano competente do Organismo Autónomo Escola Municipal de Artes e Oficios para a instrumentación da modificación presupostaria correspondente.

7.- (234).-MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO NO ORZAMENTO DO IMD, Ó OBXECTO DE IMPLEMENTAR OS CRÉDITOS DAS PARTIDAS DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 17 de outubro, o director técnico do IMD, coa conformidade do secretario da Xunta Rectora e máis o "intervido e conforme" do interventor xeral, informa do que segue:

"A Presidenta do Organismo Autonomo Instituto Municipal dos Deportes, con data 16 outubro pasado, dictou orde de servizo para a instrucción da proposta ó órgano municipal competente, ó obxecto de incrementar as partidas 452.2.150.00.00 por importe de 15.000 € e a partida 452.2.151.00.00 por importe de 20.000 €.

1.- O Complemento de produtividade está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que as persoas adscritas ó sector público desempeñan o seu posto de traballo, correspondendo ó responsable da xestión de cada programa de gasto propoñer a contía individual (art. 23.3 LRFP), presupostos ós que o art. 21.1.e) da Lei 31/1990, de 27 de decembro, engade a dedicación extraordinaria.

Da normativa transcrita dedúcese que a produtividade está directamente vinculada á actividade realizada durante o período polo que eventualmente haxa de se recoñecer dito incremento, de tal sorte que a súa asignación e percibo por un período determinado non condiciona o mantemento desta retribución para o futuro de non se manter os presupostos legais, é dicir, o especial rendemento, a actividade ou dedicación extraordinaria e o interese ou iniciativa co que o persoal afectado desempeña o seu posto de traballo.

Na data de hoxe na partida presupostaria de produtividade non existe crédito suficiente, de xeito tal que segundo os cálculos efectuados se estima que sería necesario incrementar a sinalada partida en 15.000 euros, permitindo así facer fronte ás obrigas económicas ata finais do presente exercicio presupostario 2006.

2.- Das gratificacións en concepto de nocturnidade e festividade.

En sesión de data 31 de marzo do 2006, o Pleno do Concello acordou:

*"PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente con efectos de 1 de xaneiro de 2005 a modificación dos "recargos" previstos nos parágrafos 6 e 9 do artigo 10 do Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo, fixando a súa contía en 2,50 euros nas horas de xornada nocturna a realizar entre as 22.00h e as 7.00h, e en 3,70 euros nas horas realizadas en sábados e días festivos, denominándose tales "recargos" como "gratificacións".*

*SEGUNDO.- Aprobar definitivamente con efectos do ano 2005 a modificación da cantidade que se menciona como "compensación" no artigo 16.B.a) parágrafo segundo do Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo, referida ó traballo efectuado entre as 10.00h do día 24 de decembro e as 15.00h do día 25 de decembro, e no mesmo horario os días 31 de decembro e 1 de xaneiro, fixando a súa contía en 120 euros, denominándose tales "compensacións" como "gratificacións".*

*TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á Xunta e ó Comité de Persoal deste Concello, así como á Delegación Provincial da Consellería de Traballo aos efectos oportunos.*

*CUARTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."*

Así mesmo, as gratificacións están relacionadas directamente coas condicións económicas e sociais dos traballadores. O Pleno da Corporación do Concello de Vigo de data 31 de marzo de 2006, aproba con carácter definitivo a modificación puntual do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores o servizo do Concello e con efecto do 1 de xaneiro de 2005.

En execución do devandito acordo o Instituto Municipal dos Deportes aboou as cantidades correspondentes o ano 2006 ata o mes de agosto, co que o saldo da partida correspondente non é suficiente para a finalización do exercizo económico e para pagar os atrasos correspondentes o exercizo do ano 2005.

Os devengos retributivos en concepto de gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle o artigo 23.3.d) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.

O art. 93.2 da LBRL, de aplicación á totalidade dos entes locais, advirte que a contía global das retribucións complementarias será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado, límites que foron fixados a través do RD 861/1986. Por outra banda o apartado 3 do mesmo artigo remite ó art. 24.2 da LRFP, precepto básico que establece a necesidade de que as contías complementarias se reflecten para cada exercizo no Orzamento de cada Administración Local, documento que, como sabemos, debe ser aprobado polo Pleno Municipal. Finalmente, os apartados 5 e 6 do art. 5 do RD 861/1996, complementando a normativa básica citada, reiteran que corresponde ó Pleno de cada Corporación a través do Orzamento determinar a cantidade global destinada á asignación do Complemento de Productividade.

Interpretando o referenciado artigo en relación co 123.1.h) da mesma norma -en canto que atribúe ao Pleno a competencia para a aprobación dos presupostos- parece claro que corresponde ao Pleno autorizar o incremento da partida presupostaria 121.0.151.00.00 "gratificacións", en cantidade necesaria para facer fronte aos gastos que se poidan devengar ata finais do presente ano e os atrasos correspondentes ó ano 2005, solicitados polos traballadores, sen prexuízo de que a operación económica da transferencia de crédito se materialice pola Alcaldía-Presidencia ex artigos 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e Base 9ª das Bases de Execución dos Presupostos Municipais para o presente exercizo económico 2006.

No vixente orzamento correspondente o presente ano 2005, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal, na súa sesión do 28 de febreiro de 2005, na



partida 4522 1600000 Seguridade Social existe un saldo a día de hoxe de 176,172,16 €. Tendo en conta as previsións de gastos computables a dita partida ata o 31 de decembro de 2006, ascenden estes a 141.172,16 €, polo que existiría un crédito de 35.000 € dispoñible. Considérase que a través dunha modificación orzamentaria, autorizada polo órgano competente, poderíase incrementar o saldo das partidas de gratificacións e produtividade tal e coma propón a Presidenta do Instituto Municipal de Deportes nun importe máximo de 35.000 € cos créditos sobrantes na partida 4522.160.00.00.

Legislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 30/1982, de agosto, de Reforma da Función Pública (LRFP).
- RD 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o Réxime Retributivo dos Funcionarios das Administracións Locais (RD 861/1986), modificado por RD 168/96, de 2 de febreiro.
- RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título sexto da Lei 39/1988 (RD 500/1990).
- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLFL). Art. 179 e 180.

En conclusión, de conformidade cos fundamentos xurídicos expostos a materialización da implementación das partidas de gratificacións e de produtividade debe operarse mediante un previo acordo do Pleno da Corporación no que, no seu caso e mediante maioría simple, autorice, na contía global que se indica no escrito da Presidenta do Organismo Autónomo Municipal dos Deportes, o incremento do crédito existente ó obxecto de que con posterioridade se instrua o correspondente expediente de modificación de crédito."

Polo anteriormente exposto o director técnico do IMD emite a proposta que figura na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta Rectora do IMD, en sesión do día 26 de outubro, aprobou a devandita psoposta.

A Comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de novembro, dictamina favorablemente.

(Está ausente o Sr. Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e dezasete abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro,

Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso, acórdase:

Primeiro.- Autorizar a implementación de créditos da partida 452.2.150.00.00 -productividade- en (15.000 €) coa finalidade de dar efectivo cumprimento ao previsto nas vixentes Instrucións de Plantilla deste Concello, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30.05.2005 (BOP nº 108, do martes 7 de xuño de 2005) en canto ao dereito do persoal municipal á percepción do complemento de produtividade. E 452.2151.00.00 "gratificacións" en (20.000 €) coa finalidade de dar efectivo cumprimento ao acordo plenario de data 31 de marzo de 2006, sobre incremento do importe das gratificacións en concepto de hora nocturna, hora festiva e traballos extraordinarios realizados en 24 e 31 de decembro recollidos nos parágrafos 6 e 9 do artigo 10, e no artigo 16.B.a) parágrafo segundo do vixente "Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo", así como ao previsto nas vixentes Instrucións de platilla deste Concello, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30.05.2005 (BOP nº 108, do martes 7 de xuño de 2005) en canto ao dereito do persoal municipal á percepción de gratificacións en concepto de servizos extraordinarios fóra da xornada laboral.aplicando os créditos non consumidos durante a presente anualidade na partida 452.2.160.00.00, por unha contía total de 35.000 €.

Segundo.- Instar o Órgano Competente do Organismo Autonomo Municipal dos Deportes para a instrumentación da modificación presupuestaria correspondente, transferencia de crédito ás partidas 452.2.150.00.00 pproductividade e 452.2.151.00.00 gratificacións con cargo á partida 4522.16000000 Seguridade Social, ao abeiro do disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e Base 9ª das Bases de Execución dos Presupostos Municipais para o presente exercizo económico 2006 (prorrogado).

8.- (235).-MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL PARQUE DAS CIENCIAS, VIGO-ZOO. (AMORTIZACIÓN DE DOUS POSTOS DE TRABAJO).

ANTECEDENTES.- O secretario delegado do organismo autónomo municipal Parque das Ciencias VigoZoo, coa conformidade do presidente do devandito organismo, con data 4 de outubro de 2006 informa o que segue:

"O Sr. Presidente do Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias VigoZoo, con data tres de outubro de 2006, ditou orde de servizo ao obxecto de que se inicie o regulamentario expediente para amortizar un posto de auxiliar administrativo e outro de oficial coidador de mantemento, vixilancia e control, vacantes no Cadro de Persoal do Organismo, e, consecuentemente, un posto de auxiliar administrativo e outro de oficial coidador de mantemento, vixilancia e control na Relación de Postos de Traballo (RPT).

Con data de catro de outubro de dous mil seis, en reunión realizada polo Sr. Director de Réxime Interior e o delegado dos traballadores, prestaron conformidade á referida amortización.

Ao respecto, cabe informar de que o posto de auxiliar administrativo creouse de xeito transitorio tanto no Cadro de Persoal como na RPT, para ser ocupado pola actual administrativa do Organismo Autónomo, en tanto non se realizasen as probas para cubrir o posto que hoxe desempeña, a través do sistema de promoción interna. No caso do posto de oficial coidador de mantemento, vixilancia e control, o Sr. Director de Réxime Interior considera que en épocas normais non se precisa, e para os períodos de vacacións e nos casos de baixas por enfermidade, xa existe unha lista para as substitucións oportunas.

No vixente Cadro de Persoal do Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias VigoZoo existen dous postos de auxiliar administrativo e dezaioito de oficial coidador de mantemento, vixilancia e control, polo que despois de amortizar estes postos o seu número se reduciría a un de auxiliar administrativo e dezasete de oficial coidador de mantemento, vixilancia e control; paralelamente, na RPT, os postos de auxiliar administrativo e de oficial coidador de mantemento, vixilancia e control experimentarían a mesma redución.

No referente á normativa vixente, esta está representada polas seguintes disposicións:

- a) Artigo 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que establece que corresponde á Corporación local aprobar, a través do orzamento, o Cadro de Persoal, que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.  
Anque tamén se establece que corresponde ás Corporacións locais a formación da RPT, a modificación da Lei de Bases de Réxime Local pola Lei de Medidas de Modernización do Goberno Local atribúe á Xunta de Goberno Local, no caso dos Municipios de gran poboación como é o caso de Vigo, a aprobación -e por tanto a modificación- da RPT (art. 127.1h) da Lei de Bases de Réxime Local).
- b) No tocante á modificación do Cadro de Persoal durante a vixencia do orzamento, o art. 126.3 do RD lexislativo 781/1986, do 28 de abril, establece que deberá cumprir os trámites fixados para a modificación

- do orzamento, e no referente á RPT, a competencia para a súa modificación corresponde á Xunta de Goberno Local.
- c) En virtude do sinalado no apartado anterior, o procedemento de modificación do Cadro de Persoal debe cumprir os mesmos trámites que para o orzamento contempla o artigo 168 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da lei de Facendas Locais e consta de:
- aprobación inicial
  - exposición ao público, previo anuncio no BOP por prazo de quince días, transcorridos os cales, e se non existen reclamacións entenderase aprobada.
  - No caso contrario, resolución das reclamacións e aprobación definitiva pola Corporación.

No caso da RPT, basta coa aprobación da modificación pola Xunta de Goberno Local, sen que, segundo sinala a xurisprudencia do Tribunal Supremo, ao tratarse dunha modificación esporádica, sexa preciso publicala no BOP.

Naturalmente, tratándose do Cadro de Persoal dun Organismo Autónomo Municipal, deberá o seu Consello de Administración pronunciarse previamente e propoñer ao Concello a amortización.

Por iso, este Secretario delegado, propón ao Consello de Administración do Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias VigoZoo a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar e propoñer á súa vez ao Pleno da Corporación Municipal, a modificación do Cadro de Persoal do Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias VigoZoo seguinte:

Amortización dun posto de auxiliar administrativo e outro de oficial coidador de mantemento, vixilancia e control, pasando de dous a un, e de dezaioito a dezasete, respectivamente.

..."

O interventor delegado do organismo autónomo Parque das Ciencias VigoZoo, por escrito de data 5 de outubro, informa o seguinte:

"1.- A proposta que se somete a consideración do Consello se tipifica como una modificación do cadro de persoal durante a vixencia do orzamento, prevista no artigo 126.3 do RDLex. 781/1985, sendo competencia para a súa aprobación o Pleno da Corporación Municipal en consoancia co establecido no artigo 90 da Li 90/1985, Reguladora das bases de réxime local.

2.- Polo que respecta á tramitación do expediente deberase estar á regulación contida no artigo 169 do RDLex. 2/2004 (aprobación inicial, exposición ó público, etc.).

3.- Esta intervención delegada entende que a redución do cadro de persoal do organismo autónomo, toda vez que consiste na redución de dous postos de traballo vacantes, pode levarse a efecto sen que isto supoña menoscabo ningún no nivel de eficacia na prestación do servizo, o que en definitiva traducirase nunha mellora no grao de eficiencia.

4.- Por último é de significar que dado o escaso marxe de dispoñibilidade de créditos para o financiamento de expedientes de modificación orzamentaria, a amortización de prazas que se propón permite liberar dotacións orzamentarias do capítulo I, que se destinarán á cobertura dos compromisos asumidos pola Corporación Municipal en relación á valoración dos postos de traballos dos grupos D e E.”

O Consello de Administración do organismo autónomo VigoZoo, en sesión do 7 de novembro, prestou a súa aprobación a anterior proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 23 de novembro, dictamina favorablemente.

(Está ausente o Sr. Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e dezasete votos en contra dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso,

ACÓRDASE:

Rexeitar a proposta de modificación do cadro de persoal do organismo autónomo Parque das Ciencias VigoZoo, no sentido de amortizar un posto de auxiliar administrativo e outro de oficial coidador de mantemento, vixilancia e control, que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

9.- (236).-MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 141/06. SUPLEMENTO DE CRÉDITO POR IMPORTE TOTAL DE 571.330,82 EUROS. (TRANSFERENCIA CORRENTE Á XERENCIA DE URBANISMO 471.330,82 € E COMBUSTIBLE E CARBURANTES 100.000 €).

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala na Memoria da Alcaldía que figura no expediente, de data 21 de novembro de 2006:

“Con data 16 de novembro de 2006 o xerente e o vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo trasladan a esta Alcaldía o expediente no que o Consello deste Organismo Autónomo tomou coñecemento do contido do informe

-----  
S.Ordinaria 27.11.06

do xerente de data 27 de outubro de 2006 no que, como director dos traballos de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal, se propoñía que o órgano competente do Concello incoase a tramitación dun crédito extraordinario por importe de 471.330,82 euros, en concepto de transferencia a esta Xerencia Municipal de Urbanismo, para o financiamento dunha indemnización reclamada pola entidade "Consultora Galega, SL", polos traballos extras realizados durante a execución do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo.

A determinación final desta indemnización realizarase nun acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, unha vez que exista a consignación orzamentaria adecuada e suficiente.

En realidade trátase, máis que de autorizar un crédito extraordinario, de complementar -no importe sinalado- o crédito existente no Orzamento vixente de transferencia para gasto corrente ó Organismo Autónomo "Xerencia Municipal de Urbanismo" (partida 4320.4100000).

Así mesmo, con data 20 de novembro de 2006, o coordinador de Área de Servizos Xerais, D. Álvaro Crespo Casal, traslada a petición do xefe do Parque Móbil de suplementar en 100.000 euros a partida orzamentaria de combustibles e carburantes (partida 1212.2210300). A insuficiencia do crédito existente produciuse polo forte incremento dos prezos dos combustibles e polo forte consumo realizado con motivo da intensa colaboración deste Concello nas tarefas de extinción dos incendios do pasado mes de agosto.

En ambos casos indícase a imposibilidade de demorar ó exercizo seguinte ós devanditos gastos.

O financiamento dos 571.330,82 euros, que como máximo requiriranse para financiar os dous gastos antes descritos, constituírao o ingreso de 607.471,66 euros producido nas arcas municipais o pasado 7 de novembro, provinte do Estado, en concepto de compensación da bonificación ós Centros de Educación concertados no imposto sobre Bens Inmóbles.

Este ingreso, especificado no presente expediente en catro certificacións do Tesoureiro de data 16 de novembro de 2006, por non estar previsto no orzamento corrente, considérase un recurso adecuado para o financiamento dos devanditos suplementos de crédito.

Por todo o exposto e previos os preceptivos trámites, propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo.

Autorizar un suplemento de crédito por importe total de 571.330,82 euros, con cargo ós maiores ingresos recadados no concepto do IBI, co seguinte desglose:

Modificación do Estado de Gastos:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Importe</u>
4320.4100000	Transferencia corrente á Xerencia de Urbanismo	471.330,82 €
1212.2210300	Combustibles e carburantes	100.000,00 €
TOTAL	571.330,82 euros.	

Modificación no Estado de Ingresos:

-----  
S.Ordinaria 27.11.06

Concepto	Descrición	Aumento previsión
112.01	Imposto sobre Bens Inmables	571.330,82 €

O interventor xeral, con data 21 de novembro de 2006, emite o seguinte informe:

“Vista a Memoria da Sra. Alcaldesa-Presidenta deste Concello de Vigo de data 16 de novembro do ano en curso, expediente de modificación orzamentaria número 141/2006, que inclúe unha proposta de autorizar un suplemento de dous créditos existentes no orzamento vixente, a financiar con cargo ó maior ingreso recadado sobre o total previsto no concepto de imposto sobre Bens Inmables, o funcionario que subscribe, en cumprimento do ordenado polos artigos 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais e 37.3 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, procede a emitir o seguinte informe:

1.- Clase de modificación orzamentaria proposta.

O expediente que se está a tramitar contén dous suplementos de crédito por un importe global de 571.330,82 euros.

Os suplementos de crédito son aquelas modificacións do Orzamento de Gastos, mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non se pode demorar ata o exercizo posterior, sendo o crédito previsto insuficiente e non susceptible de ampliación.

Esta clase de modificación orzamentaria atópase regulada nos artigos 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais e 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, así como na Base 8ª das de execución do Orzamento vixente.

Os maiores ingresos recadados sobre os previstos no exercizo corrente, como recurso proposto neste expediente para financiar a modificación, regúlase nos artigos 177.4 de dito corpo legal e 36 do mencionado Real Decreto.

2.- Descrición da modificación orzamentaria proposta.

Os devanditos suplementos de crédito deben referirse a gastos de carácter específico e concreto.

No expediente que se somete a informe e segundo se desprende da proposta incluída no mesmo, o suplemento de crédito interesado ten unha dobre finalidade: incrementar a partida de transferencia corrente á Xerencia Municipal de Urbanismo para poder afrontar o pagamento dunha indemnización reclamada pola empresa adxudicataria dos traballos de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal e incrementar a partida de combustibles e carburantes.

Con ocasión, no seu caso, da execución de dito suplemento de crédito haberá de proceder á emisión do correspondente informe de fiscalización crítica ou previa por esta Intervención.

Por outra parte debe sinalarse que é requisito esixido pola normativa financeira citada de aplicación, que o gasto que ampare o suplemento de crédito sexa urxente e non poida demorarse para o exercizo seguinte, requisito que consta na Memoria da Alcaldía e nos seus antecedentes.

Así mesmo, tamén constátase por esta Intervención a insuficiencia de saldo de crédito non comprometido nas partidas 4320.4100000 e 1212.2210300 do estado de gastos do Orzamento deste Concello, no nivel establecido de vinculación xurídica e que non pode ser obxecto de ampliación.

### 3.- Recurso financeiro.

O recurso que se propón para o financiamento do suplemento de crédito, consiste nos maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, en concreto o ingreso de 607.471,66 euros producido nas arcas municipais o pasado 7 de novembro, provinte do Ministerio de Economía e Facenda do Estado, en concepto de compensación da bonificación aplicada ós centros de educación concertados na esacción do imposto de Bens Inmóbles. Tal extremo acredítase no expediente mediante catro certificacións do tesoureiro de data 16 de novembro que totalizan o importe sinalado.

Este ingreso, non previsto especificamente no Orzamento vixente, constitúe un medio de financiación dos previstos nos artigos 177.4 TRLRHL e 36.1.b) do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

De conformidade co citado artigo 177.4 do TRLRHL e o 37.2.c) do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, acredítase no expediente que os ingresos orzamentarios non finalistas se veñen producindo con normalidade.

### 3.- Tramitación e aprobación do expediente.

De conformidade co disposto nos artigos 177.2 do Real Decrero Legislativo 2/2004, do 5 de marzo e 38 do Real Decreto 500/90, serán de aplicación as normas sobre aprobación, información, reclamacións, publicidade e recursos contenciosos-administrativos, aplicables ós orzamentos; sendo competente, por tanto, o Pleno da Corporación para aprobar esta modificación orzamentaria."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 23 de novembro, dictamina favorablemente a proposta da Alcaldía citada.

O secretario xeral do Pleno, con data 24 de novembro, emite informe e manifesta que a instrucción do expediente nesta fase procedimental se axusta á legalidade aplicable.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Unha cuestión de orde, Sra. Alcaldesa. Eu queríalle propoñer que votemos separadas as partidas porque se votamos un só punto é un voto mesturado que non ten nada que ver un co outro e polo tanto propoño unha votación separada. Podémolo argumentar xuntos se se quere pero votalo separado.



A PRESIDENCIA: Non hai ningún problema.

SR. RUIZ CENICEROS: Nesta proposta de modificación presupostaria se inclúen dúas partidas distintas, unha para adoptar crédito en concreto do que é unha reclamación de responsabilidade patrimonial ou de aumento de contrato por parte de Consultora Galega, que é a empresa adxudicataria do contrato de redacción do Plan Xeral. En concreto neste caso solicita un aboamento por importe de 471.330,82 euros, que se traduce en 78 millóns e medio practicamente de pesetas.

Chámanos a atención, porque esta cuestión se presentou no Consello da Xerencia, que a situación a día de hoxe desta reclamación sexa exactamente a mesma, é dicir, Consultora Galega solicita unha suposta indemnización por unha serie de partidas que en concreto, e xa non é que o digamos nós senón que mesmo hai informes técnicos municipais, informes técnicos por parte da Xerencia de Urbanismo que poñen en cuestión a viabilidade ou procedencia de facer estes correspondentes aboamentos e é necesario lembrarllo ó goberno municipal porque non achegou nin un só dato máis que desminta esta dúbida razoable.

En concreto e como afirman os informes da Xerencia de Urbanismo, non constan as facturas supostamente realizadas ou emitidas pola empresa que tamén supostamente realizou as maquetas feitas durante a exposición pública, nin tampouco consta o traballo para realizar esas maquetas que aportaron os propios servizos de Cartografía da Xerencia de Urbanismo. Tampouco consta en principio o prezo unitario de cada unha das copias cuxo pagamento reclama Consultora Galega. A elaboración dun estudo de impacto paisaxístico cuxo pagamento reclama o equipo redactor en principio forma parte da obriga contractual de elaboración do Plan Xeral, é dicir, é un documento que obrigatoriamente debe estar no Plan Xeral co que o equipo redactor non debe pedir un pagamento extraordinario.

Iso está afirmado tanto polos técnicos de Planeamento como mesmo polo informe emitido polo propio Xerente de Urbanismo que afirma que ese aboamento a maiores de 24.000 euros non é procedente e non se descontou.

En principio a modificación presupostaria que se está a presentar aquí non desconta o que ademais ten o informe desfavorable por parte do director de Urbanismo, é exactamente a mesma partida que reclama no seu escrito inicial Consultora Galega.

Todos os traballos de colaboración cuxo pagamento reclama agora o equipo redactor no período de exposición pública forman parte da súa obriga contractual de participar, colaborar e axudar ó Concello no que é a divulgación do documento durante a exposición pública.

O traballo extraordinario que solicitan polos seus estudos e elaboración de planos no proxecto de acceso norte ferroviario, en realidade forma parte do deseño do sistema xeral ferroviario que debe incorporar o Plan Xeral. Do mesmo xeito que non se lle paga ningunha cantidade extraordinaria por deseñar a saída sur que consta no Plan Xeral, non procede de ningún xeito que se lle pretenda tamén aboar unha cantidade adicional por deseñar o acceso norte do sistema xeral ferroviario en Vigo.

E xa o que é aínda máis rechamante é indemnización que reclaman por supostos retrasos na tramitación acontecidos entre maio de 2003 e febreiro de 2004. É necesario lembrar que os propios técnicos municipais, acudindo ó expediente administrativo, relatan unha por unha todas as xestións e trámites que se realizaron durante eses 6 meses e que imos novamente lembrar porque ó parecer aínda non se tivo en conta polo goberno municipal. 8 de maio de 2003, informe do xerente de Urbanismo; 20 de xuño de 2003, dilixencia do Alcalde de pulo do expediente; 24 de xuño de 2003, informe do arquitecto-xefe da oficina de Planeamento sobre a documentación presentada; 14 de xullo de 2003, presentación de seis exemplares por Consultora Galega; aínda nesta data Consultora Galega presentou as copias do documento do Plan Xeral para seren trasladadas a todos os grupos políticos e membros do Consello Consultivo; 3 de xullo de 2003, informe do subdelegado do Goberno, que se trasladou ó equipo redactor para que o tivese en conta e fixera as correspondentes modificacións; 15 de xullo de 2003, remisión da documentación á Consellería de Política Territorial para o seu estudo na Comisión mixta de seguimento.

Durante xullo de 2003 como mínimo houbo dúas reunións da Comisión mixta de seguimento coa Xunta de Galicia na que interviron os membros do equipo redactor. O 3 de outubro de 2003 remisión ó equipo redactor do oficio de Vías e Obras para achegar no Plan Xeral a ordenanza da vía pública que non a incorporaran. 14 de outubro de 2003, remisión a Consultora Galega da Orde Ministerial de desafectación de terreos de dominio público estatal que tampouco estaba engadida. En decembro de 2003 a Xunta de Voceiros encargou ó equipo redactor a elaboración dunha proposta para o encargo de ordenacións detalladas. O 14 de xaneiro de 2004 esa proposta aprobouse pola

Comisión delegada. O 23 de febreiro de 2004 a Xunta de Goberno ampliou o contrato por importe de 814.489 euros.

A todo isto débemoslle engadir que houbo como mínimo cinco reunións da Comisión delegada con presenza do equipo redactor entre os meses de xullo, setembro e outubro de 2003; que no mes de setembro cada grupo municipal bilateralmente tivo unha reunión privada co equipo redactor para explicación do Plan Xeral e que en setembro de 2003 esta Corporación tomou a decisión de modificar as propostas de recalificación de Cluny e Balaídos. Como mínimo realizáronse eses supostos con seis meses de retraso, como mínimo o expediente tivo a mesma actividade que durante o resto dos cinco anos e medio de tratamitación. Por ese suposto retraso propón o goberno municipal aboar máis de 100.000 euros á empresa redactora do Plan Xeral. Por último e en todo caso, ó noso xuízo, de houberen que reclamar algún tipo de demora, tería que seren o Concello quen lle reclamara esa demora ó equipo redactor e só imos mencionar das datas que constan nos expedientes administrativos.

O equipo redactor tardou sete meses, respecto dos tres que constaban no contrato en entregar o documento entre a data do Avance e en maio cando entregou o documento supostamente para aprobación inicial. Tardou nove meses en entregar as ordenacións detalladas que se lle encargaran como ampliación de contrato cando tiña un prazo máximo de seis meses. Tardou un ano en entregar o documento para a aprobación provisional logo da exposición pública cando contractualmente tiña un prazo de catro meses. E non imos lembrar agora os sucesivos anuncios que o equipo redactor realizou anunciando que ó mes seguinte ía ter o documento listo para o elevar a Pleno.

Xa noutros contratos como o Plan especial do ensanche, como xa sabemos e consta así no expediente con informes contundentes dos técnicos da Xerencia, tardou un ano en entregar un plan de traballo cando tiña que entregalo nun prazo dun mes e do PEPRI Casco Vello xa non digamos porque levamos como mínimo dous anos e medio de retraso para ter un documento listo para aprobación definitiva e a día de hoxe aínda non se sabe cando se vai ter ese documento.

Isto engádese ademais ós pagamentos extraordinarios que se aprobaron no Consello da Xerencia por importe de máis de 800.000 euros para aboar ordenacións detalladas como as de Guixar cuxo contrato non existe, e abonar ordenacións detalladas como as de Samil, cuxo contrato non só existe senón que esas ordenacións detalladas nin constan no documento, nin siquera

consta a súa presentación no expediente, é dicir, non consta oficialmente que esas ordenacións detalladas tiveran entrada no Concello de Vigo e dende logo este grupo municipal non as coñece.

O resultado de todo isto é que a Corporación pretende pagar a día de hoxe practicamente 3.285.832 euros por un contrato inicialmente pactado por importe de practicamente 1.200.000 euros, é dicir, estase achegando a triplicar o importe inicial sen contrato, sen adxudicación, nin se axustar a todo o que son os requisitos da contratación pública e da pública concorrencia que son obrigatorios en toda a xestión contractual das administracións públicas, o que é unha irregularidade manifesta non só polo feito en si, senón porque ademais vai en contra de informes emitidos pola Xerencia de Urbanismo.

Por todo isto non só nos vemos obrigados a votar en contra desta dotación orzamentaria, senón que facemos unha seria advertencia ó goberno municipal de que este expediente e esta ampliación nestas condicións non se pode aprobar porque é indefendible diante de calquera instancia e é unha irregularidade grave e manifesta.

SR. FIGUEROA VILA: Só clarexar que aquí o único que se fai é habilitar crédito. Este expediente terá que ir á Xerencia de Urbanismo para aprobar o fondo do tema e alí debateremos e daremos todo tipo de explicación que xa se deron na Xerencia de Urbanismo. Seguramente que se algún grupo facilitara e colaborara coa Corporación e coa cidade para aprobar o Plan Xeral non estaríamos falando disto, pero hai grupos que tentaron entorpecer este traballo e estas son as consecuencias.

SR. SOTO FERREIRO: En primeiro lugar dicir que votaremos a favor da transferencia relativa ó combustible e ó carburante porque se son necesidades obxectivas do servizo non temos nada que dicir.

Con respecto á outra partida temos dous tipos de posicións. En primeiro lugar non nos gusta nin o que, nin o cómo, Sr. Ruíz. Nin o que fixo o equipo redactor nin como o fixo, dígollo así de claro e vou ser moi breve na intervención. Paréceme que ten boa parte de razón en moitas das cousas que dixo.

Nun momento determinado un dubida qué facer. É dicir, neste tema nós movémonos entre un voto en contra e unha abstención, xamais cun voto a favor en función do que acabo de dicir porque se non me gusta nin o qué nin

o cómo votar a favor semellaría imposible. Decatámonos pola abstención malia compartir moi boa parte dos seus argumentos.

Somos o grupo máis pequeno da Corporación e estamos tentando permanentemente asumir responsabilidades que non deberían ser nosas, pero lle dixen algunha vez que actuamos como se fosemos goberno permanentemente, con esa vontade política, non sei se o facemos ben ou mal que esa é outra cousa pero si o facemos con esa vontade. Con esa vontade non podemos obviar o que podería seguir se non votamos isto, qué pode pasar se realmente non votamos isto a favor, ou non permitimos que isto vaia cara adiante. Realmente entendemos que nos meteríamos nun "pandemonium" infinitamente peor que deixando que isto siga o seu curso. Só por iso nos imos abster.

SR. RUÍZ CENICEROS: Só unha aclaración máis, Sr. Soto se non se votase isto a favor sinxelamente Consultora Galega cobraría o que contractualmente aceptou no momento de concorrer. É máis, aínda lle queda o 20% do contrato inicial por cobrar, non é que Consultora Galega cobrara na súa totalidade todo o que inicialmente se pactara, senón que aínda lle queda o 20% a maiores do que aquí a día de hoxe se está propoñendo.

En canto ó concelleiro de Urbanismo, dicir que cando isto se expuxo na Xerencia falou de que en realidade non era unha decisión definitiva e que se dilataría no tempo cando realmente fixera unha proposta firme, lembrarlle que se en principio a súa intención é revisar que efectivamente non sexan necesarios os 431.000 euros, como supoñemos que a este Concello non lle sobran os cartos, que non vincule nin en principio deixe atado o uso de determinados fondos municipais para unha proposta que segundo vostede se vai revisar. Agás que en realidade o que vaia pasar é que non se vaia revisar esa proposta, que teñan vostedes intención de aboar na súa integridade o que inxustamente está reclamando o equipo redactor porque supoñemos que ó Concello non lle sobran os cartos para os vincular a destinos que non se van materializar.

*A petición do voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, vótanse separadamente os dous conceptos da modificación proposta pola Alcaldía-Presidencia.*

(Está ausente o Sr. Iglesias Carrera)

VOTACIÓN DA TRANSFERENCIA CORRENTE Á XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO: Con dezaseis votos a favor dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobade Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, oito votos en contra dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Ruiz Ceniceros e Sío Lourido, e dúas abstencións dos Sres. Alonso Alvarez e Soto Ferreiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a transferencia corrente á Xerencia de Urbanismo por importe de 471.330,82 euros, nas condicións que se sinalan na memoria da Alcaldía transcrita nos antecedentes.

VOTACIÓN DA TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA COMBUSTIBLES E CARBURANTES.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a transferencia de crédito para combustibles e carburantes por importe de 100.000,00 euros, nas condicións que se sinalan na memoria da Alcaldía transcrita nos antecedentes.

Explicación de voto do voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Toba Girón:

O noso grupo vota a favor da modificación de crédito que era un único expediente, Sra. Presidenta, cun único punto, pero llo votamos a favor porque se trata por unha parte de cubrir os fondos necesarios para unha reclamación de débeda presunta e por outra banda de atender ós gastos en combustible desta administración.

Polo tanto votamos a favor e con iso o que facemos é aprobar o nacemento do crédito necesario que no seu momento deberá seren utilizado de acordo cos procedementos regrados da Lei de contratos das administracións públicas.

Quero dicir con isto que o noso grupo neste momento non prexulga o consumo dese crédito nin no caso da Xerencia, nin no caso do combustible porque tamén nese caso o gasto terá que estar convenientemente xustificado. Nada máis, gracias.

10.- (237).- APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL DOS TRABALLADORES DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS.

ANTECEDENTES.- A Xunta Rectora da Escola Municipal de Artes e Oficios, en sesión do 17 de novembro, acordou por unanimidade aprobar inicialmente o regulamento do fondo de acción social da devandita escola.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 20 de novembro, dictamina favorablemente a aprobación do devandito regulamento co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

(Está ausente o Sr. Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, acórdase:

Aprobar inicialmente o Regulamento do fondo de acción social da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo co texto que figura a seguir:

**REGULAMENTO DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO.**

**Artigo 1.- OBXECTO**

É obxecto do presente regulamento establecer e organizar o funcionamento do Fondo de Acción Social da Escola Municipal de Artes e Oficios, de conformidade co establecido nos artigos 30 e 31 do Convenio-Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores do concello de Vigo 1999-2002, ó que está acollido este organismo autónomo.

**Artigo 2.- CONTIDO**

O Fondo de Acción Social nutrirase das cantidades consignadas nos orzamentos anuais da Escola de Artes e Oficios, segundo o acordado na Mesa de Negociación.

Constitúese un fondo adicional, ó que se lle acumula a parte non consumida nun exercizo ó seguinte, para facer fronte a sucesos graves e extraordinarios que lle poidan ocorrer ó traballador ou a súa familia (cónxuxe e fillos). As asignacións con cargo a este fondo serán finalistas e deberán ser xustificadas polo/a beneficiario/a.

**Artigo 3.- FINALIDADE**

Ten como finalidade o desenvolvemento de programas sociais para o conxunto do persoal da EAO, destinados a promover a mellorar as súas condicións de vida, tanto no ámbito profesional como no persoal.

#### **Artigo 4.- COMPOSICIÓN DA COMISIÓN**

A Comisión xestora do FAS, estará composta polos delegados/as sindicais da EA0 e un membro de cada sindicato que non acadara representación nas eleccións sindicais (se se presentou). Ás reunións será convocado/a por escrito o/a concelleiro/a delegado da EA0.

Asistirá como asesor un empregado da área económica, con voz e sen voto.

Dentre os seus membros nomearase un secretario/a e un presidente/a, encargados respectivamente, de redactar as actas e presidir as reunións. O/A presidente/a terá voto de calidade.

#### **Artigo 5.- FUNCIONES DA COMISIÓN**

1ª Propoñer ó Organismo Autónomo os programas e actuacións dirixidas a mellorar o benestar social do persoal da EA0.

2ª Organizar as actividades necesarias para a execución dos programas do FAS.

3ª Resolver as convocatorias de axudas derivadas da execución dos programas e accións do FAS e propoñer ó órgano correspondente a aprobación definitiva.

4ª Manter a disposición da administración e do persoal, información permanente sobre a situación da execución dos programas aprobados.

5ª Elaborar unha memoria anual sobre a execución dos programas do FAS, remitila á administración e darlle publicidade entre o persoal.

6ª Calquera outra actuación que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos para conseguir co FAS mellorar as condicións sociais do persoal.

#### **Artigo 6.- CONVOCATORIA AXUDAS**

A Comisión Xestora do FAS axustará as convocatorias das axudas para o persoal ós seguintes principios:

1ª Publicidade.

2ª Igualdade de trato, tendo en conta a capacidade económica do/a solicitante.

3ª Respecto á intimidade das persoas cando, xunto coa solicitude, se acheguen datos íntimos ou persoais.

4ª Solidariedade.

5ª Obxectividade.

#### **Artigo 7.- PROCEDIMENTO DAS SOLICITUDES**

1.- Poderá solicitar axudas do FAS todo o persoal empregado da EA0.

2.- As solicitudes faranse en modelo oficial facilitado pola Comisión, á que se achegará a documentación xustificativa dos datos que se esixan nas bases da convocatoria.



3.- O prazo para a presentación de solicitudes figurará en cada convocatoria específica.

4.- As convocatorias publicaranse nos taboleiros de anuncios do centro.

5.- As solicitudes xunto coa súa copia presentaranse no local sindical e devolveráselle copia selada ó/á interesado/a, na que figure a data da súa presentación.

#### **Artigo 9.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.**

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión xestora do FAS, examinará as solicitudes e adxudicará as axudas, conforme ás bases publicadas, remitirá o acordo á oficina administrativa para a súa tramitación.

#### **Disposición final 1ª.**

O presente Regulamento entrará en vigor o día da súa aprobación pola Xunta Rectora da EAO.

#### **Disposición final 2ª.**

A modificación deste Regulamento requirirá os mesmos trámites que a súa aprobación e a iniciativa partirá sempre da Comisión Xestora do FAS.

#### **Disposición final 3ª.**

Á entrada en vigor do presente regulamento queda derogado o vixente, así como a resolución ou acordo que se opoña a este.

#### **11.- (238).-PROPOSTA DE NOMEAR UN VIAL COMO "CLARA CAMPOAMOR".**

ANTECEDENTES.- Con data 10 de novembro de 2006, a xefa de Estatística emite informe relativo a necesidade de dotar de nome á estrada que vai á Universidade de Vigo, o que produce problemas ás vivendas e industrias instaladas na zona. Polo exposto a xefa de Estatística emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

INTERVENCIÓN DA SRA. SÍO LOURIDO: Falando coa Sra. Méndez o outro día e tendo en conta que a todos os grupos municipais nos parece ben nomear o vial da Universidade co nome de "Clara Campoamor", dicía ela que ó mellor toda a xente seguía nomeando a rúa como vial da Universidade.

Por iso lle queremos pedir ó Goberno que fixera un esforzo na sinalización desta rúa e en todo o que sexa a difusión que se poida facer en canto se nomee á rúa como tal para que as cidadás e os cidadáns da nosa cidade teñan coñecemento deste feito e do nome.

A PRESIDENCIA: Estamos de acordo e así o faremos.

(Está ausente o Sr. Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear á estrada que comeza no cemiterio de Pereiró e remata na Universidade de Vigo, como "Estrada de Clara Campoamor".

12.- (239).-PROPOSTA DE NOMEAR VIAIS NA PARROQUIA DE CASTRELOS COMO "CAMIÑO DO CARRO" E "CAMIÑO DAS TRES CRUCES".

ANTECEDENTES.- Por Escrito de data 5 de outubro de 2006, a xefa de Estatística formula o seguinte informe:

"Dende o departamento de Estatística detectáronse na parroquia de Castrelos dous novos viais que non teñen nome.

Ademais destes dous, o vial que comeza noa Camiño de Centieira e remata na rúa Portoloureiro, produce moitas confusións porque se mesturan para identificar os inmobles unha parte numerada por Centieira e outra por Portoloureiro, como se pode observar no plano que se achega. Polo tanto é conveniente que teñan un nome diferente.

Consultado o servizo de Normalización Lingüística informa da carencia de información tomonímica nesa zona."

Polo exposto, e logo de solicitar información á Asociación de Veciños Monte da Mina de Castrelos, a xefa de Estatística formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

(Está ausente o Sr. Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Nomear ó vial que comeza na rúa Portoloureiro e remata no Camiño Centieira, que figura en cor amarela no plano achegado ó expediente, co nome de "Camiño do Carro".

Segundo.- Nomear ó vial que comeza na rúa Costa e remata perto do Camiño da Galindra, como "Camiño das tres cruces".

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación Municipais e máis todos os asistentes no Salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas mulleres vítimas da violencia de xénero.*

*En cumprimento de acordo da Xunta de Voceiros, altérase a orde do día pasando a debater en primeiro lugar a moción do Grupo Municipal Socialista que figura no punto número 14.*

14.- (241).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA ÁS FUNCÍONS DO "VISIONCAR".

ANTECEDENTES.- por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 3 de novembro, o voceiro do Grupo municipal Socialista formula a seguinte moción:

"O artigo 77 da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial indica que as denuncias de infraccións formuladas polos axentes da autoridade deberán ser notificadas no mesmo acto aos denunciados, salvo nos casos seguintes:

- Cando a detención do vehículo pode supoñer un risco concreto: gran intensidade circulatoria, factores meteorolóxicos ou obras.
- Cando a autoridade teña coñecemento dos feitos a través de "medios de captación e reprodución de imaxes "que permitan a identificación de vehículos".
- Cando, no caso de vehículos estacionados, o conductor non estea presente.

A causa concreta e específica pola que non sexa posible notificar no acto ao suposto infractor debe facerse constar na propia denuncia.

Diversas resolucións xudiciais (Xulgados Contenciosos-Administrativos nº 2 e nº 1 de Vigo) teñen indicado en diversas sentenzas, non susceptibles de recurso ningún, a non consideración do vehículo chamado popularmente "multamóvil" como un "medio de captación e reprodución de imaxes" nos termos indicados pola lei, recoñecido incluso polo propio Concello.

Indican tamén as sentenzas que o coñecemento da infracción se produce de xeito persoal polo axente que vai no "visioncar" ou "multamobil" polo que as fotografías realizadas non son máis que elementos auxiliares do labor da policía. Son polo tanto innecesarias xa que o decisivo é a presunción de veracidade coa que contan os axentes da Policía Municipal, como non pode ser menos.

O axente terá polo tanto a obriga de se baixar do vehículo para notificar no mesmo acto ao denunciado por estacionamento irregular ou pola contra comprobar a ausencia do conductor, única razón que xustifica a non notificación no acto da denuncia.

En definitiva e dun xeito sinxelo, está claro que a aportación do chamado "multamóbil" non supón ningunha vantaxe sobre calquera outro vehículo, moto ou coche dos utilizados pola policía municipal, o que converte a inversión no multamóbil a efecto sancionador en totalmente innecesaria.

Pola contra a súa utilización ata o momento ten significado que máis de 50.000 vigueses teñen aboado ás arcas do Concello máis de 7.000.000 de euros recadados inxustamente e que, se se apuntan ao recurso, teñen dereito á súa devolución con intereses.

Todo iso despois de que máis de 10.000 recursos foran desestimados pola Concellería de de Seguridade e Mobilidade con absoluto desprezo para os cidadáns, segundo recoñece o propio informe do Valedor do Cidadán deste ano.

Por todo o anterior o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Que a Alcaldesa da cidade retire as funcións sancionadoras que veñen sendo as exclusivas do vehículo "visioncar" para adicalo a outras funcións para as que tamén está concebido: estudos de circulación, estacionamento, búsqueda de vehículos roubados..., que poidan contribuir á mellora do tráfico da cidade."

A comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, en sesión do día 20 de novembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Equivócanse os que pensan que esta é unha moción que enfronta ó multa móbil fronte a un si ou non. Coido que non é necesario que o explique precisamente un concelleiro que amosou o seu respecto e o seu traballo pola disciplina nos temas do tráfico dun xeito práctico e sería absolutamente incompresible pola miña banda que defendera o contrario.

Esta moción vai de cumprir a legalidade, de que nun Estado de Dereito as resolucións xudiciais obrigan a todos.

O artigo 77 da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial deixa perfectamente claro que un dos supostos no que non é

necesario notificar no mesmo acto ós denunciados é cando a autoridade teña coñecemento dos feitos a través de medios de captación e reprodución de imaxes que permitan a identificación dos vehículos; dío así de claro. O que veñen dicindo todas as setenzas que hai ata o momento é que o multa móbil ou Visioncar non se pode considerar, e así actúa o propio Concello, como un medio de captación e reprodución de imaxes.

Para entendérmonos, os radares si son medios de captación e reprodución de imaxes, están axeitadamente homologados e precisamente estamos vivindo o proceso de que se están facendo por parte do Instituto Nacional de Metereoloxía todos os esforzos para que estean perfectamente contrastados e non se poden poñer en práctica mentres tanto. Por certo, direilles que para seren consecvente coa disciplina urbanística no próximo Pleno haberá unha moción na que pediremos que Vigo non sexa unha illa á hora de que tamén as infraccións descuenten puntos no carné.

O rádar si é un medio de captación e reprodución de imaxes, cousa que non é o coñecido como multa móbil como din sentenzas xudiciais non dun único xulgado, senón xa de dous xulgados desta cidade.

A prudenza e a cautela do Grupo municipal Socialista foi intensa neste tema porque entendemos que por suposto era un tema de enorme repercusión,. É cando xa hai moitas sentenzas, non só dun só xulgado, que din perfectamente que este vehículo non é un medio de captación e reprodución de imaxes nos termos da lei co que salientan perfectamente que as infraccións multadas corresponden a unha decisión da autoridade municipal, do policía local. Como non pode ser menos, como reconece a lei, son os que contan coa presunción de veracidade e que a foto que fai ese vehículo o único que supón é un elemento auxiliar, accesorio, en todo caso innecesario, que non ven mal pero que non é de ningún xeito obrigado.

Se deixan iso perfectamente claro é obvio que en definitiva cando o policía municipal que vai no vehículo e tócalle ó botón para que faga a fotografía, quen ve a infracción é ese policía que se fora andando, en moto ou en calquera outro vehículo faríao exactamente igual sen a foto que os xulgados non necesitan como todo o mundo sabe porque o Visioncar é un invento relativamente recente. É dicir, o que hai que facer é o mesmo que fai calquera policía municipal que vaia andando, en moto ou en vehículo normal: ver se está o infractor, o dono do vehículo, e se non está deixar a correspondente papela indicando que está ausente como ven sendo cotiá.

Polo tanto queda perfectamente claro nas resolucións xudiciais, que logo se é necesario leo parágrafos concretos, que este vehículo non supón

absolutamente ren dende o punto de vista legal, non supón ningunha aportación tal e como está a lei nestes intres e por suposto cando presentei a moción expresei publicamente que me encantaría que poidera ser modificada para que o Visioncar en efecto fora un elemento útil. Por certo, non só o Visioncar porque se este serve para que a policía municipal desapareza das rúas, pouco favor lle estamos facendo entre outras cousas á seguridade vial e ó mellor tráfico porque a relación do policía municipal co infractor coído que é absolutamente vital, cousa que non fai nunca unha máquina.

Pero á marxe de criterios diferentes que se poidan ter respecto a cómo se pode mellorar e a cómo se pode facer realmente educación vial, queda polo tanto claro que coas resolucións xudiciais existentes o Concello está obrigado a tomar medidas. Estou aberto a que se me expliquen as posibles medidas que se poden tomar para que o Visioncar sexa efectivo. Dende logo eu non as atopei aínda.

Quero deixar polo tanto perfectamente claro que non sendo este un tema de "multa móbil si, multa móbil non" o que si quere dicir esta moción é que é absurdo por parte dunha administración tentar matar "moscas a cañonazos". Isto é o que é o Visioncar, un investimento impresionante para algo que non supón ningunha aportación novedosa, por suposto agás que se dedique a moitas outras cousas que si pode facer ese Visioncar.

Esta moción, á parte dunha cuestión de dereitos dos cidadáns, tamén é algo que a min me subleva especialmente: a inxustiza de que ó mellor os infractores cotiás, os que se toman a chacota a loita contra a dobre fila e outras infraccións, que teñen a súa compañía que os pode defender nun xulgado dun xeito económico, etc., poidan seguir campando nesta cidade polos seus respectos mentres que o cidadán responsable que comete unha infracción de cando en vez e que como responsable vai e paga esa infracción, está pagando algo que é o que realmente debería pagar o infractor cotiá que se está salvando porque vai a un xulgado e resólveo. Seméllame dunha gravidade intolerable.

Por iso é polo que propoñemos e somos perfectamente conscientes de que é a Sra. Alcadesa a competente nestes temas, que se retiren as funcións sancionadoras que veñen sendo as exclusivas hoxe por hoxe do vehículo Visioncar cando está funcionando para o dedicar a outras funcións que, como ben sabe o concelleiro, poden ser bastantes dado que ese investimento xa está realizado.

Por suposto que se hai maneira de cumprir coa legalidade, de que se cumpra co xulgado eu estou aberto a esas posibilidades sempre e cando non sexan na miña opinión tan absurdas como para pensar no tema da segunda volta, da segunda pasada, que se saque a fotografía nun intre e logo o vehículo volva pasar 10 ou 5 minutos e volva sacar a fotografía.

Posiblemente iso requiriría unha metodoloxía, como sabe moi ben o concelleiro, unha homologación que nestes intres o vehículo non ten á hora de marcar o horario de cando se fai a foto, etc., pero a min paréceme que sería aínda peor, unha solución dese tipo daría a impresión á cidadanía de que se pode aparcar en dobre fila ou outras infraccións durante os dez minutos que vai tardar en volver o segundo Visioncar, co que todo mundo entendería que se legaliza a posibilidade de aparcar en dobre fila un chisquiño, non os dous minutos que é o que se recoñece como parada co conductor presente, porque a partir daí, co conductor presente máis de dous minutos é infracción; o que podería entender o cidadán é que xa ten o aval para poder aparcar en dobre fila os dez minutos ata que pase o vehículo por segunda vez. Sería peor o remedio que a enfermidade.

Por iso, con toda a responsabilidade e defendendo a disciplina nos temas de tráfico ó 100%, cousa que por certo non se está a facer, defendemos e pedímoslle á Sra. Alcaldesa como competente que mentres non se atope solución retire esas funcións sancionadoras que son exclusivamente fonte de inxustiza, de incumprimento da legalidade e que haxa cidadáns de dúas categorías na nosa cidade.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Benvido a bordo, Sr. Losada, espero que este tempo que vai estar aquí estea o mellor posible e deséxolle os mellores parabéns.

Sr. Calviño, estivo falando vostede media hora pero eu non o acabo de entender. Eu que son unha persoa que sempre anda co coche aparcando onde me cadra, como todo o mundo, pódolle dicir que ultimamente dá gusto andar por Vigo porque desapareceu practicamente a dobre fila e isto gracias ó Multamóbil.

Eu de leis non lle entendo, agora ben, gustariame que o Secretario do Pleno emitira un informe xurídico cos aspectos que son legais e cos que non porque o que lin nos xornais de que un par de xulgados dixeron que non era legal, era porque o policía que vai no momento tiña que notificar ó condutor. Pois se o policía ten que baixar e notificar ó condutor que o faga.

Se sacamos este coche da rúa pode ter a completa seguridade que a dobre fila volve e está desaparecida. Eu non vou entrar en temas xurídicos, nin noutras historias, nin para que é o coche porque se quere que lle diga a verdade paréceme que isto en troques dunha moción constructiva semella unha moción de campaña electoral, visto o visto, porque a única vez que se está vendo que en Vigo está desaparecendo a dobre fila, que se está circulando ben, isto non ten sentido. Eu son o primeiro que estou en contra do Multamóbil polo que me atinxe porque a verdade é que son bastante mal conductor nese aspecto.

Repito de novo que non acabo de entender que sendo vostede como foi concelleiro de Tráfico e que moitas veces fóra de Plenos e de cámaras falou de que o tema do Multamóbil era unha boa solución, non sei a que ven isto sinceramente.

Claro que ninguén dos que andamos polas rúas estamos de acordo coas multas, eu acabo de pagar hai tres días unha multa por andar por beiramar a 70 por hora á unha da mañá; para min foi unha inxustiza pero tiveren que pagar como un caballero, qué remedio.

Gustariame que houbera máis sinais, que estiveran as rúas máis sinalizadas porque, por exemplo, na ponte da circunvalación se baixas pon a 80 e se subes a 40 e ademais hai un radar, entón a ver de qué criterio nos fiamos.

Agora ben, sacar o Multamóbil da rúa, qué quere que lle diga? sinceramente pareceríame unha inxustiza para esta cidade pero como vostede di, non para os malos conductores coma min, pero si para a xente que ven de cando en vez e aparca un momento en dobre fila, para eles sería malo pero alomenos agora podes circular.

SR. TOBA GIRÓN: Este é un tema complicado pero por moitos motivos. Eu non vou entrar en cuestións xurídicas aínda que tamén coñezo as sentenzas e daría para falar con coidado, pero vou falar dos aspectos políticos, da política de seguridade e da de tráfico.

Neste asunto o que houbo foi improvisación. A vostedes faláronlles desta posibilidade, diso que se chama multamóbil, ou visioncar en temos máis anglosaxóns aínda que tampouco máis precisos porque o termo multamóbil é moito máis preciso, máis eficiente. Vostedes puxeron en marcha este mecanismo sen se encomendar a ninguén. Esta é a realidade, puxérono en marcha sen estudar os procedementos, sen reflexionar por un momento nos procedementos e se embarcaron na posta en marcha dunha medida exclusivamente de seu, se mo permiten dicir así e con isto non quero dicir



que sexa unha boa ou mala medida, senón exclusivamente de seu, e embarcáronse de forma improvisada e sen estudar o procedemento.

Cometeron dúas equivocacións, en primeiro lugar non ten posto en común esa e outras medidas nunha política conxunta de tráfico na nosa cidade, asunto do que polo menos o meu grupo estaría disposto a falar en calquera momento. O tráfico é un dos problemas que ten calquera cidade, non só nosa, xestionalo é complicado e aportar todas e cada unha das medidas ou mesmo discutir en termos de planificación o conxunto de medidas a actuar para permitir unha mellor xestión do tráfico, podería ser un debate francamente interesante e que ademais debería ou podería haber un núcleo de acordo.

Pero vostedes non avanzaron pola vía do acordo, puxeron en marcha esa e outras medidas sen concordar coa Corporación, sen falar entre os grupos das pretensións, das buscas e mesmo dos mecanismos complementarios. Ese foi o seu primeiro erro. É unha decisión de vostedes e ademais poden cometer unha segunda equivocación: seguir considerando que é unha decisión exclusivamente de seu.

Todos coñecemos a lexislación das grandes cidades e as competencias da Alcaldía, Lei de bases de réxime local, e sabemos que efectivamente esa decisión está depositada exclusivamente na Alcaldesa, máis aínda, ante posicionamentos de discusión do procedemento, porque a discusión que está presentando o Sr. Calviño entendo que é basicamente de procedemento, vostedes xa atenazan polos medios de comunicación: "isto é unha decisión nosa e ímola seguir mantendo", baixo unha filosofía de disciplina que en principio podemos compartir pero que por outra banda é contradictoria coa súa non comunicación de puntos en relación por exemplo cun exceso de velocidade, baixo o meu punto de vista moito máis perigoso, máis grave que un aparcamento en dobre fila malia de que este poida provocar iso que se chama "tráfico retido". Vostedes cometeron esa equivocación e agora semella que están invocando á segunda equivocación. A grande equivocación foi que improvisaron tanto que nin estudaron o procedemento, copiaron.

Non lles vou discutir aí a boa ou mala vontade do estamento técnico do noso Concello á hora de poñer en marcha o procedemento, pero a realidade é que non reflexionaron sobre o procedemento. É máis, cando tiveron as primeiras novas de que ó mellor o procedemento facía auga, nin siquera avanzaron no seu perfeccionamento. O resultado é o que temos: unha medida obviamente impopular como calquera medida sancionadora, iso semella claro, pero que ademais presenta nestes momentos uns buracos no procedemento que realmente son preocupantes.

Nós coidamos que, independentemente de que agora xa non é tempo para suscitar un debate, Sr. Coello, que vostede tivo seguramente a oportunidade de dar en moitas ocasións a respecto de elementos que poidan formar parte dunha política de xestión de tráfico, na que estou seguro de que todos os grupos poderíamos colaborar e dalgún xeito, se cadra non ó 100%, pero si nalgunha medida aportar posicionamentos a esa mellor xestión de tráfico, vostede non o fixo, niso como en tantas cousas, e ademais nin siquiera preparou un bo procedemento para ese instrumento que, alomenos do coñecemento que eu teño, é un instrumento que a fin de contas actúa como a libreta de notas da Policía Local pero con foto. Evidentemente o que redunde non sobra como é o caso da foto probatoria ou da aportación da proba. Pero o que si é evidente é que non se reflexionou sobre o procedemento e polo tanto a responsabilidade é de seu.

Pero nós queremos ir un pouquiño máis aló. Entendemos a moción do Sr. Calviño e entendemos que ten un sentido constructivo ou alomenos nós queremos aportar un posicionamento constructivo. O que é verdade é que independentemente da validez ou non do instrumento o procedemento ten que ser perfeccionado.

Pero pode caber unha vía de avance se abandonamos posicionamentos de prioridade exclusivamente electoral e adoptamos posicionamentos que teñan que ver coa xestión sostible do tráfico en Vigo. Nese sentido agardo que no próximo Pleno debatamos a moción que xa anuncia o Sr. Calviño precisamente como unha parte, como un elemento máis.

Nós, entendendo a moción do Sr. Calviño, non compartindo algunha das argumentacións que vimos transcritas aquí e que radican tamén nalgún recurso do que temos coñecemento, si cremos que poderíamos adoptar un acordo que o noso grupo subscribiría coa introducción dunha emenda á redacción proposta polo Sr. Calviño. Esta emenda consistiría en onde aparece o termo anglosaxón "Visioncar", introducir: "e no prazo máis breve posible o goberno municipal defina un procedemento perfectamente legal de uso de tal instrumento, procedemento que será supervisado pola comisión de Xestión Municipal e mentres dedicalo.." e seguir tal como continua a moción do Sr. Calviño.

Se o Sr. Calviño acepta a miña emenda, nós o que queremos é ofrecer unha situación de encontro, de diálogo sobre un dos elementos de acordo e sobre un dos instrumentos que pode permitir ese acordo que é o traballo nunha comisión, na Comisión de Xestión Municipal, elemento tamén deste Pleno por outra banda e perfectamente representativo.

Polo tanto a nosa posición sería a de apoiar a moción coa introducción dese parágrafo que entendemos que non desbota para nada a posición exposta polo Sr. Calviño e que establecería que no prazo máis breve o goberno municipal, vostede, Sr. Coello, que é o responsable por decreto da alcaldesa das cuestións de tráfico, exprese un procedemento perfectamente legal á luz dalgunha desas sentenzas pero tamén da dos nosos asesores xurídicos, que permita utilizar ou alomenos discutir a utilización dese instrumento pero de xeito convenientemente regrado e que ese procedemento legal sexa obxecto de debate na Comisión de Xestión Municipal que a fin de contas é un elemento deste Pleno.

SR. COELLO BUFILL: Engadirme tamén á felicitación ó Sr. Losada e que teña os maiores éxitos.

Sr. Calviño, cando tiveren coñecemento da moción do Visioncar asinada por vostede sorprendíame. Entendía que a devandita moción a asinase calquera dos seus compañeiros de grupo e non quero sinalar a ningún por respecto institucional, pero me custaba crelo de vostede porque vostede estivo no primeiro soto pero a realidade dos feitos é a que é. Analicei a situación retrospectivamente a novembro de 2003 en que vostede tiña responsabilidades de goberno, era concelleiro de Tráfico e encargou unha campaña de dobre fileira que se levou a cabo durante ese mes.

Esa campaña contou co máis amplo dispositivo policial que se podía destinar a un só obxectivo. Seguro que ten boa memoria pero llo vou refrescar: 878 axentes, toda a Policía Local destinada a esa actividade coa cobertura dun plan de dispoñibilidade e obviando outro tipo de funcións tamén necesarias e imprescindibles para a salvagarda dos dereitos e obrigas dos nosos cidadáns, das nosas liberdades e da nosa convivencia en paz e liberdade. Como dicía Aristóteles a policía é o maior tesouro dos gobernantes. Ó final o resultado desa campaña de novembro tradúxose en 9.522 expedientes sancionadores.

No ano 2005 hai un novo goberno e ó pouco tempo se incorpora á Policía Local de Vigo un vehículo denominado "Visualcar" do que máis adiante referireime en concreto ás súas funcións; tramita nese mesmo mes 8.921 expedientes sancionadores, diferenza substancial co mesmo período de novembro de 2003. Os axentes da Policía retoman as funcións e as tarefas que se abandonaran e que lles son habituais, como funcións humanitarias, de convivencia, de seguridade cidadá, de axuda ás vítimas de violencia de xénero, medio

ambiente, custodiar o noso patrimonio, auxilio á xustiza, protección ás autoridades, funcións preventivas, ensinanza de seguridade vial, etc.

Sr. Calviño, por canto tempo se podería manter esa campaña? Voulle responder que de conformidade cos que deseñaron o plan non máis aló do que durou, é dicir, un mes ou mes e medio pois é absolutamente imposible deixar de facer outras funcións que require a sociedade. Vostede púxo a en escena e eu feliciteino.

No goberno da cidade apostamos pola tecnoloxía actual como unha ferramenta complementaria dos labores realizados pola Policía Local e que contribúe a facilitar o control en materia de tráfico, así como noutras cidades do noso contorno incorporaron a alta tecnoloxía, o denominado "Visualcar" ó servizo da Policía.

En Madrid hai dez vehículos máis un camuflado para funcións de seguridade; en Barcelona dous para a empresa municipal de transportes; en Gijón un para a Policía Local que revisa todo tipo de infraccións; en Bilbao, en Valencia, en Málaga, en Pamplona, en Sevilla, en Victoria, en Almería; chamáronme o outro día da Cadena Ser porque en Las Palmas van incorporar un vehículo á Policía Local. Están pendentes de adxudicación Albacete e Burgos.

Como anécdota comentareille, aínda que non está no noso ámbito territorial, que dende 1997 comezou en Londres a implementación dun programa de cámaras que, instaladas no fronte dun autobús ou ben de xeito estacionario na rúa, toman fotos dos infractores. Estas fotos dixitais das matrículas almacénanse e envíanse ó centro de procesamento. Hoxe existen 900 cámaras nos autobuses urbanos e 500 nas rúas que controlan os 700 carris bus da cidade e recadan 100.000 multas ó ano.

En consecuencia o "Visualcar" estase utilizando en toda España sen que se cuestione a súa eficacia e legalidade. Non se considera un medio de captación e reprodución de imaxes como se dixo antes, senón como unha ferramenta complementaria dos labores realizados pola Policía Local e que contribúe a facilitar o control en materia de tráfico.

O Sr. Viéitez sabe moi ben da miña actividade profesional e cando hai moitos anos eu era inspector de traballo, nas miñas funcións non tiñamos cámaras dixitais. Na actualidade a Inspección de Traballo, para función provatoria e como elemento adicional, leva obrigatoriamente en materia preventiva unha cámara dixital a efectos de que nos recursos quede constancia dos feitos denunciados no corpo da acta e iso contribúe, coa

presunción de veracidade que ten toda autoridade, a probar os feitos e a que o expediente teña máis forza diante dos contenciosos.

A diferenza dos restantes vehículos policiais, ó estaren dotado dunha cámara implica unha maior seguridade xurídica, unha proba adicional como veño de aportar, cunha maior garantía dos feitos denunciados.

O procedemento sancionador é o mesmo antes e logo do funcionamento do "Visualcar". As denuncias en ambos casos son impostas por un axente da Policía Local que cursa unha denuncia por infracción á Lei de seguridade vial e ó regulamento de procedemento sancionador. Estas denuncias non son discutidas polos denunciados, o presunto infractor non nega os feitos pois a infracción está o suficientemente acreditada na maioría dos casos e como di na súa moción, Sr. Calviño, non se desestimaron dez mil recursos do "Visualcar" "...con absoluto desprezo ós cidadáns" cousa que nego rotundamente. Actualmente resolvéronse 12.296 escritos presentados en relación a expedientes sancionadores nos que intervíu o "Visualcar"; escritos nos que se identifica ó conductor 8.460; escritos inadmitidos, fóra de prazo ou falta de lexitimación: 81; escritos desestimados 1.801; escritos estimados 1.466; escritos duplicados 488.

Cada expediente estúdase e analízase de xeito individualizado. Non procede a devolución das cantidades aboadas en concepto de multas posto que as mesmas foron impostas seguindo o procedemento legalmente establecido e sen que en ningún caso se produxera indefensión para os denunciados. Ó denunciado notificouselle a infracción, puido presentar alegacións, propoñer medios de proba, etc.

Polo tanto, tendo en conta a eficacia desta nova ferramenta que as novas tecnoloxías poñen ó servizo da Policía, permitindo facilitar ó seu traballo e optimizar os recursos humanos de que se dispón, considerando que a súa utilización non incumpre ningunha normativa, entendemos que non existe motivo para dudar da súa utilización.

Sr. Calviño, non quererá vostede, como bo profesor de ciencias que sei que o é, poñer límites á ciencia e ás tecnoloxías actuais. Estamos cumprindo escrupulosamente as resolucións xudiciais, somos respectuosos coa Xustiza e dende o primeiro momento este concelleiro que lles fala púxeme á súa disposición persoal e institucionalmente para cumprir a Lei e neste sentido se deron instrucións á xefatura da Policía local para o cumprimento das resolucións estrictamente no marco legal.

Por outra banda as funcións que vostede pretende que se realicen estanse garantindo por un vehículo que tamén temos no departamento que se chama

“Equipo móvil de adquisición de datos”, EMAD, que leva un equipo a bordo que dispón dun odómetro a efectos de poder contar os quilómetros percorridos e unha serie de funcións como pode ser medir a velocidade do percorrido e en definitiva a calidade da circulación por medio duns parámetros.

Ademais do exame das fotos detectáronse elevado número de casos nos que a matrícula do vehículo está duplicada ou falsificada, dándose traslado nestes casos ás autoridades competentes.

Por outra banda indicar que do funcionamento do “Visualcar” observouse unha mellor circulación no tráfico da cidade, acortándose o tempo de desprazamentos e reducíndose o número de accidentes por colisión ó se evitar cambios bruscos de dirección na circulación, provocados entre outras causas polo estacionamento en dobre fileira.

A este respecto adiantarlle algúns datos que me pasa o Gabinete de Atestados da Policía Local. Número de intervencións, comparativamente no ano 2005 foron 3.330 e en 2006, 3.101 cun descenso de -6,87. Accidentes con danos no ano 2005 foron 2.033 e no 2006, 1.732 cun descenso do -14,80%; na lesividade, falecidos no 2005, 14, no 2006 ata a data 31.10, 7 falecidos cun descenso do 50%; feridos graves 107 no 2005 e no 2006, 104 cun descenso de -2,8%; en atropelos falecidos 7 no 2005 e 4 no 2006 cun descenso do -42,85%.

Mención á parte merece a velocidade media da nosa cidade. En tres años aumentou a media da cidade dos 14 quilómetros que había en determinados corredores importantes, a 28 quilómetros/hora. Coido que goza dunha magnífica saúde. A velocidade comercial aumentou tamén en Vitrasa e está por riba dos 16 Km/h.

E perdoe que lle diga Sr. Calviño que eu estou no mesmo sitio onde comezou o meu mandato en xuño de 2003 pero con responsabilidades de Goberno, como pode ver, ocupo no hemiciclo deste Concello a segunda fileira e o posto número 8. Espero poder facelo ata o final.

Vostede non ten responsabilidades de Goberno pero ocupa un sitio distinto e un primerísimo lugar en vez do que tiña cando comezou o mandato. Quizais sexa esa a resposta á miña perplexidade sobre o fondo da súa moción. A diferenza é que dende o número 8 dun Goberno se traballa para facer unha cidade mellor, con maior calidade de vida, por unha mobilidade sostible, por un Vigo máis grande e con máis oportunidades para todos.

Eu farialle unha pregunta, dígame vostede se se cometeron ou non as infraccións denunciadas polo “Visualcar”. Está vostede protexendo ós

infractores e cre que dende a responsabilidade do Goberno se debe sancionar ou tolerar?

En canto á pregunta que me fixo o Sr. Toba quero dicirlle que estou de acordo en que non hai ningún problema en facer un documento pero lle podó garantir, como xa teño dito ó longo da miña intervención, que nos amoldamos ás resolucións xudiciais e garántollo persoal e institucionalmente, pero non teño ningún problema en que poidamos facer un documento nese sentido.

Tamén quero dicirlle que coido que vostede apuntaba por algo que é ambicioso e estou totalmente de acordo con vostede: o chamado pacto pola mobilidade. Nestes intres se non avanzamos é porque a Universidade está redactando e finalizando un documento que nos entregarán neste mes e que loxicamente presentaremos ós responsables desta Corporación. Ese documento que coido ambicioso, aínda non tivemos a oportunidade do ter nas nosas mans porque a Universidade estuda e investiga e levoulles certo tempo modificar determinados aspectos, pero imos telo a finais deste ano e emprazo a todos responsables corporativos, en especial ós voceiros ou aqueles que teñen referencias sobre o tema, para que participen nese pacto pola mobilidade que coido moi ambicioso.

Por iso Sr. Toba ó mellor por falta de tempo non puidemos presentar ese documento como sería o meu desexo, pero garántolle que á marxe desa emenda, que entendo que xa a estamos cumprindo escrupulosamente, de acordo cos servizos xurídicos da Asesoría Xurídica podemos facerlle chegar calquera modificación en canto ó procedemento sancionador, que por outra parte está xa modificado o único que se cuestiona en canto ó procedemento. Cando hai un conductor, os axentes paran o vehículo e notifícanlle como é preceptivo. Cando non está o conductor se é pertinente se tramita a sanción como conductor ausente.

Con isto obedecéronse as resolucións xudiciais porque senón todos sabemos que entraríamos nun desacato perante Autoridade Xudicial.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Unha pequena reflexión sobre o tráfico en xeral nesta cidade que indubidablemente está moito mellor que hai seis ou oito anos e posiblemente cada ano estea mellor. Coido que temos unha grande obra que é a que explica fundamentalmente esa melloría do tráfico que é o segundo cinto como coido que todos recoñecemos.

Para un debate máis profundo sobre o tráfico estou á súa disposición, podemos facelo no próximo Pleno ou cando faga falta. Ante moitas das cousas

que están a pasar na súa concellería teño pensado en moitas ocasións facer a fondo ese debate, presentando unha recusación ó traballo realizado pola concellería de Seguridade e Mobilidade.

Se non o fixen ata o de agora entre outras cousas foi por esa certa solidariedade que aínda me queda entre os antigos concelleiros de Seguridade, Tráfico e Transportes. Pensareino porque me asombra que a estas alturas, a escasos meses das eleccións municipais, teña recuperado vostede o seu tema, que era falar palabras moi bonitas do pacto de mobilidade sobre o que non fixo absolutamente nada porque non consensuou, non falou nada con ningún dos grupos municipais e pódolle dicir que con este responsable do Grupo municipal nos temas de Seguridade e Mobilidade, non só non esta tratando de acordar determinados temas senón que, como terei oportunidade de dicir non prego que farei posteriormente, estou canso de pedir documentación, datos exclusivos, ós que calquera concelleiro ten dereito polo simple feito do ser.

Teño aquí escritos dirixidos ó seu departamento dende o 2 de outubro. Logo no prego que seguro que a Sra. Alcaldesa me permitirá facer porque toca temas absolutamente cruciais. Entre outros o que imos falar tamén no próximo Pleno que é sobre o transporte porque toca subida das tarifas.

De palabras bonitas estou canso porque o que está a facer vostede é algo absolutamente contrario ás boas palabras que puxo enriba da mesa.

Sorpréndeme que se sorprenda de que faga esta moción. É a miña obriga e miren canto tempo leva xa o "Visión car" ou o "Multa móbil", como queira, dende logo non o "anano roxo" cousa que nunca lle chamei e sorprendinme cando o mirei nun periódico e non polas miñas verbas senón cando vostedes se adicaron a desprestixiar esta proposta que eu estaba a facer sobre o "Multa móbil" entrando en cousas de carácter persoal de moi mal gusto, que non estou disposto a aceptar en política. Non quero referirme máis ó tema persoal que deixou vostede caer sobre expectativas e demais porque entre outras cousas as miñas expectativas chegan moito máis lonxe. Fálolle da Moncloa e de Raxoy se é necesario pero me parece de moi mal gusto que vostedes acudan a eses comentarios persoais.

En efecto, pasaron case que dous anos para que eu presente unha moción dese tipo porque todo o que supoña avance para unha mellora do tráfico contará sempre co noso apoio. Pero o que é unha realidade tanxible que aquí ninguén pon en dúbida, é que a xustiza está por riba de nós, estamos nun Estado de dereito, hai unha separación de poderes e hai que aplicar as resolucións xudiciais. Supoño que estaremos absolutamente de acordo con iso.



Se estamos de acordo no que aporta hoxe por hoxe o "Visualcar" e se cambia, adiante, eu serei o primeiro que asine. Está dito por todos que é un elemento adicional, auxiliar. Esa aportación non é obrigada, repito que estamos matando moscas con canóns porque o mesmo fai un policía andando, en moto ou en calquera outro vehículo.

Sobre o tema do meu plan da dobre fileira e demais, asómbreme que poida ter a capacidade de dicir que se fixo esa campaña retirando á Policía Local de todas as demais responsabilidades. É de tolos escoitar iso. Propuxen precisamente unha dispoñibilidade horaria para a Policía, neste caso perfectamente xustificada, para realizar ese tipo de traballo e para que esas xornadas de máis nos permitiran unha concentración de esforzos nunha campaña específica como era a da dobre fileira. Por certo, aí están as hemerotecas e os piropos que me dicían a Alcaldesa, vostede, etc. eran totais, a máis dos cidadáns que era o que máis me importaba porque realmente foi cando máis se mellorou o tráfico nesta cidade. Era obvio que a marcha que levaba esa campaña non se podía manter todo o ano pero o abandono total e a desaparición da policía das rúas, que foi o que se viu posteriormente, facendo ese tipo de traballo sancionador que é moi desagradable e xa sei que a todos nos gustan máis outros temas que son de maior interese e satisfacción, pero o papel e a responsabilidade e competencia que ten a Policía Local nos temas sancionadores de tráfico é crucial e non o melloraremos substancialmente se non o facemos así.

Non é que o diga eu, estano a dicir os cidadáns de Vigo. Fanse moitas enquisas dos temas que lles preocupan os cidadáns e a min encántame que adiquemos agora unha chea de tempo a falar do tema do tráfico porque é o primeiro problema para os cidadáns de Vigo, por riba doutras cidades galegas. Encantariame poder dicirlle que ó mellor, de poder seguir a xestión que se iniciou no seu momento, moi posiblemente non iamos estar como agora, a pesar de que é un tema xeral e preocupante pero coido que os avances que se deron naquel intre por desgracia estanse a tirar por baixo. Dime vostede se as infraccións se cometeron ou non. Posiblemente e con total seguridade o 99,99%. Acéptollo e coido que teñen que ser sancionados pero esa sanción ten que ser acorde coa legalidade e a lexislación convirte ó multa móbil hoxe por hoxe nun canón para facer unha parvada. Utilicemos as motos que están nos garaxes da Policía Local, teñamos máis policía na rúa e de paso falará cos infractores e seguro que contribuiremos a unha mellor educación vial, non con ese medio que a xente xa rematará tomándoo a

broma. E xa non digamos se as solucións que se propoñen sexan como a da segunda volta que me parece absolutamente de tolos.

O grave do asunto é que non se pode utilizar unha argumentación e esquecer a outra. Se vostede me di que as infraccións son reais ou non e teñen que ser sancionadas, totalmente conforme, sancionadas conforme á Lei pero vostedes teñen agora a posibilidade de aplicar a Lei de retirada de puntos dos carnés por infraccións claras e queren contribuir a unha maior seguridade, que haxa menos accidentes, etc., e din que non. Aí si que hai electoralismo porque en toda esta proposta estou a defender, dende o principio ó final, a disciplina de tráfico ó máximo e non me preocupa, dígoo con toda a satisfacción porque iso é bo dende o punto de vista electoral.

O que pensaban moitos de que loitar contra a dobre fileira e contra os problemas do tráfico quitaba votos é rotundamente falso e demostrouse porque cando estaba a campaña a min me paraban pola rúa para me felicitar, cousa non moi habitual. Son partidario total de disciplina ó máximo. Aplíquena pero conforme á legalidade que é o que non están a facer.

Por último dicir que o espírito e a intención desta moción por suposto é o que agora se mellora coa emenda de adición que fai o voceiro do BNG. Estou totalmente de acordo na medida en que en canto se atope a solución, perfecto, o multa móbil sería coma un elemento máis, non como o único elemento á hora de loitar contra a dobre fileira e mellorar o tráfico nesta cidade.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Estamos totalmente de acordo coa emenda que presenta o Sr. Toba pero iso ven sendo o mesmo que dixen eu ó principio: pedín que o secretario do Pleno emitira un informe xurídico sobre os aspectos da legalidade. Vostede contestou ós Sres. Toba e Coello pero a min non me dixo nada. Vólvolle dicir que é o mesmo.

Por outro lado felicitar ó Sr. Coello porque, para min, coido que fixo a mellor intervención dende que estou aquí, moi seria e pausada pero de verdade que o felicito.

SR. TOBA GIRÓN: Sr. Coello, o Sr. Calviño apuntaba que o tráfico en Vigo mellorou polo segundo cinto; sen dúbida, sabémolo todos e todas. E tamén pola apertura da continuación do túnel de Beiramar que ten permitido a viabilización do tráfico de forma moito máis eficiente, sobre todo do tráfico que antes estaba condenado a cruzar Policarpo Sanz e que agora

evidentemente pode sair do centro da cidade aportando fluidez e seguridade porque, ó conseguir detraer ese tráfico do centro da cidade, conseguimos maior fluidez.

Eu apúntolle as equivocacións que a este respecto ten cometido e o que vostede ten que facer como dirixente político é corrixilas. Cometeu dúas equivocacións enormes: a primeira non ter falado desa política de tráfico na Xunta de Voceiros ou na comisión correspondente porque sabe que por parte do noso grupo, tamén por parte do grupo Socialista e estou seguro que por parte do Partido Galeguista tería habido posicionamentos de contribución, de acordo e non de torpedeo.

Vostede quixo atribuírse patrimonializar o mecanismo e o resultado estoupoulle na cara porque o fixo de xeito improvisado. E segue do mesmo xeito porque eu ben sei que se está modificando o procedemento pero están facéndoo a salto de mata, dito doutra maneira: corrixindo sobre sentenza e ese é o peor dos mecanismos.

Aquí ninguén pon en dúbida que as infraccións se cometeran, ese non é o problema. O problema é que o procedemento sancionador para disuadir da comisión desas infraccións está mal e aí ten razón o Sr. Calviño. Non se trata de que cometeran a infracción, claro que se cometeron e claro que hai que as sancionar. O problema é que o procedemento que vostede puxo en marcha por improvisación, por excesiva celeridade, por poñer un termo de maior comprensión, da posta en marcha do mecanismo foi un desastre.

Agora siguen vostedes pola vía da modificación do procedemento a medida que se acumulan as sentenzas ou resolucións. Fan vostedes mal, ese non é o camiño. Tamén é o camiño pero non se trata de ir perfeccionando por acumulación de sentenzas. Trátase de discutir con calma o que din esas sentenzas e buscar un procedemento porque as sancións existen pero o procedemento para sancionar debe ser legal e cónstame Sr. Coello que vostede mesmo falou co respresentante da Adxudicatura nese sentido pero esa tampouco é a solución.

Agradezo ó Sr. Calviño que acepte a nosa emenda que só ten un obxecto: poder reunir unha comisión de Xestión Municipal, unha comisión política indubidablemente, na que poder falar precisamente e en concreto dese procedemento, pero máis alá dun plan de xestión de tráfico.

Vostede exhibeme o pacto pola mobilidade; ben sei que na Universidade se está rematando con ese traballo, é o noso deber pero o problema non é agardar polo plan de mobilidade unha vez que apareza o da Universidade, é que os criterios sobre o plan de mobilidade deben ser discutidos. Non se

trata só do estudo que realice un departamento ou dous da Universidade, trátase de poñer en común os criterios para esa elaboración.

O que pasa e que coido que vostede aspira a que unha vez que lle entreguen o plan de mobilidade da Universidade, que efectivamente será cuestión dun mes aproximadamente, convocar unha rolda de prensa cun power point e ser o campeón do mundo e o "Capitán Trueno" do "Visión car". Ese tampouco será o camiño, ese será o peor dos camiños nun asunto no que deberamos discutir con calma.

A emenda que presentamos e que acepta o compañeiro do Partido Socialista, Sr. Calviño, o que pretende é que utilicen vostedes os mecanismos que hai para discutir, para chegar a acordos en temas que son obviamente sensibles porque estamos a falar de sancións ós cidadáns e esas sancións rematan en executiva. Tome vostede nota desa emenda e da moción que coido que imos aprobar e actue politicamente en consecuencia.

SR. COELLO BUFILL: Dicirlle ó Sr. Toba que na miña intención xamais estivo convocar unha rolda de prensa logo do documento que a Universidade esta a rematar, garántollo e está falado xa cos propios profesores da Universidade e técnicos.

Durante o curso do debate o voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Toba Girón, presenta a seguinte emenda:

Engadir á parte dispositiva da moción "...e no prazo máis breve posible o Goberno Municipal defina un procedemento perfectamente legal de uso de tal instrumento, procedemento que será supervisado pola comisión de Xestión Municipal e mentres tanto adicalo a outras funcións..."

*Vótase a moción xuntamente coa emenda formulada polo Sr. Toba Girón que se cita anteriormente.*

(Están ausentes os Sres. Figueroa Vila, Iglesias Carrera, Losada Alvarez e Ruiz Cenicerós).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con quince votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso, e oito votos en contra dos Sres. e Sras. Coello

Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Que a Alcaldesa da cidade retire as funcións sancionadoras que veñen sendo as exclusivas do vehículo "visioncar" e no prazo máis breve posible o Goberno Municipal defina un procedemento perfectamente legal de uso de tal instrumento, procedemento que será supervisado pola comisión de Xestión Municipal e, mentres tanto, adicalo a outras funcións para as que tamén está concebido: estudos de circulación, estacionamento, búsqueda de vehículos roubados..., que poidan contribuir á mellora do tráfico da cidade.

13.- (240).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA Ó CONCURSO PARA A CONSTRUCCIÓN DE SEIS APARCADOIROS SOTERRADOS DE USO MIXTO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de novembro de 2006, o voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Calviño Rodríguez, formula a seguinte moción:

"A Alcaldesa da Cidade, que é competente para o facer, négase a levar á práctica o acordo plenario do 27 de setembro de "Proceder á urxente consulta á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa dos expedientes referentes aos concursos: Servizo de retirada, depósito e custodia de vehículos, Servizo de xestión de estacionamento regulado e Servizo de aparcadoiro soterrado de uso mixto, sen continuar mentres tanto en procesos de adxudicación dos que se poidan derivar graves consecuencias para o futuro da cidade".

Tal negativa concretouse nunha Xunta de Voceiros convocada ao obxecto de dar cumprimento ao citado acordo, no que se terían que precisar as preguntas concretas para realizar a consulta á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

Cinguíndome, pola urxencia do tema, aos dous lotes de tres aparcadoiros soterrados de uso mixto, paso a propoñer as preguntas concretas á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, algunhas das cales puiden expoñer na citada Xunta de Voceiros:

1.- Sobre a natureza xurídica do contrato, se cabe consideralo como cesión de obra pública ou contrato de xestión de servizos públicos

2.- "Aínda que a partir da entrada en vigor da Lei 13/2003 reguladora de contratos de concesión de obra pública, o contrato responde á cualificación de contrato de concesión de obra pública por reunir as características

definidoras do mesmo que se incorporan ó novo artigo 220 da Lei de Contratos das Administracións Públicas (LCAP) como contrato que ten por obxecto a construción e explotación dunha obra pública susceptible de explotación económica..." (textual dunha contestación o 24 de marzo de 2006 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa a unha consulta feita polo Alcalde de Albacete sobre aparcadoiros soterrados na súa cidade), e, dado que é certa a existencia de dous sectores doutriniais ao respecto, e polo tanto admitindo que a contestación puidera ser a de contrato de xestión de servizos públicos, a cuestión a formular nese caso sería, si, como indica o artigo 158.2 da LCAP ao incluír execución de obras, serían "de aplicación os preceptos establecidos nesta Lei para a concesión de obras públicas", máis en concreto o necesario "ESTUDO DE VIABILIDADE" (que non está nin sequera contemplado no actual expediente de contratación do concurso), o que de ser así carrexaría graves consecuencias de invalidación do expediente (aos efectos pode lerse o informe do interventor xeral do 28 de xullo de 2006)

3.- Asemade, á parte de incumprir o punto 4 do acordo plenario do 12 de setembro de 2005 onde se iniciou o expediente de aparcadoiros soterrados "Instar ao órgano de contratación de estudos que definan e concreten a compatibilidade dos aparcadoiros coas previsións sinaladas no documento de revisión do PXOM", e dado que non se fixo ren ao respecto e tendo en conta que non hai tales previsións no documento a estudo nestres intres pola Xunta de Galicia, a cuestión a formular á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sería se é ou non obrigado o cumprimento do artigo 54.g da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística de Galicia que esixe tal previsión nos aparcadoiros en solo urbano consolidado.

4.- No mesmo senso, o artigo 129 da LCAP fai referencia ao requisito indispensable da dispoñibilidade dos terreos, e dado que no informe do Arquitecto Municipal da Unidade de Patrimonio do 2 de agosto de 2006 se recoñece que unha parte do solo previsto para o aparcadoiro do Areal pertence á Autoridade Portuaria e que parte dos terreos dos aparcadoiros de Rosalía de Castro e Pintor Colmeiro están pendentes de materializar por parte das Unidades de Execución Rosalía de Castro e Villa Laura respectivamente, a cuestión sería se nestas condicións se verifica ou non a esixencia do artigo 129 referido (mírese o mesmo informe do 28 de xullo de 2006 do interventor xeral).

5.- E xa por último, e dado que na análise económico financeira -que non Estudo de Viabilidade do artigo 227 da LCAP- presentado a información pública, recoñécese a non viabilidade económica ao menos do lote 1 de aparcadoiro, tampouco asegurada incluso no novo análise económico financeiro modificado tras os recursos presentados, a cuestión a formular á Xunta Consultiva sería se, dados estes análises, a Administración Municipal pode, coa mínima seguridade xurídica, sacar sequera a concurso tales aparcadoiros soterrados.

Por todas estas razóns, o Grupo Municipal Socialista quere insistir na necesidade de facer a consulta á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa para dar garantías xurídicas a este expediente, como mellor xeito de evitar as graves consecuencias para a cidade que puideran traer recursos futuros que o propio voceiro do goberno considerou seguros na Xunta de Voceiros.

Por todo iso, e dada a finalización do prazo de presentación de ofertas para a construción dos seis aparcadoiros o próximo 15 de decembro, o Grupo Municipal Socialista vese na obriga de propoñer ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Solicitar á Alcaldesa e a Xunta Local de Goberno a interrupción inmediata do proceso de contratación dos aparcadoiros soterrados de uso mixto, reclamando de novo a realización da consulta á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, cumprindo así o acordo plenario de setembro, como único xeito, con razoable seguridade xurídica, de poder continuar -coas modificacións pertinentes- o proceso de contratación dos aparcadoiros soterrados de uso mixto previstos."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de novembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: O primeiro lamentar o resultado anterior, pensei que quizais ó final e coa incorporación engadida, o Partido Popular aceptaría a moción. Haberá acordo plenario case aplastante en canto a forzas representativas da cidade e sen embargo moi posiblemente seguiremos aguantando e tendo máis resolucións xudiciais a respecto do tema que acabamos de aprobar.

Trátase agora dunha moción sobre a construción de seis aparcadoiros soterrados de uso mixto. Ven moi a conto o que veño de dicir porque unha resolución moi semellante a esta aprobouse no Pleno do mes de setembro sen que obviamente tivera ningún resultado a efectos de que a Sra. Alcaldesa e a Xunta Local de Goberno a tiveran en consideración.

Faciámolo en setembro referido non só ós aparcadoiros soterrados de uso mixto, senón ó guindastre e á ORA, temas que obviamente volveremos tratar a fondo porque son absolutamente complicados nos que a nosa voz vai estar moi alta pero o que é realmente urxente porque o día 15 do mes de decembro remata o prazo de presentación de ofertas, é que abordemos antes de que veña o desastre porque logo non poderemos dar marcha atrás neste tema.

Como é moi urxente preocupeime de facer algo que mesmo de disgusta porque tiña que ser unha moción directamente política, sen tanta referencia técnica a cuestións xurídicas, artigos e demais, pero as circunstancias obrigan. Cando parte desta argumentación está en informes de técnicos da casa, coméntase en comisións informativas e ó Goberno éntralle por un oído e sáelle polo outro, entendía que era absolutamente vital que estivera branco sobre negro algo que vai quedar para o futuro, nas actas da propia sesión de hoxe vai estar o texto da moción porque coido que as responsabilidades, dada a inseguridade xurídica de todo este tema, poden

ser tremendas e farei unha chamada á responsabilidade por esas consecuencias que pode ter.

Xa se sabe que a petición é que se fagan consultas á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa que é o órgano máis alto capacitado, aínda que non sexan de obrigado cumprimento, pero en todo caso para asegurar a máxima seguridade xurídica do expediente.

Presento cinco puntos dun xeito exhaustivo aínda que posiblemente habería moitos máis pero saliento os fundamentais e non vou entrar nos aspectos técnicos aínda que algunha pequena referencia teño que facer. Sobre se é un contrato de concesión de obra pública ou de xestión de servizos públicos vou pasar absolutamente por riba porque, mesmo entendendo que o que ven no punto dous que é unha resposta da Xunta Consultiva de Contratación a este tema, logo de entrar en vigor a Lei de 2003, reguladora de contratos de concesión de obra pública, para min o que ven no apartado dous é suficientemente claro e explícito ó respecto de que este concurso sería de obra pública, aínda que non poño en dúbida que ó mellor tamén o é de servizos públicos.

De obra pública sería seguro coa actual lexislación; ó mellor tamén podería ser de servizo público pero como en efecto hai dous sectores doctrinais, hai ampla discusión sobre o tema, que sexa a Xunta Consultiva que o diga coido que non estaría de máis telo en conta.

Admitindo que a resposta fose que se pode considerar como xestión de servizos públicos, o artigo 158.2 da Lei de Contratos indica claramente que por incluír execución de obras, que as hai nos aparcadoiros soterrados, serían de aplicación os preceptos establecidos nesta Lei para a concesión de obras públicas, en concreto un estudo de viabilidade que non está por ningunha parte no expediente. Xógase moito co que di na Lei de Contratos do estudo de viabilidade, que é unha cousa perfectamente definida que supón determinadas obrigas que non veñen contempladas neste expediente, e o que son os estudos económicos financeiros que aparecen, por certo, distintos logo da exposición pública como xa ben todos sabemos e non quero insistir nese tema.

Na propia moción fago referencia a un informe do interventor xeral que fai unha chamada a este respecto no seu informe do 28 de xullo sobre o que eu insistín nunha comisión informativa e que non fixeron caso.

No punto terceiro falo de que incumprimos xa o acordo inicial do 12 de setembro onde se empezou o expediente de aparcadoiros subterráneos que no seu punto 4º se pedía que se instara ó órgano de contratación os estudos



que definan e concreten a compatibilidade dos aparcadoiros coas previsións sinaladas no documento de revisión do PXOM. Non vai nada, non hai tales previsións no documento do PXOM, a estudo hoxe pola Xunta de Galicia, e non se ten en conta o artigo 54.g. da Lei de Ordenación urbanística que esixe tal previsión en aparcadoiros de solo urbano consolidado. Non se cumpre, a pregunta sería se se ten que cumprir ou non ese artigo.

No punto catro fálase do requisito indispensable da dispoñibilidade de terreos. Presenteino tamén na comisión informativa e solventouse cun informe dun técnico de Patrimonio, arquitecto municipal, no que recoñece que nun dos aparcadoiros parte do solo é da Autoridade Portuaria, é dicir, que non hai dispoñibilidade dos terreos e que noutros dous está pendente das unidades de execución Rosalía de Castro e Villa Laura.

No punto quinto falamos da non viabilidade económica do lote I; na análise económica financeira modificada posteriormente tampouco está clara esa viabilidade, que non o estudo de viabilidade económica, e sen embargo o tema vai adiante. A consulta sería se hai seguridade xurídica de sacar siquera a concurso estes expedientes con estes informes.

Ainda quixeremos acusados coma xa estamos acostumbrados de que o que queremos é paralizar absolutamente todo o que se tenta facer nesta cidade, xa o sabemos, xa o temos escoitado por activa e por pasiva, o que quero salientar é que o que queremos é que o futuro desta cidade, por falla de seguridade xurídica deste expediente, sexa absolutamente desastroso e pódeo ser por moitas razóns.

Con este expediente así, e xa non entro nas pequeneces de estudos xeotécnicos e dous mil cousas máis das que falar, pero seis aparcadoiros soterrados, dúas empresas con dous lotes de tres, as leas que imos ter co expediente, no que hai recursos presentados que se respostaron na miña opinión insuficientemente, non digo mal. Cando na propia Xunta de Voceiros todos coincidimos, mesmo o propio voceiro do Goberno, de que vai haber recursos contencioso-administrativos seguros a min asómbrame que con todas estas circunstancias non se quera interrompir porque coido que os aparcadoiros son necesarios, é necesario facelos pero con seguridade xurídica.

No acordo da moción non nomeo a palabra "suspensión" que sería a correcta porque o día 15 de decembro está aí, pero poño "interrupción" como xeito máis suave de dicir que o que importa é que se faga a consulta para ter a maior seguridade xurídica e logo que sexa o que sexa, pero posibilitar que se temos a consulta dentro dun mes ou dous, poidamos seguir adiante co

expediente que como mínimo posiblemente teña que ser modificado, non sei se pouco ou moito, pero a realidade paréceme tremenda.

Sei que non ten nada que ver pero como estamos a falar de aparcadoiros quero comentar que esta Corporación posiblemente vaise ver enfrontada a unha resolución do Tribunal Supremo sobre as últimas concesións de aparcadoiros na cidade, porque está xa resolto no Tribunal Superior de Galicia favorablemente á empresa que presentou o recurso, por unha parvada na que posiblemente o Goberno do Sr. Pérez, no que estaba a alcaldesa e o Sr. Figueroa, no tivera ningunha responsabilidade, pero por non comunicar a non aceptación da documentación a unha empresa, algo legal, algo do que ó mellor nos estivemos a rir no punto anterior, e por tanto non xustificar e non aportar as razóns para que se lle puidera incluír, o Tribunal Superior de Galicia deulle a razón a unha empresa e moi posiblemente o Supremo volva facelo e este Concello terá que pagar coido que o 6% do proxecto da obra, non os petos dos concelleiros que votaron a favor que naquel caso non tiñan ningunha responsabilidade pero neste fago unha chamada moi seria á responsabilidade porque eu si que considero que haberá responsabilidades dos corporativos que voten en contra de que non se aplique o que estamos a pedir: seguridade xurídica nun expediente que pode traer unhas consecuencias gravísimas para esta cidade de moitos xeitos, non só con compensación económicas que, dado como está, son practicamente seguras.

Por iso de novo, coma un exercizo de responsabilidade, volvo propoñer á alcaldesa e á Xunta Local de Goberno, que son os competentes no facer, que se faga esa consulta á Xunta Consultiva e paralicemos o proceso antes do 15 de decembro para que non nos caia enriba o que nos pode caer con toda seguridade. É o único que propoñemos.

Os aparcadoiros xa non os van facer neste Goberno porque ademais non lles interesa, só lles interesa adxudicar; vanos facer o próximo Goberno, se son vostedes felicidades pero pensen tamen en vostedes se volven gobernar logo de maio, pensen que as leas que van vir van ser terroríficas.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Cada vez que se fala sempre imos ó mesmo e todo é inseguridade xurídica, problema de xuíces e de xustiza. Todo depende dun xuíz e nunca será posible que, cos cambios de leis que hai todos os días neste temas, ninguén pode garantir absolutamente nada ó cen por cen, en ningún tipo de aprobación por pequena que sexa. Lamentablemente é así, Sr. Calviño.

Deste xeito coido que nunca chegaremos facer nada e ás veces hai que ser valentes e tirar para diante porque á volta da esquina aprobarán unha lei, fará o goberno outra lei diferente que xa non se cumpre, etc. Na xustiza só se dan dous casos: vostede pode ter toda a razón do mundo, demostrala pero vai depender sempre única e exclusivamente de que un xuíz lle dea a razón. As cousas son como son, se cada papel que facemos, cada cousa que temos que presentar temos que ir pensado na xustiza, nunca imos estar ó cen por cen. Os aparcadoiros segundo os técnicos do Concello parece ser que están ben aínda que sempre pode haber un pequeno matiz.

Deste xeito nunca faremos nada. Se nos imos á moción anterior sobre o tráfico, se non temos aparcadoiros, se non temos onde meter o coche, se esperamos quince ou vinte anos para ter máis aparcadoiros subterráneos, mal nos vai. Temos que ir facendo os aparcadoiros porque isto xa non é de hai catro días que ven moi de atrás.

SR. TOBA GIRÓN: A proposta que trae o Sr. Calviño do Partido Socialista é basicamente a que votamos no mes de setembro: que alcaldesa solicite unha información da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa. En principio non temos ningún problema en que o faga, parécenos que calquera medida que se poña en marcha é boa e nese sentido mantemos o posicionamento de setembro porque non cambiaron as circunstancias.

Si que imos facer precisións a respecto da exposición de motivos aínda que somos perfectamente conscentes de que esa exposición non é o que ten consistencia de votación, o que imos votar é o que di a resolución e nada máis. Non compartimos moitas das argumentacións que se expresan nesa exposición.

En primeiro lugar vou empezar por negar a maior. Nós non queriamos nin concesión administrativa, nin de obra pública. Estes aparcadoiros son derivados de tres anteproxectos, mesmo con estudo xeotécnico que quedaron nesta administración ó final do mandato pasado, podíanse licitar naquel mesmo momento e non o licitamos porque nós queriamos construílos de acordo co Consorcio da Zona Franca. Lamentablemente non foi posible pero a situación desta administración perante este contrato podería ser agora moi distinta da que é e teño que o dicir.

Naquel mesmo Pleno en que se tirou a baixo esa fórmula de xestión, que non era unha empresa mixta como dicía aquel abogado do estado, era unha empresa de acordo entre unha administración ou un sector da administración que é o Consorcio da Zona Franca e o Concello de Vigo, agora ó mellor xa estaban os

tres en marcha, cando menos o de Jenaro de la Fuente e o do Areal que son absolutamente fundamentais. O primeiro para complementar as obras do Calvario e o do Areal para complementar as da Praza de Compostela que vostedes saben que xa tiñamos previsto.

Aquel era o camiño. Nós aceptamos a decisión do Pleno no seu momento e de que se tirara por terra aquel camiño que era o mellor, o máis áxil, o máis beneficioso e que non interrompe ningunha regra de mercado porque non hai razón para que a administración non poida facer aparcadoiros soterrados e ofertar un servizo público. Lamentablemente non houbo vontade política nin votos para quitar adiante un proxecto que ía ser moi bo para a cidade e que no seu momento permitiría discutir outros acordos coa Zona Franca.

Chegado ese punto evidentemente a única vía que quedaba era a da concesión administrativa pero de servizo público, tamén o digo claro. Iso votámolo neste Pleno o día 12 de setembro de 2005, ben é verdade que se perdeu moito tempo. Non era preciso perder tanto tempo para este acordo que era determinar o modelo de xestión. Votámolo coas abstencións dos Sres. Soto e Alonso pero sen votos en contra.

Aceptamos ese mecanismo de xestión do servizo público porque entendemos que en ausencia do que nós propugnabamos que era infinitamente mellor, ese era o mellor porque é o que mellor defende os posicionamentos e os intereses da administración pública, do Concello de Vigo e polo tanto dos cidadáns de Vigo, non das empresas porque ás empresas igual lles interesan máis outros mecanismos que lle son moito máis favorables porque non é que teñamos que atender o equilibrio económico-financeiro, é que practicamente non hai risco nin ventura neses outros mecanismos.

Por iso no Pleno do 12 de setembro de 2005 o noso grupo votou a favor porque non tiñamos outra. Nós tamén queríamos os aparcadoiros e esta era a mellor vía; votámolo todos a favor agás os Sres. Soto e Alonso e non se suscitou ningún debate a respecto da forma de xestión dos aparcadoiros. Parecía que todos estabamos de acordo en que era xestión de servizo público; nós seguimos nese acordo que votamos en setembro de 2005 e non lle imos dar a razón a ningún recurso de ningunha empresa, sabemos qué intereses defenden e sabemos cales son os seus intereses pero non son os nosos. Os nosos son os intereses da administración, dos cidadáns de Vigo.

Discrepamos; limos con calma o informe do Sr. interventor que fai referencia a unha resolución da Xunta Consultiva de Albacete que se refería á cesión dun contrato e que remata dicindo: "Isto é xestión de servizo público". Iso é o que remata dicindo a famosa resolución da Xunta

Consultiva de Albacete e convén que o teñamos claro porque é verdade que nos podemos trabucar pero neste caso tamén a Xunta Consultiva de Albacete está a favor. Tamén a de Valencia pero cito expresamente a de Albacete porque a citan na moción.

Iso é xestión de servizo público, aínda que como comentaba hoxe pola mañá co secretario nun "obiter dicta" establece unha serie de criterios sobre os problemas derivados da propia lexislación do 2003 que efectivamente non é clara nese aspecto. Discrepamos polo tanto nesa interpretación e ademais politicamente non a entendemos porque rompe o acordo de setembro de 2005 que foi o acordo a partir do que se pulou a posta en marcha da redacción dos pregos de condicións.

Polo tanto en canto ó estudo de viabilidade non temos nada que dicir porque en todo caso non deriva de ningunha necesidade, hai un estudo económico que nós xa criticamos e precisamente fun eu quen naquela Xunta de Voceiros puxo enriba da mesa a absoluta "metedura de pata" de quen publica un prego de condicións con aquel estudo económico sen o supervisar. Esa responsabilidade foi de seu, particularmente do Sr. Coello e do Sr. Figueroa, porque ese acordo tomárono vostedes na Xunta de Goberno Local. Non só iso, senón que nin siquiera nos remitiron ese estudo económico antes de que tomaran o acordo. Xa o dixen naquela reunión de carácter máis ben privado pero evidentemente vou dicir a verdade con toda claridade coma sempre.

Iso pasa cando un leva acordos á Xunta de Goberno Local sen os supervisar. Ocorre cando un non le os expediente e non atende a esa lectura necesaria tamén para a xestión política. Apoiándose nese informe efectivamente aparecen recursos dalgunhas empresas que o que buscan é sacarnos do noso norte e meternos na súa conta de beneficios, non se enganen. Eu tamén lín eses recursos e fago advertencia do evidente: as empresas defenden o seu e nós temos que defender o dos cidadáns de Vigo que é a cousa pública, buscando o mellor contrato para a cidadanía de Vigo. Polo tanto tamén discrepamos desa expresión que se fai na propia moción na exposición de motivos.

Tamén teño que dicir algo do punto cuarto que se integra no acordo do 12 de setembro, precisamente a proposta miña, que di: "Instar ó órgano de contratación a realización dos estudos que definan e concreten a compatibilidade dos aparcadoiros coas previsións sinaladas no documento de revisión do Plan Xeral". Pero ese punto introdúxeno basicamente por dous motivos: en primeiro lugar porque o futuro Plan Xeral de Vigo contempla un

túnel na Avenida de Castelao que permitirá no seu momento, unha vez posto en marcha, non só unha comunicación mellor coas praias senón suturar dunha vez a ruptura que a Avenida de Castelao significa entre Coia Norte e Coia Sur e iso será bo para Coia e permitiranos acadar un espazo público sobre o que se poderá intervir templando tráfico e asegurando unha zona de convivencia.

En segundo lugar porque efectivamente había dous aparcadoiros previstos sobre unidades de execución que obviamente deben ser supervisados porque esas unidades tamén forman parte do novo Plan Xeral.

Pero non tiña dúbida do resto porque a redacción que figura na Lei do Solo actual é a mesma que figura no Regulamento de Planeamento urbanístico do ano 78, é dicir, foi a mesma Regulación que permitiu facer aparcadoiros en Vigo dende o ano 78 e non debemos ter absolutamente ningún problema. En todo caso que o Sr. secretario e os servizos xurídicos corroboren ou non esta opinión de meu que ademais foi corroborada por una sentenza recente en razón dun tema de Barcelona.

Sinceiramente, cando eu introduzo o punto cuarto que non se malinterprete nin se mal use porque do que estou a falar é da miña preocupación en canto que o aparcadoiro da Avenida de Castelao puidera dalgún xeito interferir no deseño do túnel que hai que realizar unha vez que haxa Plan Xeral, pero non tiña dúbida do resto porque como dixen a redacción da Lei do Solo e a redacción do Regulamento de Planeamento urbanístico do ano 78 e non comporta ningún problema.

Dito todo isto que é conveniente clarexar porque obviamente se nota que discrepamos por completo na exposición de motivos, non o facemos coa proposta de resolución. Evidentemente sempre se pode dar un paso máis aló na búsqueda de que unha contratación tan importante coma esta e que vai determinar o futuro inmediato da cidade durante os próximos oito anos, senón vaian ver os prazos de construción dos aparcadoiros que quedaron pechados no prego de condicións, é obvio que esta Corporación que veña e a seguinte dalgún xeito van estar determinadas pola execución desas obras.

Polo tanto, adoptar todas e cada un das medidas que esten ó alcance desta administración para asegurar que esas obras vaian do mellor xeito posible, non nos parece imprudencia senón que nos parece unha posición razoable e por iso imos subscribir o acordo e ímolo votar coas discrepancias na exposición de motivos que acabo de manifestar.

SR. FIGUEROA VILA: Eu quería ter intervido en primeiro lugar porque se deron argumentos que seguramente se van repetir. Vou facer unha única intervención e non vou facer uso da segunda digan o que digan porque coido que este non é un debate técnico, senón que puramente político e mesmo persoal. Xa dixen nalgunha manifestación que o Sr. Calviño se laia de que fagamos intervencións públicas desautorizando as manifestacións que el fixo.

Sr. Calviño, vostede empezou este debate dicindo que os concursos públicos estaban amañados e eu díxenlle que estaba difamando e que ós poucos, co paso dos meses, se iría demostrando que o que vostede dixo é mentira. Mesmo cando non quixemos contestar na primeira intervención porque nos parecía que non era oportuna unha resposta do Goberno, algún medio de comunicación dixo que sería conveniente que o Goberno clarexase esa situación. E ante a pregunta que nos fixemos no Goberno pensamos que é mellor esperar porque o tempo situa a cada quen no seu sitio.

Vou empezar por unha cuestión que vostede xa retirou do seu debate: o mobiliario urbano. Dixo que había unha empresa que co prego se lle estaba impedindo participar, que a reversión era contraproducente para este Concello e que estabamos privando da concorrència ás empresas, mesmo facía a manifestación dunha empresa concreta que agora lle podo dicir que seguramente vostede estaba defendendo. Falo para os medios de comunicación e para os cidadáns tamén.

Digo isto porque se produce a apertura das plicas desa empresa e resulta que esa empresa que o Sr. Calviño dicía que non se podía presentar ó concurso porque non podía aceptar a reversión, é a que actualmente ten a concesión do mobiliario urbano. Esa empresa a día de hoxe paga dous millóns de pesetas e ofertou no seu concurso trinta e dous millóns. A reversión de todo o material da cidade é para esa empresa, no momento que se adxudique outro novo concurso esa empresa lévase todo o material, pero no novo concurso todo o mobiliario urbano que hai na cidade de Vigo e que esa empresa oferta vai quedar propiedade do Concello de Vigo. Saben todo isto? Naquel intre esa empresa ofertou 127 marquesiñas; cando remate o seu concurso logo da finalización do contrato o novo concurso obrígalle a 677 marquesiñas. Datos reais que non pode rebatir absolutamente ninguén. Dous millóns pagan agora e a mesma empresa pasa pagar 32 mesmo con máis mobiliario. A reversión agora non existe, queda de propiedade da empresa a co novo concurso vai existir, é dicir, o Concello se queda coa propiedade de todo o material cando remate o concurso.

Pois esa empresa se presentou, fallou o Sr. Calviño, as denuncias que fixo non se corresponderon. Agora estudaríanse as ofertas e se esa empresa é a mellor este Goberno adxudicáralle o concurso. No caso que haxa outras mellores fará o que corresponda cos informes pertinentes.

Agora o Sr. Calviño sigue co discurso do guindastre. Saben que se presentan unhas empresas, hai un procedemento negociado pero resulta que hai empresas que presentan en réxime de aluguer os seus terreos o que significa que tan pronto como remate o concurso eses terreos quedan de titularidade das empresas ou das persoas que os aluguen.

Hai unha empresa que é a que debe molestar ó Sr. Calviño que oferta 10.000 metros cadrados de uso industrial nunha nave na Avenida de Madrid, cun valor a día de hoxe de 150.000 ptas./m<sup>2</sup> o que quere dicir que estamos a falar de 1.500 millóns das antigas pesetas. Se cumpre con toda a oferta e o Concello lle adxudica, o Concello vaise quedar de entrada cunhas naves cun valor de 1.500 millóns de pesetas a día de hoxe.

É dicir, o Concello vai pagar 1.600.000-1.700.000 euros por ano pero queda cunha propiedade de 1.500 millóns das antigas pesetas hoxe, que actualizada dentro dezaseis anos calculen vostedes o valor. Só coa propiedade das naves estamos a pagar o contrato de xestión do guindastre.

Tampouco isto tiña que ser predominante sobre outra situación porque podería haber unha oferta mellor pero como as ofertas non presentan os terreos en condicións, esa é a proposta que se fai.

Agora nos ven cos aparcadoiros porque xa non ten máis recursos e tamén lle demostraremos o seu comportamento durante todo este tempo.

O 12 de setembro aprobouse por unanimidade, co seu voto, a fórmula de xestión que iamos levar a cabo neste concurso, pero aínda vou ir máis aló. Hai unha comisión do 30 de marzo de 2006, na que vostede non fai nin unha sóa observación sobre a fórmula de xestión, faino a outros temas pero este estivo totalmente pactado.

A fórmula de xestión máis que tipo de aparcadoiros había que sacar en cada lote foi pactado sempre, nunca houbo ningún problema, ningunha discrepancia, igual que as tarifas porque hai que lles dicir claramente ós cidadáns que a diferenza dos demais aparcadoiros que se fixeron nesta cidade, nestes se contempla unha porcentaxe elevada para residentes e as humanizacións de cada unha desas obras. Nos anteriores concursos se facía o buraco, se levantaba a obra, tapábase e a urbanización pagábase o Concello; aquí non, vai todo no seu conxunto. O custo para o Concello é cero euros ó rematar a adxudicación deste concurso.



Houbo unha serie de comisións e Xuntas de voceiros nas que en canto á fórmula de xestión e algunhas outras cuestións non se fixo ningunha observación por parte de ningún grupo. Sr. Calviño, se vostede cré que este expediente non está ben feito, por qué non presentou ningún tipo de alegación o Partido Socialista cando estivo a exposición ó público do 25 de abril ó 25 de maio? Como grupo político ou a nivel individual puideron ter a oportunidade de facer algunha alegación.

Isto non ocorre porque naquel intre o Sr. Calviño non era o voceiro do Grupo Socialista, non sei qué papel desempeñaba. Hai un cambio político no seu grupo e polo tanto ten que se facer ver para ter relevancia dentro da Corporación e por iso fai este tipo de insinuacións que son calumnias, mentiras, falsedades e terase que tragar unha a unha como fixo coa do mobiliario urbano.

Vostede é tan adiviño que fíxese: o Tribunal Supremo na casación da sentenza do Tribunal Superior de Galicia dos aparcadoiros de Praza da Independencia e de Urzáiz hai tres días deulle a razón ó Concello. Cómo lle podemos facer caso a vostede se acaba de anunciar que seguramente o Supremo...? Xa está errando outra vez máis.

Sr. Alonso, ten razón en parte da súa intervención, o Supremo rectificou unha sentença do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con respecto ós aparcadoiros de Urzáiz e Independencia. Non o fixemos público porque sabía que ía entrar hoxe vostede neste discurso porque actúan con maldade, hai que ser prudentes porque poderían esperar a ver que pasaban co recurso de casación pero actúan con maldade e queren única e exclusivamente pensar que todos son coma vostedes e non lle imos permitir baixo ningún concepto ningún tipo de insinuación.

Con respecto ó tema de xestión ten razón o Sr. Toba, as empresas recorren porque a calificación de obra pública é moito máis vantaxosa para elas porque hai que restablecer o equilibrio económico e vostede sábeo. Se unha empresa ten perdas cunha concesión de obra pública o Concello ten ca resarcir.

É lóxico que presenten un recurso e se o Concello non defende os intereses de todos os cidadáns sería así. Nós fixemos a fórmula de xestión de servizo público en primeiro lugar porque consideramos que é a máis vantaxosa para o Concello.

Na xestión de servizo público nunca hai que restablecer, é a risco e ventura da propia empresa única e exclusivamente. Por suposto que se hai unha empresa cunha concesión de obra pública e hai algún extremo, algunha

circunstancia que sexa allea a esa empresa como un temporal, situación de emerxencia, coido que é lícito e lóxico que o Concello o contemple pero dentro das condicións de normalidade nunca tería que resarcir o Concello. É a risco e ventura da empresa. Por iso é evidente que as empresas dentro da defensa dos seus intereses fan esa proposta, presentan recursos.

Como dicía o Sr. Toba a Xunta Consultiva de Albacete dío, a de Valencia con referencia a uns aparcadoiros en Alcoi, o informe do secretario xeral, o informe de Asesoría Xurídica, son moitos os informes a favor de que a fórmula de xestión de servizo público está clara. E aínda hai unha máis: o 12 de setembro de 2006 entra nas Cortes o proxecto de Lei de contratos de servizo público.

O concurso vixente dicía: "Concesión de obra pública. Contrato de concesión de obra pública. Enténdese por contrato de concesión de obra pública aquel na cuxa virtude a administración pública ou entidade de dereito público concedente outorga a un concesionario durante un prazo a construción e explotación ou soamente a explotación de obras relacionadas no artigo 120 en xeral daquelas que sendo susceptibles de explotación sexan necesarias para a prestación de servizos públicos".

A nova Lei obvia totalmente o último parágrafo "...sexan necesarias para a prestación do servizo público" e di "a contraprestación a favor daquel consiste ou ben unicamente no dereito de explotar a obra ou ben en dito dereito acompañante do de percibir un prezo". Claramente xa se está definindo na nova Lei de contratos do sector público que agora mesmo está nas Cortes porque é certo que hai moitas doutrinas en canto a fórmulas de xestión, pero a nova Lei claréxao, non hai ningún tipo de dúbida e así nolo fan chegar os nosos asesores e os representantes xurídicos do propio Concello. Coido que está perfectamente explicado.

Coido que a vostede lle pasan mal a información e non me estraña porque no seu grupo hai persoas que teñen unha teima con certas cuestións urbanísticas. Os terreos dos que fala no Areal son de titularidade municipal; a titularidade da Autoridade Portuaria chega xustamente á beirarrúa da Comandancia de Mariña e aí é onde remata a concesión da titularidade pública dos aparcadoiros.

Coido que está perfectamente claro e por tanto non confunda á opinión pública, non hai ningún terreo da Autoridade Portuaria, son todos municipais.

Con respecto á compatibilidade de uso, hai varias sentenzas. Houbo aparcadoiros nesta cidade dende o ano 78 e non houbo ningún tipo de

problema. A compatibilidade de uso dos aparcadoiros con zonas verdes está perfectamente definida en varias sentenzas e vostede segue acudindo a esa cuestión.

Con respecto á Xunta Consultiva vostedes só teñen un obxectivo e ademais se delatou vostede mesmo: di que ó Goberno o único que lle interesa é facer a adxudicación destes aparcadoiros. Ó Goberno non lle interesa só iso; ó Goberno, como cré e ademais é razoable que pense seguir gobernando, o que quere é ir adiantando os prazos para que se poidan facer canto antes eses aparcadoiros na cidade de Vigo, porque vostede non tivo a valentía de facer unha política de mobilidade e tráfico nesta cidade que fose máis alá dunha decisión de dobre fileira que xa se demostrou que sería totalmente imposible levala a cabo no tempo, fíxoo estratéxicamente durante un mes.

En canto ó tráfico fíxose unha política clara. En primeiro lugar mediante unha aposta decidida polos aparcadoiros e aparcadoiros para residentes, cousa que nunca se fixo nesta cidade e nisto teño que agradecer a todos os grupos políticos o apoio que prestaron ó Goberno porque todos estabamos de acordo en levar a cabo esas políticas.

Tamén é certo o que dicía o Sr. Toba, que había un xeito de xestionar os aparcadoiros que non se puido levar cabo porque algúns non quixeron e seguramente esa era a fórmula máis conveniente. Como foi imposible levalo a cabo por informes xurídicos e porque o abogado do estado dixo que era incompatible, buscouse outra fórmula.

Estase levando a cabo un plan de aparcadoiros de 30.000 novas prazas na cidade de Vigo, cunha porcentaxe elevada do 20% en cada un deles e o 50% no de Castelao para residentes, que consideramos que é unha demanda que ten a cidade e que hai de satisfacer.

Sr. Calviño, coido que vostede ten un problema persoal: non soporta que o Sr. Coello estea a facer unha boa e razoable xestión. Hai unha cuestión de deformación. Eu cando marchei da concellería de Deportes que tive durante catro anos a responsabilidade de levara cabo, tomeu a decisión de non facer nin unha sóa crítica a esa concellería e os compañeiros que están na Corporación sábeno. Cando me substituíu o Sr. Domínguez Olveira ás veces pensaba falar pero non o facía porque sabía das dificultades, coñecía o terreo, sabía que era difícil actuar e facer oposición cando un estivo ó fronte da responsabilidade dun departamento.

A vostede pásalle exactamente igual. Seguramente as actuacións que está a levar a cabo o Sr. Coello no seu interior vostede sabe que son razoables, coherentes, responsables, por iso fai unha crítica demonizando a situación

do tráfico na cidade de Vigo e dese departamento. Coido que sería bo que non entrase na deformación dun que estivo nun cargo, mirase cara o futuro con outros proxectos e apoiase esa xestión que consideramos que sempre se pode mellorar pero que é razoable, correcta, está dentro dos criterios que demanda a cidade e iso é o que estamos a facer.

Vostede foi o primeiro que empezou con este tipo de acusacións e imos demostrarlle concurso a concurso que o Goberno da cidade de Vigo defende os intereses xerais desta cidade e o que se empeza demostrar xa no primeiro é que as acusacións que fixo atreveríame a dicir que vostedes están a defender máis ás empresas que ó Concello de Vigo e ós intereses xerais desta cidade. Demostrouse no mobiliario urbano, está a demostrarse aquí que vostede se está poñendo do lado das empresas para que un tipo de concesión ou de xestión lles sexa máis favorable.

Iso é evidente, unha proba obxectiva con datos que están enriba da mesa e polo tanto nós imos votar en contra desta moción. Pensamos que continuar cos proxectos dos aparcadoiros é importante para a cidade, para a mellora da mobilidade, do tráfico e sobre todo porque estamos perfectamente asesorados polos servizos técnicos deste Concello. Evidentemente o Goberno non foi quen tomou a decisión da fórmula de xestión, nin a decisión de que os aparcadoiros se poidan construír en zonas de titularidade municipal, senón que o Goberno primeiro puxo enriba da mesa o proxecto, asesorouse cos servizos técnicos, recabou os informes correspondentes e cando tivo eses informes adoptou decisións.

Cando se toma unha decisión, tómase con todas as consecuencias. Non temos medo, gustaríanos que non se recorriera pero se é así, este expediente non é o único, teñen outro exemplo a máis do mobiliario urbano: o pazo de congresos ía ser un auténtico desastre, ían recorrer, íanos meter nos xulgados, íamos paralizalo... Non querían que se fixera, igual que pasa cos aparcadoiros, demostrouse que fixemos unha magnífica adxudicación, que se está actuando correctamente, que se está demolendo en tempo en forma e que foi unha boa decisión para esta cidade.

Vostedes puxeron absolutamente todas as trabas, coido que non había máis que poñer. Gracias ós demais membros da Corporación que colaboraron, tanto ó Partido Galeguista como o Bloque Nacionalista Galego, pero vostedes pasarán á historia por estar en contra da adxudicación do pazo de congresos da cidade de Vigo e alomenos mentras eu estea aquí llo vou lembrar día a día: que o Partido Socialista estivo sempre en contra do pazo de congresos. Se por vostede fose a día de hoxe non teríamos a adxudicación feita. Aí

están as actas, entorpeceron, manipularon, confundeion á opinión pública e tentaron que non se fixera a adxudicación, ó mellor tamén tiñan outro tipo de intereses, defender a outras empresas de fóra desta cidade.

Nós non estamos por ese labor, estamos polo labor de facer proxectos para esta cidade, por defender os intereses xerais dos cidadáns e de que as adxudicacións se fagan defendendo dun xeito claro eses intereses e nunca na defensa dos de ningunha empresa. Vostedes levan dúas e vai gañando o Goberno dous cero.

SR. SOTO FERREIRO: Vou consumir este segundo turno porque mo permite o meu compañeiro o Sr. Alonso, que era quen ía defender este tema, por unha intervención do Sr. Figueroa.

Vou empezar por un aspecto colateral. Prodúcame unha preocupación e unha mágoa grande ver os vieiros de discusión que están montando o Partido Socialista e o Partido Popular. Recoñezo que teño unha certa sensibilidade para estes temas porque son unha persoa terrorificamente calumniada e non ver probas cando se fan acusacións graves como se fan vostedes permanentemente arrepiánme. Ou teñen probas ou calen, uns e outros. Se teñen probas, ó Xulgado correndo e eu axúdolles. Se non teñan a prudencia política, humana e persoal de calar, uns e outros. De verdade lles digo que van por un camiño que o único que fan é emporcar a vida municipal, emporcarnos a todos, parece que aquí vale todo. Alá vostedes, eu nos lle vou entrar nese xogo, sinxelamente pedirilles por favor prudencia.

Todos trabucámonos nalgunha declaración, quen estea libre de pecado que tire a primeira pedra, pero se é así mellor rectificar, pedir disculpas e non pasa nada. Se non queren facelo así pois segan, dende logo eu non lles vou seguir ese ronsel nin ó PP nin ó PSOE.

Neste intre se produce unha nova interrupción por berros dun asistente no salón de Plenos, ordeando a Presidencia ou seu desaloxamento por axentes da Policía Local.

SR. SOTO FERREIRO: En canto ó fondo do tema estamos rotunda e exclusivamente a favor da fórmula de servizos públicos. É unha posición política que se pode compartir ou non pero a nosa é rontunda, clara e excluinte, non votariamos outra fórmula.

Gustariame que o Sr. secretario do Pleno nos dixera se é preceptiva a consulta á Xunta Consultiva de contratación Administrativa. Coido que sei a

resposta pero me gustaría escoitalo. Se non é preceptiva nós votamos en contra desta moción e explícolles o por qué: non somos partidarios de dilatar ningún expediente que poida ser positivo para a cidade de Vigo e cremos na construción destes e no futuro doutros aparcadoiros para residentes, etc., porque ó parecer queremos moitos máis aparcadoiros dos que queren outros, como unha das fórmulas para axudar a unha mellor convivencia, entroutras cousas polos problemas de tráfico.

Cremos nese tipo de políticas e se é así estamos dispostos a defendelas governe quen governe hoxe e no futuro e non estamos dispostos a dicirlles que non hoxe porque non nos gusten outras cousas do Partido Popular se estas son obxectivamente positivas.

Polo tanto gustariame que me respostase a esa pregunta porque a prudencia nunca sobra. Se se pode consultar á Xunta Consultiva e houbera a obrigatoriedade formulada de que nos resposten por exemplo en quince días, ata aí, iso non sería unha dilación nun expediente. Se poden consultar en máis-menos, xa veremos, non votamos a favor porque non digo que sexa esa a súa intención, pero poderíamos entrar nunha proposta trampa que cambie os obxectivos a acadar que lle dicía que, se son bos, canto antes se poñan en marcha mellor, polo ben da cidadanía.

Logo de nos pronunciar así de contundentes con respecto ó fondo do asunto, Sr. Figueroa, vostede ás veces fai unha demagogia preocupante, alomenos para min. Voulle sair ó paso para lle facer unha particularización.

Entendo que vostede quera dicir que o Goberno o fai moi ben, etc., é perfectamente comprensible e forma parte do xogo. Pero cando as súas intervencións caen na demagogia porque non son rigorosas con respecto ó fondo que presentan, se algún estabamos alí obríganos a contestarlle.

Cando se produxo a adxudicación á empresa que vostede alude, non é que fose a mellor, é que practicamente era a única no mundo cun nivel de calidade determinado, unha empresa que estaba con ese tipo de sinalización en moi poucas, pouquísimas cidades do mundo porque era moi pioneira e polo tanto tiña unha fórmula que custaba o que custase daquela, que eu non entraba niso, pero en todo caso era competitiva coas outras empresas só que daba unha calidade infinitamente superior e ninguén discutía iso.

Pasou o tempo e na miña opinión esa empresa non é única nin moito menos, hai outras cunha capacidade de deseño que se achegaron moitísimo ó que facía esa e hoxe pódese escoller mellor, non tes por qué estar atado a unha empresa determinada, hai unha competitividade infinitamente superior, unha productividade tamén infinitamente superior pola cantidade de vendas que

producen en todo o mundo e polo tanto son capaces de dar condicións obxectivamente moito mellores.

Non é que vostedes sexan tan listos que é o que se pode desprender da súa intervención e que antes daba pouco e agora da moito porque vostedes o fixeron moi ben. Non digo que o fixeran mal pero a diferenza do que dan é por iso, non porque haxa hoxe un goberno e antes outro.

Queiro deixar isto claro porque cando se fixo a adxudicación, como dase a casualidade de que eu era alcalde de Vigo, non vaia parecer que isto era unha cousa de listos e non listos, senón é que hai unha produtividade e unha competencia determinada e alégrome infinitivamente de que hoxe iso favoreza moito ós intereses do Concello de Vigo.

Pero tamén lle digo que se vostede expón soamente o que pasa hoxe en comparanza do de onte, tería que expoñer tamén a competencia de empresas que había en calidade de deseño, de materiais e en custos de entón. Aquel concurso seguino persoalmente porque me interesaba ese deseño, confésollo, e dígolle que realmente se fixo tan ben como se podería facer hoxe dándollo a calquera empresa, a esa ou a outra porque lle insisto que ningunha é xa única.

SR. TOBA GIRÓN: Como sempre que fala o Sr. Figueroa as cousas non se sabe moi ben por onde derivan. Só quero clarear que eu non sei que traerá consigo o concurso dos guindastres pero tendo en conta que levan vostedes como dous anos e medio con el, cando rematen as instalacións estarán amortizadas. Digamos que é unha fórmula moi singular de resolver un concurso do que nós xa lles dixemos na mesa de contratación que o normal era declaralo deserto e convocar un novo que era o que pedía o puro sentido común, pero non quero entrar aí.

Voltando ó que realmente nos trae que é unha moción do Partido Socialista que di: "Solicitar á Alcaldesa e á Xunta Local de Goberno a interrupción inmediata ... reclamando de novo a realización da consulta á Xunta Consultiva..." Non temos ningunha razón para nos opoñer a que exista esa consulta. Non sabemos o que pode tardar ou non pero o que si sabemos é que ese contrato vai estender os seus efectos durante oito anos alomenos na cidade.

Idependentemente das discrepancias que eu xa manifestei a respecto da exposición de motivos que por suposto manteño, parécenos unha medida de prudencia como a presentada no mes de setembro que en todo caso, tendo claro que é un asunto que neste intre está como está, aínda que nós tamén

coñecemos a modificación da Lei de Contratos que está no Congreso dos Deputados, pódese facer esa consulta sen ningún problema. Por isa razón ímola votar a favor.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Vou empezar por agradecer a posición do voceiro do BNG aínda que teño que facer algunhas precisións sobre a súa primeira intervención.

O primeiro dicir que na exposición de motivos da moción presentada polo Grupo Municipal Socialista non se prexulga nada, fanse preguntas á Xunta Consultiva de Contratación. En todo caso previamente á pregunta, faise unha pequena xustificación de por qué cremos que a pregunta é pertinente. Primeiro punto absolutamente vital, non estamos prexulgando a resposta. É máis, nalgún caso douna por respostada no sentido contrario, por exemplo no tema de servizo público do que logo falarei.

O acordo que tomamos o 12 de setembro cando se inicia o expediente non é optar pola opción de servizo público porque non se tratou nese Pleno. O acordo dese Pleno foi, primeiro, determinar que a construción e a subseguinte xestión e explotación do servizo público dos aparcadoiros subterráneos públicos se efectue mediante xestión indirecta e concesión; o único. Non se acordou a modalidade xurídica de se concesión de obras públicas ou xestión de servizos públicos.

Isto é unha pequena precisión porque coido que é suficientemente clara ó respecto. Igual que o punto cuarto onde, por suposto eu acepto o exposto respecto a Castelao e Jenaro de la Fuente, acepto que a intención dese asunto fora a que explicou o voceiro do BNG pero en todo caso está aí e é algo que hai que considerar.

De calquera xeito tamén fago a pregunta á Xunta Consultiva se ese artigo 54.g da Lei do Solo ten que ser aplicado ou non, fala precisamente de que eses aparcadoiros teñen que ir no plan. Non prexulgo e comento que no Pleno da Corporación si acordamos iso.

Dito isto sobre a intervención do Sr. Toba, quero felicitar ó Sr. Figueroa por unha cousa: a sorte dese pronunciamento do Tribunal Supremo que coñecen dende hai varios días e que obviamente é unha arma contundente nun debate. Felicítoo calurosamente e me felicito como cidadán e como vigués que o Tribunal Supremo emendara a plana ó Tribunal Superior de Xustiza e nos aforremos unha posible responsabilidade nun tema no que eu son o primeiro en alegrarme.



De todo o demais sinto discrepar absolutamente do principio ó fin. Sobre as alusións personais, a outros contratos, etc., non se preocupe que o abordarei ó final porque dende logo eu non retirei nada do discurso nin o vou facer. Nin o Sr. Figueroa co seu estilo badoco o vai conseguir.

O que dixo o Sr. Figueroa que non houbo discrepancias na comisión a efectos do tema xurídico, é certo, está meridianamente explicado. Era eu o que estaba na comisión, compartimos totalmente as consideracións que daban os técnicos do Concello ó respecto. Ata que empezou o expediente a circular, empezou a exposición pública, vimos o rosario de recursos por parte das empresas ou de calquera cidadán. Iso é a legalidade, por suposto van defender os seus intereses pero temos que actuar con legalidade para que esas empresas nos seus recursos non lle acepten os recursos presentados.

A nosa obriga é poñer os expedientes coa máxima seguridade xurídica para que eses recursos, algúns con intereses detrás, non poidan ir adiante. Esa é a miña única preocupación.

Expúxose ó público, houbo alegacións importantes e aí foi onde me empecei preocupar pola seguridade xurídica deste expediente e aínda que non son xurista metínme a fondo na Lei de Contratos porque entendo que estamos facendo algo crucial.

O Sr. Figueroa leu o artigo 220 da Lei de Contratos que deixa meridianamente claro que isto entraría dentro do contrato de obra pública que é a definición da lei actual, non da que vai vir do Congreso e que agora está a nivel de proxecto. A actual déixao perfectamente claro. Aínda con esa lectura que fixo o Sr. Figueroa eu non o prexulgo, non digo que estea a favor de contrato de obra pública ou de servizo público; fago a pregunta coa lexislación actual de cal sería.

Contéstaseme por parte do voceiro do Partido Popular que no proxecto de Lei hai unha definiciación diferente; esta definición do 220 que é a legal, a actual, é clarísima ó respecto pero a que ven no proxecto das Cortes non pecha a porta a que sexa concesión de obra pública de ningún xeito, coa redacción do artigo 7 de leu o Sr. Figueroa.

Pero o que é fundamental para min e aquí teño que facer referencia á consulta do alcalde de Albacete, esta consulta era sobre un tema moi concreto de aparcadoiros. Entereime dela porque facía referencia a ela o Sr. interventor no seu informe e trata dun tema moi concreto de cesión de contrato, de qué porcentaxe se aplica, no artigo 114 que non fora modificado pola Lei 13/2003 que é a que deixa perfectamente claro o tema na redacción que mesmo leu o voceiro do Grupo Popular.

O meu asombro é que a efectos de cesión de contrato a conclusión do informe é a que leu o Sr. Toba pero sobre o xenérico, sobre o que é un aparcadoiro soterrado, o punto número 2, que non estaba no informe do Interventor, con quen logo eu falei, está na exposición de motivos do texto da moción por iso non o leu. Nese punto 2 que é xenérico, non sobre a cuestión concreta da cesión, di perfectamente claro que un aparcadoiro soterrado é contrato de concesión de obra pública.

Ó final é cando di: "A efectos do que se pregunta da cesión esta calificación resulta insuficiente" porque o artigo do que falabamos non fora modificado no 2003.

Aquí hai un pronunciamento da Xunta Consultiva que non sei se en Castilla-La Mancha teñen a nivel autonómico ou non pero para min é sucientemente claro. Aínda así non o prexulgo, fago a pregunta e poñéndonos na situación de que sexa servizo público, Sr. Soto, é onde no punto 2 digo que o artigo 158.2 da Lei de Contratos di que cando hai obra pública, aínda sendo servizo público, se faga estudo de viabilidade.

Isto no proxecto que está no Congreso segue absolutamente igual, di exactamente: "En actuacións preparatorias de contratos de servizos públicos..." Exactamente igual que di a Lei actual. "...En tal suposto, nos contratos que comprendan a execución de obras (refírese a servizos públicos) serán de aplicación os preceptos establecidos nesta Lei para a concesión de obras públicas". Dío o proxecto que está no Congreso, exactamente igual que o artigo da Lei actual ó que eu fago referencia na exposición de motivos.

Se imos ós requisitos atopámonos o estudo de viabilidade no artigo 112 exactamente igual que na actual Lei de Contratos, co mesmo texto. Incluye unha cousa nova de seguridade e saúde.

Aínda pensando nese futuro proxecto, coido que as preguntas son enormemente pertinentes e repito que o que temos é a legalidade actual que é a que hai que tratar. Díganme vostedes se non hai razóns de seguridade xurídica dabondo para facer a consulta ou non.

En canto ós terreos do Areal é a típica xogada do Goberno. Eu non falo por min, falo do único que hai no expediente: un informe do arquitecto da unidade de Patrimonio. Cando eu expuxen na comisión informativa esta serie de temas e falouse da necesidade de que se revisara, o que hai non é unha revisión como Deus manda senón un informe deste arquitecto que di que a zona este anexa á rotonda pertence á Autoridade Portuaria. Por suposto non

fai referencia ó Sr. voceiro ó tema das unidades de execución que obviamente están no mesmo informe.

As razóns que eu poño na exposición de motivos para xustificar a pregunta, que non prexulgar a resposta, seguen a ser plenamente válidas, eu diría que aínda máis por iso falo con este convecemento total e parécese absolutamente grave que non se teñan en conta porque é facer unha consulta para a seguridade xurídica do expediente que aquí sabemos o que nos xogamos, igual é máis de oito anos o proceso de facer os seis aparcadoiros públicos na cidade.

O que non podo evitar é facer referencia a como comezou o Sr. Figueroa, co típico estilo de espallar lixo dun xeito na miña opinión absolutamente irresponsable. En todo caso nunca fixen alusións persoais nas miñas declaracións pero lles podo asegurar que non retirei nada do discurso. Imos falar do concurso do guindastre e do mobiliario urbano, o que pasa é que non son tan urxentes. O que é urxente é o que remata o prazo de presentación de propostas o día 15 de decembro por iso estou falar del.

Pero xa que o Sr. Figueroa falou sen parar do tema do guindastre e do mobiliario urbano direille que vou seguir falando e moi alto deses temas e vou facelo para defender a máxima concorrencia sempre, a máxima transparencia, participación en difinitiva a valores absoluta e totalmente democráticos.

Cando o Sr. Soto me di que non se teñen suficientes probas e que para iso están os xulgados, coido que hai un nivel de debate político que é importante considerar. Sei moi ben que en ocasións hai que coidar moito as palabras pero cando un, por exemplo e por falar dalgún, do concurso do mobiliario urbano, dase de conta con moitos elementos de que está previsto darllo a determinada empresa, por qué está visitando permanentemente determinados departamentos e mesmo a Alcaldía? É un elemento a considerar. Eu escoitei a todas as empresas que quixeron falar comigo, hai unha que non me falou, que non me expuxo a súa posición. Alegreime de que todas falaran comigo porque entroutras cousas entereime de que outra das concursantes é unha empresa con moito presenza en Galicia cousa que non sabía.

Curiosamente das tres, agora catro e felices porque cantas máis participen mellor, que tiñan admitidos os seus proxectos unha presentou recurso ó prego de condicións nunha serie de aspectos e outra fixo unha serie de preguntas para clarexar o tema. A terceira non fixo nada, seguro que non o necesitaba.

Lamentablemente a unha delas foi unha empresa que estivo moitos anos na cidade facendoo ben, dixérono todos os concelleiros. Un dos argumentos era o tema da reversión que eu seguirei defendendo aínda que é unha parvada, aínda que quede o mobiliario dentro de vinte anos non valerá para nada. O bo deste concurso é que é gratuito para o Concello, que ingresa pola publicidade que poñen as empresas nese mobiliario. Non custa nada, é máis pagan un canon, polo que o Concello recibe aportación económica sen ningún custo.

Iso pasará agora e dentro de vinte anos igual. A reversión é algo absolutamente innecesario porque dentro de vinte anos ese mobiliario é obsoleto, xa non por razóns de deseño senón que por todo. O mobiliario que imos ver cando se resolva este concurso non terá nada que ver co actual, governe quen governe vai haber un salto cualitativo enorme no tema do mobiliario urbano.

Todo sabemos que se puxo o tema da reversión para o facer absolutamente imposible. Alégrome que unha determinada empresa resolvera os seus problemas e se puidera presentar sen reversión; maior concorrencia, maior posibilidade de que participen o máximo de empresas sobre todo cando son dun prestixio que é evidente. Iso é o que estou a defender permanentemente nestes concursos.

En canto ó tema do guindastre estamos a pensalo todos internamente pero ninguén o di. É un concurso dende o principio absolutamente de tolos. Para empezar se adxudicaba a unha empresa que agora está totalmente fóra porque non se aceptou. Hai procedementos negociados que non cumpren o prego de condicións. Fracasa o procedemento negociado e abrése un procedemento para consensuar coas empresas presentadas. É absolutamente impresentable.

No próximo Pleno virá que se faga a consulta á Xunta Consultiva das administracións públicas que é o máis lóxico nesta situación, cando hai un informe que mesmo recomenda que se faga esa consulta porque é unha situación anómala que non se vivira nunca. Se hai tantos problemas fagamos un novo concurso aberto e se o prego estaba mal fagamos outro en condicións porque o que hai, por moito que nos venda unha nave industrial, sería unha solución malísima alomenos nos primeiros anos porque no terreo que coñecemos todos e xa vemos como funciona ese servizo, vai haber tres cousas ó mesmo tempo: a apertura dun vial, a construción dunha nave e o depósito provisorio. Nin siquiera se atopou un depósito provisorio como pedía a Mesa de Contratación no seu intre e ofertaron o mesmo terreo que poñían para definitivo.

Non me vai calar o Sr. Figueroa, vou seguir falando deses asuntos e teño suficientes argumentos como para dicir con toda a responsabilidade que en efecto teño a suficiente sospeita de que están amañados. Así de claro e non me preocupa, non estou chamando nada a ninguén nin persoalizando, estou a dicir algo que dados os expedientes cae pouco menos que de caixón e perdoe que o diga tan claramento.

O máis grave do asunto é que, como hai argumentos dabondo para pagar os pés, o que se fai é persoalizar o tema para calar a bouca con argumentacións de tipo persoal que cremos que son absolutamente impresentables. O único que está a facer o Grupo municipal Socialista, neste caso este voceiro provisorio que aínda non é definitivo, é que o ten absolutamente claro e non se vai calar porque o que estamos a defender é democracia, transparencia, facilitar a concorrencia e procurar que se escoite absolutamente a todo o mundo.

Esta é a situación, doutro lado o que hai é falla de transparencia, de información e practicamente de todo. O que nós pedimos é xustamente o contrario, valores democráticos que son os que pretende defender esta moción que posiblemente non sexa tida en conta, polo que xa sabemos ó que están dispostos o Goberno do Partido Popular pero iso non fará que o Grupo municipal Socialista siga calado.

O Sr. Figueroa dixo repetidas veces que non presentamos alegacións; non o fixemos porque somos grupo municipal e cremos que temos algo que dicir aquí. Se na comisión informativa e no Pleno non nos fan ni caso, veremos doutras medidas pero o que é obvio é que non nos poden pedir que fagamos alegacións cando temos posibilidades de utilizar esta institución, paréceme un tanto absurdo.

Por último a pesar do que poida parecer por esta situación de oposición, voulle dicir que basta que o diga o Sr. Figueroa para que eu incremente a miña posición de oposición ó que coido que se fai mal en tráfico porque realmente coido que é falsa esa teoría do ben que se está a facer na súa concellería. Penso xustamente todo o contrario e por aí seguirei.

A PRESIDENCIA: Sr. Soto, segundo me di o secretario non é preceptivo o informe. Imos votar a moción.

(Están ausentes os Sres. Figueroa Vila, Iglesias Carrera, Losada Alvarez e Ruiz Cenicerós).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Sío Lourido, Toba Girón e Vieitez Alonso, e dez votos en contra dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima, Soto Ferreiro e a Presidencia,

ACÓRDAS:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo Municipal Socialista, Sr. Calviño Rodríguez, relativa ó concurso para a construción de seis aparcadoiros soterrados de uso mixto, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

15.- (242).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG RELATIVA AS COMUNICACIÓNS EN AUTOMÓBIL POR PEINADOR.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 20 de novembro de 2006, o voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"As comunicacións co aeroporto de Peinador polo seu principal acceso, a autovía A-9, que nese tramo tamén é cinto de circunvalación de Vigo, son infamantes.

En efecto, entre a autovía e o aeroporto hai unha estrada insuficiente pra o tráfico que debe soportar a certas horas. Pero a cousa convértese en esperpéntica cando se chega á pequena rotonda que hai en fronte do IFEVI e da ITV. Alí fórmanse unhas extraordinarias colas polo tráfico que sae da autopista, o que sube de Cabral e o da estrada da Deputación Provincial de Pontevedra.

Un tráfico orixinado polo propio aeroporto, polo polígono industrial de Mos que está alí preto, pola ITV e polos tránsitos pertinentes. E porque os días que hai feira ou calquera outro evento no IFEVI a cousa traspasa tódolos límites razoábeis, con nervios tremendos das xentes que temen perde-los seus avións...

A Deputación de Pontevedra, titular do acceso que pasa por diante do aeroporto de Peinador, un aeroporto que serve fundamentalmente a unha boa parte da provincia de Pontevedra (tamén, inda que en menor medida, á de Ourense), debe asumir a responsabilidade de arranxar ese grave problema dunha vez por todas, sen prexuízo de que, con ese obxectivo, debería coordinarse coas institucións que lle parezan oportunas (Xunta, Aena, Fomento...)

Na nosa opinión, ten que prolongarse a saída da autovía A-9 cun mínimo de catro carrís ata permitir un acceso directo de entrada e saída do aeroporto, facendo que os outros tráfico alí confluentes se crucen a distintos niveis.

Consonte co antedito propoñemos:

Que a Deputación de Pontevedra asuma a responsabilidade de solucionar con urxencia os accesos de automóviles entre o aeroporto de Peinador e a estrada provincial da súa competencia."

A comisión informativa de Servizos Sociais, en sesión do 20 de novembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Coido que todos os concelleiros e moitísimos cidadáns saben do que estou a falar. Cando un se achega en automóbil a Peinador ás veces mesmo ocorren enfrontamentos entre conductores porque os nervos dos que temen perder un avión están a flor de pel. Realmente as comunicacións por automóbil co noso aeroporto sinxelamente son nefastas, non se poden calificar doutro xeito.

Ainda que aí atrás se mellorou a rotonda que alí hai e houbo unha mellora nese sentido que foi positiva, é absolutamente insuficiente, non solucionou a gravidade do problema, só mellorou un pouco o que había. Peinador polos seu tráfico sempre crecentes felizmente, ten que ter unha comunicación viaria como teñen todos os aeroportos do mundo, independentes doutros tipos de tráfico e polo tanto hai que levar catro carriles para relacionarse directamente co aeroporto, independentemente doutros carriles de circulación que poden ser a estrada da Deputación ou outro tipo de comunicacións como as que suben de Cabral o a antiga estrada pola que ía o tranvía que é municipal.

Paréceme que na confluencia que está coa estrada da Deputación, debería ser a mesma Deputación quen dese un paso adiante. Xa faláron algunha vez e por certo que de xeito moi positivo, na miña opinión, dicindo que estaban dispostos a axudar a comunicar o IFEVI con Peinador, porque cada vez que hai calquera tipo de evento no IFEVI o caos é absoluto para o IFEVI, para Peinador e para todo o mundo.

Coido que a Deputación, que insisto en que anunciou un xesto para min positivo como era a posibilidade de conectar directamente o IFEVI con Peinador, tería que dar outro paso anterior que é infinitamente máis importante e urxente como é solucionar o nó de comunicacións que alí hai, nunha estrada da súa competencia, nun aeroporto que non é estrictamente

vigués, non só porque estea a cabalo de varios concellos diferentes senón porque realmente da servizo a toda a provincia e mesmo a Ourense. Obviamente tamén tería que dicir algo a Xunta neste tema igual que Fomento. Nos debemos e podemos ofrecer á Deputación toda a colaboración do mundo pero ten que ser ela quen debe liderar un proxecto que, en consoancia cos traballos doutras administracións, solucione ese problema gravísimo dunha vez por todas.

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: En principio xa anunciamos o noso voto favorable pero vou ser un pouco máis extenso, máis que nada porque levamos catro anos perdidos, inauguramos o que foi quedando. Esa rotonda que vostede di houbo que a facer dende o Concello porque non tiñamos goberno amigo nin en Pontevedra, nin en Madrid, nin en Santiago pero fixemos o que había que facer: obrigar a que eses gobernos non amigos entendesen que esta cidade é o motor deste país.

Quedoulle un plan director consensuado con Fomento e con AENA. Se vostede ve o Plan Xeral que se está tramitando en Santiago, aí xa se contempla o que corresponde para que este aeroporto estratéxico, motor desta cidade e deste país, teña os accesos axeitados.

Algunhas veces imponse o sentido común; a proposta que facía o Plan director orixinariamente pasaba entre os colexios pequeno e grande do Martín Codax, porque o vial que hai fronte ó aeroporto non é de ninguén, nin de de Fomento, nin do Concello, nin da Deputación. Acadamos que os técnicos de Fomento entendesen que habendo dúas estradas e unha autoestrada nacionais tiveran sentido, polo que a proposta que nos aceptaron foi conectar a nacional 555 co cruzamento da 556, para que me entendan, a estrada de acceso de Vigo ó aeroporto que agora é de titularidade pública do Concello, se conectara coa estrada do tranvía que tamén é do Concello e dende aí, con dúas rotondas coas medidas axeitadas, se fixera un novo acceso totalmente independente ó aeroporto e ó IFEVI e o resto do tráfico e que cada quen fose por onde ten que ir.

Pero xa dixen que esa rotonda de formigón, que foi dura de facer, fíxoa Vías e Obras do Concello de Vigo porque o resto das administracións non respostaron. Ultimamente se fixo unha saída do IFEVI por onde está a cerca; tamén se fixo unha directa para as altas autoridades, que para os concelleiros de aquí non chega, que cando hai algún evento importante se abre; fíxoa a Deputación e non vale para nada porque está pechada. Xa ve qué planificación.



Catro anos perdidos en infraestructuras é moi duro para unha cidade porque hai unhas negociacións cos técnicos que quedaron moi avanzadas que son quen dan o informe favorable para que se faga, logo falla ese alento político, como dicía antes de pasar o Padornelo, porque a algúns dende que pasou o de ir obrigatoriamente a Madrid, rematouse e estas cousas nunha administración responsable non se poden parar.

Por suposto que imos votar a favor pero se non se poñen de acordo cos que mandan en Fomento e AENA e conxugan todo este proceso e seguimos en estudos informativos que non saen, seguiremos así e quedará nunha boa intención pero como vai haber campaña isto para programas electorais vai moi ben.

Estou convencido da necesidade de facer isto igual que vostede, padecémolo todos e por riba cando hai brétema alá arriba xa é imposible. As infraestructuras son as que son e é unha necesidade perentoria se queremos botarnos ó noso aeroporto pero hai que traballar e dígoos porque ó noso goberno quedoulle moito máis por facer, non só iso, outras necesidades como dotar á estación de Guixar dun acceso directo, tecnicamente negociadas pero inauguraremos só o alumbeado que quedou dende Puxeiros ata Vigo, que tamén é unha boa mellora vial, pero nada máis. E para iso houbo que formalizar iso de que Vigo pagará o mantemento.

(Están ausentes os Sres. Figueroa Vila, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Losada Alvarez, Ruiz Ceniceros e Toba Girón e a Sra. Polo Lima)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, relativa ás comunicacións en automóbil en Peinador, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (243).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A INSTALACIÓN DUNHA REDE DE HIDRANTES NO PERIURBÁN.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 7 de novembro de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

"Dende a posta en servizo no ano 2003 da rede perimetral de abastecemento de auga potable de Vigo todo o termo municipal quedou por fin unido en rede mallada cos distintos depósitos reguladores, así como as ETAP de Valladares e O Casal. Na anterior Corporación tamén se iniciou o Plan director de abastecemento para toda a Área Metropolitana, do que descoñecemos a data do seu remate.

Recentemente e a proposta do Grupo municipal do BNG, aprobouse en Pleno un plan de investimentos para toda a cidade no que figura unha partida para un novo depósito regulador no monte Vixiador, para abastecemento de Candeán (Herminde-Rabadeira) e Cabral (Carballal), por importe de 550.000 euros, así como 50.000 euros para unha asistencia técnica para o estudo de sectorización da rede de abastecemento de augas de Vigo.

Na sesión extraordinaria e urxente da comisión informativa de Control da Contratación do 16 de outubro de 2006, no punto dous, dásenos conta do prego de condicións para a contratación da devandita asistencia técnica. Sen embargo, observamos que non se contempla o estudo para a implantación dunha rede de hidrantes (boca de rego ou válvula de descarga rápida de auga contra incendios) no periurbán e, máis concretamente, o aproveitamento da rede reguladora de depósitos e o seu asentamento no contorno dos parques forestais. A modo indicativo relacionamos os seguintes:

- Zona 1. Saiáns
- Zona 2. Valladares
- Zona 3. Beade
- Zona 4. Cabral-Cotogrande
- Zona 5. Cabral
- Zona 6. Candeán
- Zona 7. O Castro
- Zona 8. A Guía
- Zona 9. Candeán-Vixiador, no novo proxecto xa se contempla a instalación de hidrantes.

Polo exposto, o Grupo municipal do BNG propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

- 1.- O Pleno da Corporación insta á Alcaldía-Presidencia a que o estudo e os proxectos se realicen para que todo o territorio periurbán de Vigo sexa protexido de posibles e non desexados lumes e dotado dunha rede de hidrantes que faciliten a súa rápida utilización polos servizos de bombeiros.
- 2.- Que a nova rede de hidrantes sexa debidamente sinalizada en planos e coordenadas para a súa localización.
- 3.- Que no deseño da futura rede de hidrantes os servizos de incendios do Concello e da Xunta fagan as achegas que consideren necesarias para o servizo da futura Área Metropolitana de Vigo."

A comisión informativa de Servizos Xerais, na súa sesión do 20 de novembro quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: A importancia desta moción é obvia e case que podería dicir que votemos xa. No ano 2003 por fin dotouse a esta cidade dunha rede que pechou o anel e pódese servir á cidade dende calquera punto aínda que haxa avarías. Pero tamén é algo máis importante porque Vigo é punteira en todo, ten unha rede que formaba parte dun plan director que nunha se remata, porque dende hai catro anos que fixeron o avance nunca máis se soubo, pero como algúns estamos aquí non para facer o que din algúns do Comité senón para traballar pola cidade, temos a cabeza para pensar e un grupo unido, podemos presentar mocións coma ista, ou a das algas invasoras que é vital para a nosa ría, ou esta dos lumes.

Temos unha infraestrutura de depósitos que o máis pequeno ten 250 metros cúbicos de auga, outro de 500, outro 1.000 no cinto verde desta cidade. Iso pode facer un grande servizo se coma mínimo ten unha boa sinalización que non hai; mellor se se fan hidrantes que é unha boca de rego de válvula de descarga rápida para auga contra lumes, podemos cargar un camión a toda velocidade ou enchufar unha manguera e apagar o lume directamente.

Como isto trascende da nosa cidade, cando eu tiven posibilidade de gobernar a única infraestrutura que puideron facer foi a de subir máis auga ó monte Alba para unha barriada de Valladares, o que obrigou a poñer unha destas bocas na subida da Garrida que é a única que quedou daquelas que eu saiba. Seguro que os servizos técnicos municipais e máis os de a Xunta farano moitísimo mellor ca min porque para iso estudaron pero o que eu propoño é que toda esta rede teña tamén unha utilidade para unha emerxencia, que sirva para toda a rede periurbana de parques forestais, de toda a masa forestal que temos que é o pulmón da nosa cidade e que poidan ser utilizadas.

Eu no mes de agosto paseino moi mal porque estiven pateando o monte con voluntarios e vin como algúns dos que querían colaborar, xentes doutras cidades que estiveron aquí, non tiñan nin un só plano que lles indicara e os bombeiros facían o que podían. O que importa é que tendo infraestructuras como hai balsas, depósitos aínda que sen tomas como o de Candeán, tamén en Cabral, en Beade, Saians, Meixueiro, temos unha morea de depósitos pero non teñen algo tan importante e fácil de poñer como é unha boca rápida de descarga para utilizar directamente ou ben para que os nosos servizos ou os que veñan caso de ser necesario, esperemos que non, teñan que saber claramente onde están.

*A seguir o Sr. Fernández Fernández procede a ler o texto da parte dispositiva da súa moción.*

SR. SOTO FERREIRO: Como xa lle dixen o outro día privadamente, esta é unha desas mocións que un se di a si mesmo mágoa que non se me ocorrise a min. Paréceme interesantísima e importante e como tengo algún medo de que ó mellor puidera pasar non tan aprezada como na miña opinión debe ser, quería facer este pequeno comentario.

Tamén quero facer unha suxestión que nin siquiera é unha emenda, en todo caso é para o Goberno municipal. Coido que deberían aproveitar esta moción e ó mellor terían que ir algo máis aló. Xa é malo que nos pasen desgracias pero é aínda peor que non aprendamos delas. Esta moción debería levarles á reflexión de qué tipo de protocolo temos para casos de catástrofes; lumes é unha delas pero tamén pode haber outras. Ten que haber un plan de resposta pre-elaborado e pre-estudado e, acolléndome ó criterio da intervención anterior do Sr. Toba eu diría que todos poderíamos e deberíamos opinar nalgúnha comisión, facer ás nosas achegas, partindo naturalmente de informes técnicos.

Déixolle a suxestión ó Goberno municipal de que realmente faga protocolos con respecto ó fondo do tema do que expón o Sr. Fernández que é absolutamente importante.

(Están ausentes os Sres. Figueroa Vila, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Losada Alvarez e Ruiz Cenicerós).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, relativa á instalación dunha rede de hidrantes contra lumes no periurbán de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

17.- (244).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE INSTANDO O ACONDICIONAMENTO DE FONTES EN VALLADARES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de novembro de 2006, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Caballero Míguez, formula a seguinte moción:

“As fontes e lavadeiros da cidade son unha das riquezas da nosa dotación natural incorporada ó tecido urbano e á estrutura social e forma de vida de boa parte da cidadanía. Os poderes públicos deben promover e impulsar o acondicionamento, a recuperación e o estado das fontes que están espalladas ó longo do territorio municipal, colaborando nesta tarefa con asociacións e colectivos veciñais para permitir un aproveitamento axeitado do uso das fontes e logrando acordos cando sexa necesario para favorecer ese uso público.

Na parroquia de Valladares existe unha dotación de fontes ó servizo das cidadás e dos cidadáns que requiren dun certo esforzo de acondicionamento e atención, para así mellorar o seu estado e posibilidades de uso actual. É o caso da fonte do Sapo, do lavadeiro do Río das Cortes, da fonte de Seoane, da fonte do Fabás e da fonte das Mouteiras. Cada unha delas ten a súa propia problemática e estado de situación, pero todas elas están nun estado non axeitado que pode e debe mellorar cun esforzo razoable de atención por parte do goberno, que pode colaborar con veciños e asociacións.

#### Resolución

Reclamar ó Goberno municipal que proceda ás tarefas de acondicionamento, limpeza, recuperación e mellora do estado das fontes e lavadeiros de Valladares e do contorno das mesmas, tales como no caso da fonte do Sapo, da fonte do Río das Cortes, da fonte de Seoane, da fonte do Fabás e da fonte das Mouteiras.”

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, na súa sesión do 20 de novembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CABALLERO MÍGUEZ: O Grupo municipal Socialista presenta esta moción instado por parte de veciños e colectivos de Valladares que demandan unha atención e un acondicionamento dunha serie de fontes que nesta zona municipal están nun estado pouco axeitado. Este grupo visitou todos estes espazos públicos e comprobou que realmente, con distintas problemáticas cada un deles, teñen unha situación que non respoosta á situación que deben ter para prestar esa función de espazo público que as fontes, que recollen boa parte da dotación natural do territorio, poden dar no seu uso público cara a sociedade.

Nesta moción solicítase, acondicionar, adecentar, limpar, nalgún caso adecuar ó seu contorno, unha serie de fontes de uso público das que se

aproveitan parte dos veciños e veciñas de boa parte do territorio de Valladares para recoller auga potable de uso diario.

Tamén nesa idea de levar a este tipo de cuestións a máxima dilixencia posible dende a xestión pública, traemos ó Pleno municipal esta moción que reclama ó Goberno que proceda ás tarefas de acondicionamento, limpeza, recuperación e mellora do estado das fontes e do seu contorno en Valladares.

Citamos o caso da Fonte do Sapo no camiño do Portal que o Concello pode colaborar na súa mellora; o adecentamento da Fonte do Río das Cortes que ten un lavadeiro e o seu contorno está nun estado de deterioro salientable; a recuperación da Fonte de Seoane na estrada do mesmo nome, así como a limpeza da Fonte de Fabás e o adecentamento da Fonte das Mouteiras. Son exemplos de fontes, igual que pode haber noutros lugares do municipio que cun pequeno esforzo de atención por parte do Goberno municipal poden mellorar o seu estado actual e facilitar o seu uso. A súa recuperación tamén mellora a propia imaxe da cidade porque sen estar no centro de Vigo son cuestións que para os contornos non tan urbanos da nosa cidade son relevantes.

Pregamos ó Goberno municipal que se faga neste sentido un certo esforzo porque ademais agora, que non estamos no verán e as fontes están en condicións de dar boa cantidade e calidade de auga ós veciños e veciñas, que se tente corrixir esta situación lixeiramente deficitaria.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Estou totalmente de acordo coa súa moción e comparto o seu criterio pero se é posible gustariame facer unha emenda para que non só fosen as de Valladares porque por exemplo a Fonte do Freixo, que non sei se pertence ou non a Valladares, non a inclue vostede e está cos canos rotos e mal.

Tamén hai máis fontes: Riazor, Roteas, Moláns en San Andres e por iso eu pediría incluír na moción "Reclamar ó Goberno municipal que proceda ás tarefas de acondicionamento, limpeza, recuperación e mellora de todas as fontes do termo municipal".

SR. CABALLERO MÍGUEZ: Acepto a emenda por extensión e evidentemente a moción é máis particularizada pero sen dúbida este Grupo municipal Socialista comparte co Partido Galeguista o seu sentir aquí reflectido de que hai moitas cuestións que facer nos distintos barrios de Vigo. A realidade é que o esforzo é insuficiente e un Goberno municipal que se

preza de ter gastado preto de trinta mil millóns de investimento ten que facer todo o esforzo en demostrar que quen gasta ten ademais que poñer a cidade tal como esta reclama en todo o seu territorio.

Esa dobre mensaxe de por unha banda dicir que este é o Goberno que máis ten feito en investimento e por outra demandar que a cuestión orzamentaria é a que impide a mellora non é sostible. Esta é unha cuestión parcial de temas que apenas reclaman investimento pero evidentemente, en cuestións de gasto corrente e de gasto de investimento, a cidade require máis e este Goberno debe facelo en Valladares e en todos os lugares en que iso é deficitario. Agradécese a emende a acéptase.

A PRESIDENCIA: A dobre mensaxe moitas veces chama atención porque cando se ten a oportunidade de votar un plan de parroquias e non se fai, é sorprendente.

SR. CABALLERO MÍGUEZ: Agradezo a súa deferencia, cando normalmente actúa de moderadora, para intervir neste Pleno para unha cuestión que este concelleiro presenta como cuestión pequena. Sinxelamente quero lembrar que en outono do ano 2005 foi este concelleiro na súa primeira moción presentada a Pleno que fixo unha moción que instaba ó Goberno municipal a unha maior atención nas políticas de atención ós barrios. O resultado foi que toda a Corporación votou si menos o Partido Popular do Goberno municipal, polo tanto cada quen xulgue a dobre mensaxe.

Naquel debate, como noutros que se teñen producido nesta Corporación, temos visto como o voceiro do Grupo do Partido Popular ten alabado que a súa capacidade de gasto de investimento responde a preto de 200 millóns de euros, dependendo do día das unhas cantidades ou outras. Polo tanto si é salientable unha cuestión: se este Goberno é o que máis gasta eu preguntolle ós cidadáns o mesmo, cren os cidadáns e cidadás de Vigo que os barrios están mellor que nunca? É posible facer un esforzo maior nos barrios?

Se o Goberno alardea de que son os que máis gastan e moitos son os cidadáns e cidadás que din que os barrios están peor que nunca, o suspenso para o Goberno municipal é maior porque se son os que máis gastan e os veciños teñen a conciencia de que os barrios non están tan ben, esa capacidade de gasto non é sinónimo de capacidade de xestión e de provisión de bens públicos. Polo tanto, con todo o meu aprezo e respecto á Presidencia, esta é a posición do Grupo Municipal Socialista e lembro que o tema que se

presenta a votación di "Reclamar ó Goberno municipal que proceda ás tarefas de acondicionamento, limpeza, recuperación e mellora do estado das fontes e lavadeiros de Valladares e do contorno das mesmas, tales como no caso da fonte do Sapo, da fonte do Río das Cortes, da fonte de Seoane, da fonte do Fabás e da fonte das Mouteiras", coa engádegas do Partido Galeguista de que se faga este mesmo esforzo en todas aquelas outras fontes que o requiran dentro do territorio municipal.

SR. SOTO FERREIRO: Eu tiña aquí un faixo de papeis porque sabía que antes ou logo ía xogar ó encarte; crín que non ía ser neste Pleno pero o encarte diumo vostede.

Lembrarán todos vostedes dun Pleno recente no que o Sr. Figueroa dicía que non era certo o que eu dicía sobre as votacións do plan de parroquias cando eu lles dixen que vostedes non quixeron votar o plan que presentou a Federación Veciñal. O Sr. Figueroa díxome que eu estaba trabucado e traio a acta da que logo lle darei unha copia porque non sei se a leron. O Sr. Figueroa puido estar trabucado ese día pero tamén estaba vostede trabucada presidindo e todo o Grupo Popular.

Por se acaso voule mentar unha acta na que se fala dunha votación na que o Partido Socialista se abstén que é xusto cando este concelleiro presenta no nome do Partido Galeguista o plan de parroquias da Federación Veciñal e vostedes e máis o BNG votaron en contra. Asuman a responsabilidade política do que fixeron porque está na acta.

Cando vostede lle di agora ó Sr. Caballero que non votan o plan de parroquias tamen eu lle podo dicir con xustiza que obstruíron o plan de parroquias da Federación Veciñal; permitiron coa súa abstención que se aprobara. Son vostedes, cos seus votos en contra quen non permitiron que ese plan fora adiante. Dígollo con pena porque vostedes dicían defender iso, cousa que na práctica non fixeron porque tiñan outro pacto evidente co Bloque neste tema que a min non me parece nin mal nin ben, sinxelamente que o que teñen que facer e ter a gallardía do explicar, que pactaron co BNG porque lles parece mellor que o da Federación Veciñal e fixérono en uso da súa liberdade política. Pois moi ben, pero realmente acusárnos a outros de dicir cousas que non eran exactas, cando menos estaba rotundamente trabucado.

Emenda formulada polo Sr. Alonso Vázquez, do Grupo municipal do PG, durante o curso do debate:



Que se inclua na moción que se proceda ás tarefas de acondicionamento, limpeza, recuperación e mellora de todas as fontes do termo municipal.

*Vótase a moción do Sr. Caballero Míguez, xuntamente coa emenda formulada polo concelleiro Sr. Alonso Vázquez*

(No momento da votación están ausentes os Sres. Arias Moreira, Figueroa Vila, Iglesias Carrera, López-Chavez Castro, Losada Alvarez e Ruiz Cenicerros)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Reclamar ó Goberno municipal que proceda ás tarefas de acondicionamento, limpeza, recuperación e mellora do estado de todas as fontes municipais, particularmente das fontes e lavadeiros de Valladares e do contorno das mesmas, tales como no caso da fonte do Sapo, da fonte do Río das Cortes, da fonte de Seoane, da fonte do Fabás e da fonte das Mouteiras,

URXENTES:

A.- CAMBIO DE REPRESENTANTE DO GRUPO MUNICIPAL DO PP NO PLENO DA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 27 de novembro, o voceiro do Grupo municipal Popular comunica a substitución como membro do Pleno da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo do concelleiro do devandito grupo D. José Manuel Iglesias Carrera por don José Manuel Figueroa Vila.

(Están ausentes os Sres. Arias Moreira, Figueroa Vila, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Losada Alvarez e Ruiz Cenicerros.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de

régime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e régimen xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteun membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Substituir ó concelleiro pertencente ó Grupo municipal do Partido Popular don José Manuel Iglesias Carrera, polo concelleiro do mesmo grupo don José Manuel Figueroa Vila, como membro do Pleno da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

B.- CAMBIO DE REPRESENTANTES DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA NOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS, MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO E CONSELLO SOCIAL DA CIDADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 24 de novembro de 2006, número 60123907, o voceiro adxunto do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, comunica os seguintes cambios dos representantes do devandito grupo nos organismos autónomos, Mancomunidade de Municipios e Consello Social da Cidade:

INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES

Vocais: D. Abel Losada Álvarez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Xosé Carlos Arias Moreira

PARQUE DAS CIENCIAS VIGO-ZOO

Vocais: D<sup>a</sup> Belén Sío Lourido  
D<sup>a</sup> Alicia Garrido González  
D<sup>a</sup> María Luisa Graña Barcia

ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS

Vocais: D<sup>a</sup> María Luisa Graña Barcia  
D<sup>a</sup> Belén Sío Lourido  
D. Alicia Garrido Fernández

PLENO DA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

D. Abel Losada Álvarez  
D. Gonzalo Caballero Míguez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D<sup>a</sup> Belén Sío Lourido

D<sup>a</sup> María Luisa Graña Barcia

CONSELLO SOCIAL DA CIDADE

D. Xulio Calviño Rodríguez

(Están ausentes os Sres. Arias Moreira, Figueroa Vila, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Losada Alvarez e Ruiz Cenicerros.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,  
ACÓRDASE:

Aprobar os cambios propostos polo voceiro adxunto do Grupo municipal do PSdeG-PSOE dos representantes do devandito grupo nos organismos autónomos, Mancomunidade de Municipios e Consello Social da Cidade, que se transcriben nos antecedentes deste acordo.

18.- (245).-ROGOS E PREGUNTAS.

\* PREGUNTAS E ROGO DA SRA. SÍO LOURIDO, DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE ACTIVIDADES QUE SE REALIZAN NAS RÚAS DA CIDADE.

SRA. SÍO LOURIDO: O que vou presentar é un rogo e ó mesmo tempo tamén vou facer algunha pregunta.

En varios plenos anteriores presentei a miña preocupación polas actividades que se teñen de facer nas rúas, en concreto polo que pasaba na Praza do Berbés. De todos é coñecida a obra da Praza, obra que se fixo no Casco Vello, que todo o que se fixo alí queda deslabazado de todo o Casco Vello, pódelles gustar a uns máis e a outros menos, pero a preocupación dos

veciños e comerciantes da zona, dos restaurantes e da xente en xeral é que non hai actividade, que presenta bastantes cuestións de pouca limpeza, etc. Isto ven ó caso porque se está a arranxar a rúa das ostras e hai preocupación na veciñanza e tamén nos comerciantes da zona, nos bares, etc., de que se remate no prazo e tamén do que poida pasar logo.

A miña preocupación é saber se cando se fan estas obras, está previsto o impacto que poden ter? Tamén se se fai en concordancia con todo o que se vai realizar na zona no futuro porque na miña opinión semellan obras deslabazadas e aínda que sabemos que a rúa das ostras vai ter sempre éxito para os turistas e mesmo para os cidadáns e cidadás de Vigo, o que pode pasar logo nunca o pensamos.

A miña pregunta é: está previsto o impacto que pode ter o arranxo da rúa, vaise ter en conta? Se se vai actuar con medidas adicionais e tamén: está en concordancia con todo o que se pretende realizar na zona?

O ROGO é que cando se fagan actuacións deste tipo se teña en conta o contorno no que se está facendo porque temos a Praza do Berbés por un lado que se acondiciona e non hai un plan de actuación conxunto, si hai un Consorcio do Casco Vello, de acordo, que ten previsto actuar na zona, pero estas actuacións dalgunha maneira están deslabazadas dese plan porque todos sabemos que o Consorcio actúa doutro xeito.

Esas son as miñas preguntas e o meu rogo: que se teñan en conta estas cousas.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias pola súa aportación.

\* ROGO DO SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ, DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, RELATIVO A PETICIÓN DE INFORMACIÓN DA CONCELLERÍA DE SEGURIDADE E MOBILIDADE.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Antes fixen xa unha pequena referencia. O grupo municipal socialista presentou alomenos seis escritos por Rexistro de Entrada cara á Concellería de Seguridade e Mobilidade, algún data do 17 de outubro, do 10 de novembro, etc., que non tivero contestación ata o momento.

Prégolle, Sra. Alcaldesa, que faga a petición pertinente a esa Concellería para que procure transmitir as informacións que se lle solicitan cunha maior urxencia.

En concreto quérome referir a unha das peticións de datos sobre o transporte público desta cidade porque o próximo mes é o mes típico da suba do transporte público por parte da empresa concesionaria e normalmente atopámonos que sempre é practicamente o último día que é posible. Por iso a miña petición incluíría: que se reuna a Comisión Sectorial de Transporte e a Xunta Local de Prezos, non os últimos días senón o máis axiña posible, e sobre todo que se nos transmita tamén toda a información que consecuencia do debate da mesma subida o ano pasado, quedou enriba da mesa, interrompérase mesmo o Pleno para negociar coa empresa unha serie de medidas que non tiveron excesivo éxito pero unha delas foi que iamos contar cunha auditoría da empresa de inmediato, en canto poidera seren realizada e lamentablemente teño entendido que a Concellería de Mobilidade e Seguridade ten esa auditoría dende o verán pero dende logo no noso grupo municipal alomenos non temos esa información e polo tanto queremos pedir toda esa información porque entendemos que é absolutamente vital para o transporte público desta cidade.

Se é posible que sexa na primeira quincena a xuntanza tanto da Comisión Sectorial de Transporte como da Xunta Local de Prezos.

\* ROGO DO SR. ARIAS MOREIRA, DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, RELATIVO Á COLOCACIÓN DE ELEMENTOS VISUAIS NAS RÚAS.

SR. ARIAS MOREIRA: Nos últimos días, con certo asombro vemos como se acumulan ante os nosos ollos moitos elementos visuais moi diversos e en moitos casos contradictorios en distintas partes da cidade pero fundamentalmente nun lugar tan significativo como é a entrada da rúa do Príncipe. Se vostedes van nestes momentos alí poderán ver -supoño que esta mañá non o retirarían- en poucos metros cadrados unha escultura de Mitorajch, unha figura da COW PARADE e ademais está o belén do mobiliario urbano.

Non imos discutir cada unha destas cousas en particular, nin a exposición de esculturas que é unha cuestión de gustos que cada quen valorará como lle pareza, pero en todo caso si que pedimos que se as poñen non sexa todas xuntas porque o resultado é unha especie de "horror vacui", de escapar dunha certa sensación de baleiro que alguén pode ter porque o resultado entón será todo o contrario do pretendido, será a cacofonía, é dicir, ruído visual por todos os lados.

\* PREGUNTA DA SRA. MARTÍNS VILANOVA, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA A XUNTANZA CON MOTIVO DO DESFILE DE RONDALLAS.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: De acordo con distintas informacións que me chegaron teño entendido que o concelleiro responsable da área, Sr. López-Chaves, ten pensado introducir modificacións a respecto do desfile de rondallas do día 1 e con relación a este tema convocou unha reunión de rondallas precisamente para poder estudar diferentes propostas por parte dos participantes.

A miña primeira pregunta é se foron convidadas a participar en dita reunión todas as rondallas deste Concello.

A segunda: no caso de se facer algunha modificación, se nos poderían informar das mesmas.

A PRESIDENCIA: Será respostada.

\* PREGUNTAS DO SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVAS A DIVERSOS TEMAS DA CIDADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 27 de novembro, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula as seguintes preguntas:

"En nome e representación do Grupo municipal do BNG o concelleiro Amador Fernández Fernández ten asumido como propios os acordos que en distintos plenos se teñen tomado por unanimidade, por isto sigo anunciándolle que en cada Pleno ordinario fareille cando menos o recordatorio de seis. Moito me temo de non ter suficientes Plenos na presente lexislatura para lle lembrar a súa ineficacia para cumprir os acordos plenarios. Nesta ocasión formulo e presento por escrito as seguintes preguntas para, a ser posible, sexan coantestadas no próximo Pleno ordinario do mes de novembro do ano que andamos.

1.- Temos xa resposta para mellorar o sinal de TDT? Qué prazos estimados son os previstos para o inicio das obras?

2.- Ten vostede intención de mellorar e mandar reparar o sistema de rega da zona das rúas Urzáiz e Colón controlando roturas e evitando que sigan regando en días de intensa choiva, como sucede actualmente a cotío?

3.- Ten vostede coñecemento do lamentable estado das beirarrúas da rúa Anduriña, das escombres e vertedeiros, dos desperfectos e roturas da zona deportiva e da invasión da maleza nas beirarrúas?

4.- Ten vostede coñecemento ou recorda que o Concello aprobou un proxecto de reforma e reparación do paseo do Lagares dende Balaídos á Xunqueira enviado por Augas de Galicia no ano 2004... e cando pensa reclamar a súa realización?

5.- Temos xa algunha posibilidade de coñecer os prazos de inicio das obras do apseo da Guía por parte do Ministerio de Medio Ambiente?

6.- Canto tempo ten que pasar para que se ordene a reparación da Praza da Estación de Ferrocarril, as pérgolas, escaleiras, etc.?

7.- Actualmente están por fin retomando as obras na Praza do Rei no contorno da Policía Municipal, pensan seguir co resto da praza ou vai permanecer co lamentable estado actual?"

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Anúnciolle seis, a sétima é un engadido e por iso é a miña intervención.

Neste momento por fin, logo do pedir varias veces, estase facendo nunha esquina da Praza do Rei a reposición do que se sacou. A pregunta ten esa velocidade porque eu acostumo a pasear o resto da Praza alomenos unha vez ó mes, está nunha situación de deterioro terrible e como algún fixo o posible para que estivera ben gustaríanos que se mantivera porque se está destrozando pola parte de atrás.

A pregunta é clara: Se actualmente por fin, unha vez que se retoman as obras da Praza do Rei no contorno da Policía Municipal, pensan seguir co resto da Praza ou vai permanecer co lamentable estado actual.

Invítolles a comprobalo nas súas visitas á Xerencia e verán que o que lles digo é certo.

\* O SR. ALONSO VÁZQUEZ, DO GRUPO MUNICIPAL DO PG, REITERA PREGUNTA FORMULADA NO ÚLTIMO PLENO RELATIVA A GASTOS DA AUTORIDADE PORTUARIA EN PROPAGANDA.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: No último Pleno fíxenlle unha pregunta: Cánto gastou o actual Presidente da Autoridade Portuaria dende que está no cargo en propaganda? Gustaríame que se me respostara.

A PRESIDENCIA: Non teño a resposta pero xa a trasladei ó Presidente da Autoridade Portuaria; cando me resposte parsareilla a vostede.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e quince minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.